

**PROTOCOLO DE ACTUACIÓN MUNICIPAL
PARA ATENCIÓN AS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO
NO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA**

INDICE

Páxinas

PRESENTACIÓN.....	6	
1.- INTRODUCCIÓN.....	8	
2.- A VIOLENCIA DE XÉNERO: CONCEPTUALIZACIÓN XERAL.....	12	
2.1.- CAUSAS VIOLENCIA.....	14	
2.2.- O PROCESO VIOLENCIA.....	15	
2.3.- INDICADORES PARA A DETECCIÓN DA VIOLENCIA E DOS MALOS TRATOS.....	16	
3.- O PROTOCOLO DE INTERVENCIÓN: OBXECTIVOS E METODOLOXÍA.		21
3.1.- INSTITUCIÓNS E DEPARTAMENTOS INTERVÍNTES.....		22
4.- O PROTOCOLO: PROCEDEMENTOS DE INTERVENCIÓN COORDINADA.....	27	
4.1.- AMBITO DE INTERVENCIÓN DA SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO.....	27	
4.2.- AMBITO DE INTERVENCIÓN DAS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE.....	28	
4.3.- AMBITO DE INTERVENCIÓN DO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA DE XINZO.....	36	
4.4.- AMBITO DE INTERVENCIÓN DO COLEXIO DE AVOGADOS DE OURENSE.....	39	
4.5.- AMBITO DE INTERVENCIÓN DOS SERVIZOS SANITARIOS....		40
4.5.1.- Entrevista Clínica.....		43
4.5.2.- Parte de Lesións.....		44
4.5.3.- Orde de Protección.....		45
4.5.4.- Valoración do Risco.....		45
4.5.5.- A Historia Clínica.....		45
4.5.6.- Actuación do Persoal Sanitario ante unha Agresión Sexual.....	46	
4.6.- AMBITO DE INTERVENCIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN PRIMARIA.....	47	
4.6.1.- Atención á Muller Víctima de Violencia ou Maltrato...		49
4.6.1.1.- Valoración e Derivación.....	53	
4.6.1.2.- Seguimento de Evolución da Víctima.....	54	
4.6.2.- Atención á Mulleres con Discapacidade que sofren Violencia De Xénero.....	54	
4.6.3.- Atención á Mulleres Inmigrantes que sofren Violencia de Xénero.....	55	
4.6.4.- Actuacións de Constitución co Sistema Social para Prevención e Erradicación da Violencia de Xénero, a través dos Recursos que Integran a Rede Galega de Servizos e Centros de Atención ás Mulleres Vítimas de Violencia.....		56
4.7.- AMBITO DE INTERVENCIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO.....		59
4.7.1.- Intervención desde o Departamento de Educación....		60
5.- SEGUIMENTO DO PROTOCOLO.....	64	
6.- PROPOSTAS FINAIS.....	66	
7.- CONCLUSIÓNS.....	69	
8.- ANEXOS.....	72	
8.1.- ANEXO XURÍDICO.....	72	
9.- REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.....	83	

COMITÉ DE ELABORACIÓN

COMITÉ DE ELABORACIÓN E DE EXECUCIÓN DO PROTOCOLO

O Comité de Elaboración do Protocolo, está formado polo seguinte equipo técnico:

Coordinación Técnica: Purificación Álvarez Villamarín e Xosé Luis Saburido Novoa.

Redacción: Xosé Luis Saburido Novoa.

Colaboracións e Asesoramento Técnico:

Subdelegación do Goberno: Purificación Álvarez Villamarín.

Xulgado de Primeira Instancia: Miguel Angel Ruiz de Almirón Slunchg.
e M^a del Carmen Sobrado Bernández.

Colexio de Avogados de Ourense: Pilar López-Guerrero Vázquez.

Forzas e Corpos de Seguridade: José Novoa Garrido; José Lama Fernández,
Victor Manuel Fernández Rodríguez

EMUME: Rosa María Miguélez Álvarez

Policía Local: Germán Bolaño Villalba e Simplicio González González

Dpto. de Atención á Muller: Susana Garrido Domuiño e Xosé Luis Saburido Novoa.

Dpto. de Servizos Sociais: Gonzalo Opazo Marra; Begoña López Castillo;
Ana López Castillo e Elena Feijóo Rodríguez
(Concello de Xinzo de Limia).

[Susana Viso Torzal \(Concello de Sandiás\).](#)

[Tamara Portela \(Concello de Vilar de Santos\).](#)

[Tamara Valencia Mouteira \(Concello de Porqueira\).](#)

[Raquel Gómez Rúa \(Concello de Vilar de Barrio\).](#)

[Socorro Rúa \(Concello de Sarreaus e Trasmiras\).](#)

Dpto. de Educación Social e Apoio Familiar: Xosé Losada Enríquez;
Elisa Brea Cid; Concepción Blanco Blanco.

Dpto. de Sanidade: Mercedes Ignacia Ferreiro González.

Dpto. de Educación: Concepción Rúa González, Manuel Cid Pérez,

Josefa Barge Rúa, Ana M^a Sarria Sánchez.

Dpto. de Emprego e Desenvolvemento Rural: Cándida Cid Méndez

A posta en marcha e execución deste **PROTOCOLO**, coordinarase a través da Comisión para o Tratamento Integral da Violencia de Xénero do Concello de Xinzo, quen se encargará de coordinar e impulsar as diferentes actuacións que recolle este documento en cada departamento implicado. Así coma da posta en común de cada caso de violencia de xénero e maltrato que se someta a análise.

PRESENTACIÓN

PRESENTACIÓN

A Concellería de Igualdade e Benestar do Concello de Xinzo, propúxose como obxectivo para os vindeiros anos, elaborar un protocolo de actuación municipal para a atención integral das vítimas de violencia de xénero, proporcionando un soporte técnico ás actuacións municipais nesta materia; promovendo a coordinación operativa cos diferentes departamentos e entidades que prestan servizos dirixidos á muller, a través dunha coordinación interdepartamental que facilite a toma de decisión.

Na sesión plenaria do Concello de Xinzo de Limia, celebrado en _____, acordouse crear unha Comisión para o Tratamento Integral da Violencia de Xénero. Presídea a Concelleira de Igualdade e Benestar do Concello de Xinzo, e forman parte dela, a Unidade de atención á muller da Subdelegación do Goberno de Ourense, o Xulgado de Primeira Instancia de Xinzo de Limia, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, O Equipo Muller-Menor (EMUME) das Unidades Orgánicas da Policía Xudicial, a Policía Local, o Centro de Información á Muller, os Servizos Sociais de Atención Primaria, a Oficina de Educación Social e Apoio Familiar, o Centro de Saúde, os Centros de Ensino, e os Servizos Sociais de Atención Primaria. Esta comisión reuniuse por primeira vez en _____

Esta Comisión, presta apoio técnico e orienta sobre a planificación de medidas de actuación coordinada coas mulleres vítimas de violencia de xénero. Ademais, avalía e propón as actuacións necesarias para a aplicación do protocolo e de calquera outra medida que se estime axeitada para contribuir á erradicación desta forma de violencia; así como o desenvolvemento de programas de sensibilización e formación continuada do persoal técnico, que permitan impulsar un diagnóstico precoz, a asistencia e rehabilitación da muller maltratada.

O PROTOCOLO que agora presentamos é o primeiro sobre esta materia que se propón para a súa aplicación no conxunto do Concello de Xinzo. O seu obxectivo é proporcionar ós profesionais dos distintos departamentos, unhas pautas de actuación homoxéneas nos casos de violencia dirixida de forma específica contra as mulleres, tanto na atención e seguimento, coma na prevención e diagnóstico temperá. Esperamos que sexa de especial utilidade para os/as profesionais, xa que é a este nivel onde se ten o contacto máis inmediato e directo coas vítimas de violencia de xénero.

Con esta iniciativa impúlsase o esforzo do Concello de Xinzo para afrontar este problema, e dase cumprimento ao mandato legal. O Protocolo, aprobouse polo Pleno do Concello de Xinzo, na súa reunión de _____. Na súa confección tiveronse en conta o criterio de numerosos expertos e a labor xa desenvolvida nalgúns Comunidades Autónomas. O traballo foi minucioso e moi participativo, polo que desexo agradecer o seu esforzo a todos os que formaron parte del.

1.- INTRODUCCIÓN

1. INTRODUCCIÓN.

A Violencia contra as mulleres xenerou nos últimos tempos, polo seu alcance e gravidade, un proceso de toma de conciencia social, que levou a recoñecela como un grave problema social, e polo tanto, unha cuestión pública, pódose de manifesto que as causas están claramente vinculadas á estrutura de poder patriarcal, onde as mulleres ven ameazadas a súa vida polo simple feito de selo.

A Organización das Nacións Unidas, na **IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres** (1995), definiu a violencia contra as mulleres como *“unha manifestación das relacións de poder historicamente desiguais entre mulleres e homes, que viola e menoscaba os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, polo que representa un obstáculo para acadar os obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz”*. Tamén a **Organización Mundial da Saúde** declarou a violencia de xénero como *“un problema de Saúde Pública en todo o mundo e a identifica como factor crucial no deterioro da saúde, tanto pola súa magnitude, como polas súas consecuencias”*. Prodúcese en tódolos países e ámbitos, tanto no mundo doméstico como no público e exerce contra mulleres de calquera idade, raza ou condición social (OMS, 1998).

A Comarca da Limia, ven rexistrando ao longo dos últimos anos, un número de denuncias considerable por malos tratos producidos pola parella ou a exparella. Dada a magnitude desta problemática, tanto a nivel autonómico como estatal aprobáronse un conxunto de textos legais co obxectivo de dar unha resposta axeitada, mediante o desenvolvemento de medidas destinadas á creación dun sistema integral de prevención e protección das mulleres contra a violencia de xénero, a fin de erradicala. Desde esta perspectiva, destaca a aprobación da **Lei Orgánica 1/2004, de 28 de abril, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero**, que ten por obxecto actuar sobre a violencia que se exerce sobre as mulleres por parte de quen sexan ou fosen os seus cónxuxes, ou de quen estén ou estiveran ligados a elas por relación similares de afectividade, con ou sen convivencia, e baseadas principalmente, en relación de poder ou sometimento da muller polo feito mesmo de selo. A lei establece medidas de protección coa finalidade de previr, asistir ás vítimas, sancionar e erradicar a violencia. Asimesmo, no seu artigo 32, recóllese a necesidade de articular *“protocolos de actuación”* que determinen os procedementos que aseguren unha actuación global e integral das distintas Administracións e servizos implicados, e que garanten a actividade probatoria nos procesos que se sigan. Tamén a Comunidade Autónoma de Galicia dotouse de instrumentos xurídicos para combater a violencia contra as mulleres, adaptados as súas singularidades. Trátase da **Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero (DOG Nº 152 do 7 de agosto)**, a través da que se crea o Sistema Galego Integral de Prevención e Protección das Mulleres contra a Violencia de Xénero, onde se articulan unha serie de medidas, servizos e prestacións que ten como finalidade a prevención das situacións de violencia contra as mulleres e a asistencia, protección e reinserción das vítimas, otorgándolle así un certo recoñecemento institucional. Igualmente, o Goberno de Galicia, consciente da necesidade de previr e erradicar a violencia de xénero, aprobou o **V Plan do Goberno Galego para a Igualdade entre Mulleres e Homes 2007-2010**, e o concello de Xinzo de Limia no ano 2008, aprobou o **II Plan de Igualdade de Oportunidades para mulleres da Limia (2008-2011)**, cunha liña estratéxica titulada *“Violencia*

contra as Mulleres”, cunha finalidade de orientar a resposta das institucións a todas as manifestacións do fenómeno da violencia de xénero na Limia, a través da creación, dotación e consolidación de mecanismos de asistencia e o desenrolo de estratexias preventivas para a modificación das estruturas e crenzas que lexitiman esta forma de violencia.

É precisamente no marco da consecución dun dos obxectivos marcados neste Programa, referido á “Consolidación de estruturas de coordinación e sistemas de control da eficacia das actuacións “, no que se encaixa a elaboración do presente “ **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN MUNICIPAL PARA A ATENCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA** “, que a súa vez ven a dar cumprimento ó imperativo legal recollido no apartado catro do artigo 19 da devandita ***Lei Organica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero***, que convoca a todos os servizos destinados á asistencia social integral, a actuar coordinadamente e en colaboración cos Corpos de Seguridade, os Xuizes de Violencia sobre a Muller, os Servizos Sanitarios e as Institucións encargadas de prestar asistencia xurídica ás vítimas, do ámbito xeográfico correspondente. Os organismos e institucións públicas deben ser o motor para que os cambios, que as leis, en orde á igualdade e á erradicación da violencia de xénero, sexan unha realidade. Ten unha responsabilidade especial en orde a previr, denunciar e condenar as condutas violentas e discriminatorias, así como a obrigación de adoptar medidas firmes que permitan un despliegue ordenado e eficaz de estratexias dirixidas á prevención e erradicación desta lacra social que vulnera os dereitos fundamentais das mulleres.

A dita finalidade responde este Protocolo de Coordinación, que pretende ser, ante todo, un instrumento útil para mellorar a eficacia e fortalecer a resposta na atención ás mulleres que sofren violencia de xénero, na coordinación das actividades de determinadas institucións que interveñen contra este fenómeno, mediante o deseño e implantación de procedementos que, dun lado, supoñan novas relacións de coordinación entre os axentes implicados e, doutro xeren unha gran sinerxia entre os protocolos internos xa existentes no ámbito propio de cada unha das institucións. O documento que se presenta foi produto da posta en común da experiencia das diferentes institucións implicadas na intervención fronte á situación de violencia de xénero, as que participaron asiduamente en cada reunión trimestral programada na Mesa Institucional para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero, impulsada polo Concello de Xinzo, na que se trataron diferentes puntos e cuestións:

- *Coñecer os diferentes instrumentos ou protocolos utilizados por cada unha das institucións representadas na Mesa.*
- *Detectar os elementos que xeneran disfuncións importantes na atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, desde os diversos ámbitos de actuación, especialmente pola falta de coordinación interinstitucional, co ánimo de correxilos.*
- *Desenrolar un plan de traballo para a confección dun Protocolo, que plasme o resultado do traballo realizado e a posta en común das experiencias desde as diversas institucións participantes.*
- *Deseñar un instrumento útil para a coordinación e poder así ofrecer ás mulleres vítimas de violencia de xénero, na Comarca da Limia, unha atención institucional máis axeitada.*

- *Especificación e tratamento puntual de casos de violencia e maltrato, que polas súas características resulten difíciles de tratar ou avaliar.*

Confiamos en que este traballo sirva para mellorar a comunicación e colaboración entre as institucións implicadas, que sente as bases para afondar nas xa existentes e permita continuar deseñando estratexias dirixidas a optimizar os esforzos e/ou desenrolar novas actuacións que, incontestablemente, suporán, como resultado do traballo conxunto, unha maior eficiencia e eficacia na resposta institucional contra a violencia de xénero.

Os e as profesionais que traballamos na elaboración deste Protocolo, en representación das institucións participantes, somos perfectamente conscientes de que este instrumento é sólo un paso, aunque importante, en aras a acadar un correcto tratamento desta problemática social.

2.- A VIOLENCIA DE XÉNERO: CONCEPTUALIZACIÓN XERAL

2.- A VIOLENCIA DE XÉNERO: CONCEPTUALIZACIÓN XERAL.

Tal como se recolle no artigo 3 da Declaración do 20 de decembro de 1993, sobre a eliminación da violencia contra as mulleres: “ *as mulleres ten dereito, en condicións de igualdade, ao goce e a protección de tódolos dereitos humanos e liberdades fundamentais na esfera política, económica, social, civil e de calquera outra índole* ” (Res AG 48/104 de Nacións Unidas).

A violencia de xénero constitúe un atentado aos dereitos fundamentais das persoas, polo que os Estados deben intervir para promover as condicións que fagan posible o seu pleno disfrute para toda a cidadanía.

A Comunidade Internacional, a Unión Europea e Galicia, promoveron unha importante e abundante normativa que evidencia o compromiso dos Póderes Públicos para enfrontarse a esa lacra social, tamén por desgracia presente na nosa Comunidade.

A Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, fai referencia a violencia de xénero como “ *calquera acto de violencia ou agresión baseado nunha situación de desigualdade, no marco dun sistema de relación de poder dos homes sobre as mulleres, e de abuso xeralizado da violencia como forma de relación entre as persoas, que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluíndo as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria de liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada* ”.

A violencia de xénero no ámbito familiar, tamén chamada violencia doméstica, é unha forma particularmente perversa de violencia, onde o terror do abuso físico, psicolóxico, sexual e económico son frecuentes. É por elo que é precisa unha atención integral, coa finalidade de erradicar definitivamente esta forma de violencia, o que significa combatila e tamén previla. É un fenómeno estrutural, complexo e multicausal. Non é un problema derivado, é un problema social e a súa erradicación, polo tanto require unha consideración e tratamento multidisciplinar e coordinado desde diferentes ámbitos, así como unha intervención protocolizada.

Enténdese por **Violencia de Xénero** todo “ *acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller; así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto si se producen na vida pública coma na vida privada* ” (Resolución da Asemblea Xeral das Nacións Unidas de 1993).

O Consello da Unión Europea, distingue seis tipoloxías de violencia de xénero, coas súas diferentes manifestacións:

- **Violencia Física:** *comprende calquera acto non accidental que implique o uso deliberado da forza, e inclúe todo tipo de agresións corporais, empurróns,*

golpes, ataques con armas, mordeduras, queimaduras, estrangulamentos, amputacións, mutilacións...

- **Violencia Sexual:** *comprende calquera tipo de actividade sexual non consentida: visionado de pornografía ou de actos sexuais, tráfico e explotación na industria do sexo, acoso sexual, casamentos forzados, diferentes formas de mutilación sexual feminina, ou uso de escravas sexuais nas guerras e, actualmente, o cibersexo... Este tipo de Violencia ocorre sempre que se impón á muller un comportamento sexual contra a súa vontade, se produza por parte da súa parella ou por outras persoas. As **agresións sexuais** comprenden calquera atentado contra a liberdade sexual doutra persoa, realizado con violencia ou intimidación. Dentro destas atópase a violación: cando a agresión sexual consiste na penetración co órgano sexual por vía vaxinal, anal ou bucal ou a introducción de calquera clase de obxecto ou membros corporais (por exemplo os dedos) por vía vaxinal ou anal. Pero tamén existe agresión sexual cando se atenta contra a liberdade sexual da muller, aunque elo non implique contacto físico entre ésta e o agresor (obrigaría a masturbarse ou manter relacións sexuais con terceiros). Os **abusos sexuais**, comprenden tamén calquera atentado contra a liberdade sexual doutra persoa, pero realizado sin violencia nin intimidación, aunque sempre sin que medie o consentimento de dita persoa. Considéranse abusos sexuais non consentidos (ademais dos que se executan sobre menores de 13 anos) aqueles nos que o consentimento obtense prevaléndose o responsable dunha situación de superioridade manifesta que coarte a liberdade da vítima. No ámbito laboral o **acoso sexual** é tamén unha forma de violencia contra a muller. Existe cando se solicita á muller (para sí, ou para un terceiro) favores de natureza sexual, provocando con elo na vítima unha situación obxectiva e gravemente intimidatorio, hostil e humillante. Existen outras formas de violencia sexual, como son as mutilacións sexuais, tráfico de nenas e mulleres ou o turismo sexual, entre outras. Estas formas de violencia tamén se inclúen dentro da violencia de xénero.*
- **Violencia Psicolóxica:** *trátase dunha conducta intencionada e prolongada no tempo, que atenta contra a integridade psíquica e emocional da muller e contra a súa dignidade como persoa, e que ten como obxectivo impoñer as pautas de comportamento que o home considera que debe ter a súa parella. As súas manifestacións son as ameazas, insultos, humillacións o vexacións, a esixencia de obediencia, o illamento social, a culpabilización, a privación de liberdade, o control económico, a chantaxe emocional, o rexeitamento ou o abandono, e actualmente o ciberacoso. Este tipo de violencia non é tan visible coma a física ou a sexual, é máis difícil de demostrar, e en moitas ocasións non é identificada pola vítima como tal senon como manifestacións propias do carácter do agresor. Ademais no caso da violencia exercida contra as mulleres pola parella ou exparella, deben terse en conta dos elementos importantes: a reiteración dos actos violentos e a situación de dominio do agresor, que utiliza a violencia para o sometimento e control da vítima.*

- **Violencia Estructural:** *fórmase a partir da imposición dunha serie de barreiras invisibles e intanxibles, inseridas na propia organización social e cultural, firmemente arraigadas e que se reproducen diariamente limitando as opcións e os dereitos básicos das mulleres a través das grandes desigualdades de xénero ou das microdesigualdades cotiáns...*
- **Violencia Económica:** *entendida coma a desigualdade no acceso aos recursos e, en xeral, ao emprego, á educación, á sanidade, á vivenda e, tamén, é a destrución por parte do maltratador de bens materiais da vítima, e á independencia no manexo dos cartos das mulleres.*
- **Violencia Espiritual:** *reférese ás conductas que obrigan á muller a aceptar un sistema de crenzas culturais ou relixiosas determinado ou que procuran erosionar ou destruír as súas crenzas a través do ridículo ou do castigo.*

Nos últimos anos o tema da violencia doméstica e as mulleres vítimas de malos tratos non deixaron de perder actualidade, debido entre outras cuestións, a que vimos asistindo a unha sucesión de asasinatos de mulleres en mans das súas exparellas ou compañeiros. Ante esta grave situación a sociedade limiá no seu conxunto e as asociacións de mulleres rurais expresaron a súa repulsa e indignación.

A violencia contra as mulleres non é un problema individual ou privado, senón fundamentalmente social, e é preciso que a sociedade e as institucións interveñan. Tampouco é un problema puntual e actual, senón unha manifestación derivada das relacións de poder historicamente desiguais entre homes e mulleres. A violencia contra as mulleres é un obstáculo para acadar os obxectivos de igualdade, desenrolo e paz, que todos e todas perseguimos, e viola e menoscaba o disfrute dos Dereitos Humanos e Liberdades Fundamentais, é en definitiva un atentado contra a integridade física e psicolóxica das mulleres, e incumbe ás institucións tomar medidas ao respecto.

Por estudos recentes, sabemos que este grave problema, afecta no noso país a máis de dous millóns de mulleres, e tamén que a consideración destas situacións como problema privado favoreceu o mantemento e extensión do problema e propiciou a indefensión e illamento das vítimas.

Ante a gravidade do problema, deberanse crear recursos e novas medidas que permitan o seu tratamento integral e tódolos factores intervinientes no mesmo.

A Concellería de Igualdade e Benestar do Concello de Xinzo, establece un programa de actuacións na nosa Comarca, que complementan o que realizan outras institucións e inclúe a información, a sensibilización, a atención ás vítimas, a prevención e a investigación, e por suposto a atención integral ás mulleres vítimas de violencia a través deste PROTOCOLO DE ACTUACIÓN.

2.1.- CAUSAS DA VIOLENCIA

Os principais factores determinantes da violencia de xénero son a relación desigual entre homes e mulleres e a existencia da “*cultura da violencia*” como medio para resolver os conflitos.

A violencia contra as mulleres é estrutural. A violencia non se debe a rasgos singulares e patolóxicos dunha serie de individuos, senon que ten rasgos estruturais dunha forma cultural de definir as identidades e as relacións entre os homes e as mulleres. A violencia contra as mulleres prodúcese nunha sociedade que mantén un sistema de relacións de xénero que perpetúa a superioridade dos homes sobre as mulleres e asigna diferentes atributos, roles e espazos en función do sexo. Ata fai non moitos anos, a restricción no desenrolo persoal e social das mulleres, a esixencia da súa dedicación exclusiva á familia, o seu deber de acatar a autoridade masculina, eran consideradas como algo normal e natural, validado polas costumes e a lei. Neste contexto tolerábase socialmente que os homes utilizasen a violencia para afianzar a autoridade. Actualmente existe unha menor tolerancia social hacia a violencia. Sin embargo, moitas mulleres aínda soportan un alto grao de violencia, tanto nas súas relacións de parella coma fora delas. Isto sucede en todas as clase sociais, relixións e niveis educativos. En definitiva, o factor principal de risco para a violencia contra as mulleres é, precisamente, o feito de ser muller.

A violencia contra as mulleres é ademais instrumental. O poder dos homes e a subordinación das mulleres, que é un rasgo básico do patriarcado, require dalgún mecanismo de sometimento. Neste sentido, a violencia contra as mulleres é o modo de afianzar ese dominio. A violencia de xénero máis que un fin en sí mesmo, é un instrumento de dominio e control social. E neste caso utilízase como mecanismo de mantemento do poder masculino e de reprodución do sometimento feminino. Os homes maltratadores aprenderon a través do proceso de socialización – que é diferente para mulleres e homes - que a violencia é a mellor forma de conseguir o control e dominar á muller.

Argumentouse que o consumo de alcohol e outras drogas é causa das condutas violentas. Aunque o consumo de alcohol e outras sustancias asóciase a miúdo a situacións de violencia, tamén hai homes que abusan do alcohol sin que por elo manifesten un comportamento violento e moitas agresións contra as mulleres exércense en ausencia de alcohol.

Argumentouse tamén que certas características persoais das mulleres que padecen violencia de xénero poderían ser a causa de maltrato. Por exemplo, algunhas corrientes recurriron a características de masoquismo ou de patoloxías como a histeria ou o trastorno de personalidade dependente, para explicar por qué algunhas mulleres permanecen ou regresan a unha relación de maltrato. Na actualidade existe suficiente coñecemento documentado que demostra que non existen características psíquicas diferentes antes do inicio do maltrato entre as mulleres que o sofren e as que non, senon que os trastornos e problemas psicolóxicos das mulleres maltratadas son unha consecuencia do maltrato e non a causa.

2.2.- O PROCESO DA VIOLENCIA

No caso da violencia de parella, o máis frecuente é o comezo do maltrato con condutas de abuso psicolóxico no inicio da relación, que sóen atribuírse ós ciúmes do home ou o seu afán de protección da muller. Sóen ser condutas restrictivas e controladoras que van minimizando a capacidade de decisión e autonomía da muller, producindo dependencia, illamento e temor, como por exemplo o control sobre a roupa, as amizades ou as actividades.

O aumento progresivo da violencia pode extenderse durante un longo período de tempo, e sóe ser difícil para a vítima darse conta do proceso no que está inmersa. A **Teoría do Ciclo da Violencia de Leonor Walter** plantexa que este fenómeno comprende tres fases:

- **Acumulación de tensión:** *caracterízase por unha escalada gradual da tensión, onde a hostilidade do home vai en aumento sin motivo comprensible e aparente para a muller. Intensifícase a violencia verbal e poden aparecer os primeiros indicios de violencia física. Preséntanse como episodios illados que a muller cree poder controlar e que desaparecerán. A tensión aumenta e acumúlase.*
- **Explosión ou agresión:** *estalla a violencia e prodúcense as agresións físicas, psicolóxicas e sexuais. É nesta fase onde a muller sóe denunciar ou pedir axuda.*
- **Calma ou reconciliación ou lúa de mel:** *nesta fase o agresor manifesta que se arrepinte e pide perdón á muller: Utiliza estratexias de manipulación afectiva (agasallos, caricias, disculpas, promesas) para evitar que a relación se rompa. A muller a miúdo pensa que todo cambiará. Na medida que os comportamentos violentos vanse afianzando e gañando terreo, a fase de reconciliación tende a desaparecer e os episodios violentos aproxímanse no tempo.*

Sin embargo, aunque o ciclo da violencia é moi frecuente nas relacións de parella onde se da maltrato, non se observa en tódolos casos. Recientemente describiuse outra forma de relación violenta onde hai unha situación contínua de frustración e ameaza pero onde sólo de forma ocasional aparece a agresión física. Esta chamada “forma moderada de violencia” sería difícil de detectar que as outras formas máis severas de abuso.

Ó longo do proceso de violencia a muller sofre unha perda progresiva de autoestima, e perde tamén as esperanzas de cambio da situación, aumentando a sumisión e o medo hacia o agresor. Para o home maltratador será a ratificación de que a súa estratexia funciona. Todo isto fai difícil que a muller rache a súa relación. Por iso, cando unha muller pide axuda, debe recibir en todas as ocasións apoios concretos para cambiar a súa situación, respetando e non culpabilizándoa polas súas decisións. É importante que comprenda que a violencia continuará e irá en aumento, e non poderá corregir a conducta do seu agresor, para que sexa consciente do perigo que corre.

2.3.- INDICADORES PARA A DETECCIÓN DA VIOLENCIA E DOS MALOS TRATOS

A muller sofre unha perda progresiva de autoestima, e perde tamén as esperanzas de cambio da situación, aumentando a sumisión e o medo hacia o agresor. Para o home maltratador será a ratificación de que a súa estratexia funciona. Todo isto fai difícil que a muller rache a relación. Por iso, cando unha muller pide axuda, debe recibir en todas as ocasións apoios concretos para cambiar a súa situación, respetando e non culpabilizándoa polas súas decisións. É importante que comprenda que a violencia continuará e irá en aumento, e que non poderá corregir a conducta do seu agresor, para que sexa consciente do perigo que corre.

O uso dos indicadores pode axudar na detección dos malos tratos e determinar a severidade e amplitude do maltrato aplicado. Así, podemos presentar de forma esquemática os seguintes indicadores que poden axudar, aos/ás profesionais dos servizos sociais a detectar e previr situacións de violencia.

Detección de Actitudes no Agresor Favorables á Agresión:

- *Resolve os conflitos con hostilidade.*
- *Emprega argumentos que inclúen insultos.*
- *Usa a ameaza como medio de control.*
- *Non acepta o rexeitamento.*
- *Proxecta emocións extremas sobre outras persoas: amor, odio...*
- *Vixía ou persegue á muller.*
- *Cambios constantes no estado de ánimo.*
- *Control estricto do diñeiro para saber que compra, con quen se relaciona...*
- *Rompe cousas cando se enfada.*
- *Esixe cariño e atención completa.*
- *Excesivamente celoso e posesivo.*

Indicadores Psicolòxicos que Presentan as Mulleres que Sofren Violencia de Xénero:

- *Íllase socialmente.*
 - *Ansiedade.*
 - *Conducta autodestrutiva.*
 - *Confusión e definicións vagas do suceso.*
 - *Defensa do rol masculino constante, gavanza constante da importancia da figura masculina.*
 - *Depresión.*
 - *Dificultades de concentración.*
 - *Calafríos.*
 - *Falta de alento ou sensación de afogamento.*
 - *Irritabilidade, mostra unha actitude defensiva.*
 - *Mostra de sentimentos de culpabilidade.*
 - *Náuseas.*
 - *Pouco comunicativa, con escasas habilidades sociais.*
 - *Suoración.*
 - *Temor.*
 - *Tende a desvalorizarse.*
 - *Trastornos do soño.*
- *Trastornos alimenticios (bulimia, anorexia).*
 - *Vergoña.*

Indicadores Físicos na Vítima de Malos Tratos:

- *Rabuñadas.*
- *Discapacidades non explicadas.*
- *Dores crónicas: dores de cabeza, palpitacións, dor abdominal, de costas, pelviana...*

- *Frácturas de diversa índole: nariz, cranio, mandíbula...*
- *Lesións en órganos internos.*
- *Perforacións de tímpano.*
- *Mordeduras.*
- *Problemas dentais.*
- *Queimaduras de cigarros nas pernas, torso...*

Indicadores de Violencia Sexual:

- *Ansiedade.*
- *Condutas autolíticas.*
- *Disfunción sexual.*
- *Hematomas e feridas na parte inferior dos coxas, peitos...*
- *Insomnio.*
- *Temor.*
- *Vergoña.*

O agresor presenta tamén unha serie de indicadores que, nalgúns casos, deixarán entrever que a muller se atopa nunha situación de perigo inminente de sufrir malos tratos:

- *É despectivo e irónico.*
- *Insulta e humilla a súa parella.*
- *Crea relación de poder-dependencia.*
- *Non lle permite traballar.*
- *Desvalorízaa diante dos fillos/as.*
- *Non respecta as opinión da muller.*
- *Pon dificultades para que a muller se relacione.*

Indicadores de Saúde Física e Psicolóxica:

Consecuencias Fatais:

- *Morte (por homicidio, suicidio...).*

Consecuencias na Saúde Física:

- *Lesións diversas: contusións, traumatismos, feridas, queimaduras... que poden producir discapacidade.*
- *Deterioro Funcional.*
- *Síntomas físicos inespecíficos (por exemplo cefaleas).*
- *Pior saúde.*

Consecuencias en Condicións Crónicas de Saúde:

- *Dor crónica.*
- *Síndrome do intestino irritable.*
- *Outros trastornos gastrointestinais.*
- *Queixas somáticas.*

Consecuencias na Saúde Sexual e Reprodutiva:

- *Por relacións sexuais forzadas: perda de desexo sexual, trastornos mestruais, enfermidades de transmisión sexual incluído o VIH/SIDA, sangrado e fibrose vaxinal, dispareunia, dor pélvica crónica, infección urinaria, embarazo non desexado.*

Consecuencias na Saúde Psíquica:

- *Depresión.*
- *Ansiedade.*
- *Trastornos do Soño.*
- *Trastornos por estrés postraumático.*
- *Trastornos da conducta alimentaria.*
- *Intento de suicidio*
- *Abuso de alcohol, drogas e psicofármacos.*

Consecuencias na Saúde Social:

- *Illamento Social.*
- *Perda de emprego.*
- *Absentismo laboral.*
- *Disminución do número de días da vida saudable.*

Consecuencias na Saúde das Fillas e Fillos:

- *Risco de alteración do seu desenrolo integral.*
- *Sentimentos de ameaza.*
- *Dificultades de aprendizaxe e socialización.*
- *Adopción de comportamentos de sumisión ou violencia cos seus compañeiros e compañeiras.*
- *Maior frecuencia de enfermidades psicosomáticas.*
- *A miúdo son vítimas de maltrato por parte do pai.*
- *Violencia transxeracional con alta tolerancia a situacións de violencia.*
- *A violencia pode tamén afectar a outras persoas dependentes da muller e que convivan con ela.*

Ó longo do proceso da violencia:

- *A muller sofre unha perda progresiva de autoestima, e perde tamén as esperanzas de cambio da situación, aumentando a sumisión e o medo hacia o agresor. Para o home maltratador será a ratificación de que a súa estratexia funciona. Todo isto fai difícil que a muller rache a relación. Por iso cando unha muller pide axuda, debe recibir en todas as ocasións apoios concretos para cambiar a súa situación, respetando e non culpabilizándoa polas súas decisións. É importante que comprenda que a violencia*

continuará e irá en aumento, e que non poderá correxir a conducta do seu agresor, para que sexa consciente do perigo que corre.

3.- O PROTOCOLO DE INTERVENCIÓN: OBJECTIVOS E METODOLOXÍA

3.- O PROTOCOLO DE INTERVENCIÓN: OBXECTIVOS E METODOLOXÍA.

O **obxectivo xeral** deste protocolo é *establecer unha pauta de actuación normalizada e homoxénea para o Concello de Xinzo de Limia, tanto para a detección precoz como para a valoración e actuación ante os casos detectados e o seguimento dos mesmos. A finalidade última é ofrecer orientacións ao personal das distintas administracións para a atención integral (física, psicolóxica, emocional e social) ás mulleres que sofren violencia de xénero.*

Este protocolo inclúe calquera tipo de violencia e malos tratos exercida contra as mulleres, independente de quen sexa o agresor, aunque as actuacións ás que se refire están máis centradas na violencia exercida pola parella ou exparella, por ser as formas de violencia máis comúns no noso país.

No caso de agresións sexuais, a atención e actuación sanitaria é específica dadas as medidas e implicacións médico-forenses e legais que conleva.

Este protocolo ten ademais outros **obxectivos específicos**:

- *Sensibilizar ó persoal das distintas administracións implicadas sobre a gravidade da violencia contra as mulleres como un problema social.*
- *Promover a capacitación das mulleres que sofren maltrato para o recoñecemento da súa situación e para a búsqueda de solucións ao respecto.*
- *Contribuir desde o Concello de Xinzo de Limia á sensibilización da poboación xeral sobre esta problemática.*
- *Mellorar a detección, asistencia e intervención en situación de violencia contra as mulleres da Limia.*
- *Realizar unha intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero, e coas súas fillas e fillos, procurando a recuperación da súa identidade e autonomía.*

Para a elaboración deste Protocolo revisáronse os protocolos de actuación de diferentes organismos. O documento que se presenta é froito da discusión e consenso no grupo de traballo da elaboración deste Protocolo. O grupo está formado por representantes dos diferentes organismos oficiais da Comarca da Limia: CIM, Servizos Sociais de Atención

Primaria, Oficina de Educación e Apoio Familiar, Comandancia da Garda Civil, Policía Local, Xulgado de Primeira Instancia, Centros de Ensino Primario e Secundario, Grupo EMUME da Policía Xudicial, Subdelegación do Goberno, Centro de Saúde.

O Grupo de traballo vai a continuar seguir desenvolvendo os aspectos relacionados coa implementación e avaliación do protocolo no Municipio de Xinzo de Limia.

3.1.- INSTITUCIÓN E DEPARTAMENTOS INTERVÍNTES

As institucións que interviron no proceso de elaboración do Protocolo Municipal para a atención das vítimas de violencia de xénero, son as seguintes:

1.- Subdelegación do Goberno de Ourense. Forzas e corpos de Seguridade do Estado

As Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, especialmente na comarca da Limia, a Garda Civil, como entidades encargadas da prevención, mantemento e restablecemento da orde e a seguridade cidadá, sóen ser a primeira institución en atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero, realizando un papel fundamental na recollida da denuncia e na valoración do nivel de risco, establecendo un mecanismo de protección acorde co mesmo.

Tamén é importante destacar o papel da Unidade de Coordinación contra a Violencia de xénero, en orde ó seguimento e coordinación interadministrativa dos supostos de violencia de xénero, quen promove a creación da mesa interinstitucional para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero na Comarca da Limia.

2.- Consellería de Presidencia. Secretaría Xeral de Igualdade.

A Consellería de Presidencia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, ten como obxectivo prioritario *o fomento da axuda asistencial das mulleres vítimas de violencia e maltrato, no ámbito das súas competencias a través de acordos ou convenios con outras institucións* cuxa finalidade e espírito tamén sexa, a axuda asistencial das persoas vítimas deste tipo de violencia, manifestando unha especial preocupación por acadar o máximo nivel de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar, Puntos de Coordinación das Ordes de Protección, Instituto de Medicina Legal, Tribunal Superior de Xustiza, Centros de Información ás Mulleres..., promovendo ao mesmo tempo actividades, xornadas e programas que melloren a calidade de vida e benestar das mulleres e fillos/as que sofren maltrato ou violencia.

3.- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia. Colexio de Avogados de Ourense.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, como órgano no que culmina a organización xudicial no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos xulgados de Violencia sobre a muller, das súas maxistradas e maxistrados titulares, tivo unha participación crucial neste proceso para comprender o tratamento dos casos; desde o sistema de Xustiza, a través dos órganos que ten atribuídos competencias en materia de violencia sobre a muller e as deficiencias ou carencias para o óptimo exercicio da función xurisdiccional.

A participación da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, representa ao Ministerio Público que xenéricamente ten por misión promover a acción da xustiza en defensa da legalidade, dos dereitos da cidadanía e do interese público tutelado por lei, de oficio ou a petición dos/as interesados/as, así como o velar pola independencia dos Tribunais, exercendo as súas funcións por medio dos órganos propios conforme ós principios de unidade de actuación, dependencia xerárquica, legalidade e imparcialidade.

4.- Consellería de Igualdade e Benestar do Concello de Xinzo.

O Centro de Información ás Mulleres da Limia (CIM), adscrito a Consellería de Igualdade e Benestar do Concello de Xinzo, é o órgano encargado de impulsar as políticas de igualdade do Concello de Xinzo, coa finalidade de promover as condicións que fagan real e efectiva a igualdade das mulleres e os homes en todos os ámbitos da vida política, económica, cultural e social na Limia. En materia de violencia de xénero, entre outras funcións, compételles a planificación e a coordinación a nivel xeral dos servizos e prestacións dirixidas a atender, no ámbito da asistencia social, ás mulleres que sofren violencia; a súa intervención ten por obxecto apoiar a muller, informala sobre os dereitos que a asisten e propor alternativas para rematar coa situación de malos tratos, creando deste xeito novas oportunidades e romper co ciclo de violencia a que se ve sometida.

Pola outra banda, o devandito Centro, no marco dos Plans de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, ven traballando no desenvolvemento e impulso das accións recollidas en materia de prevención e erradicación da violencia contra as mulleres.

Resulta polo tanto do todo imprescindible, que en calquera intervención no ámbito institucional e, en particular, si a mesma persegue acadar un grao óptimo de coordinación dirixido a mellorar a atención, asistencia e tratamento das consecuencias máis directas sufridas polas mulleres sometidas á violencia de xénero, requírese da colaboración do CIM. As súas aportacións son de especial transcendencia para a detección dos obstáculos existentes na coordinación interinstitucional, debido, sen dúbida, á considerable experiencia que dito organismo ten, tanto en relación co despliegue de accións dirixidas á defensa dos dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero, como no coñecemento dos recursos especializados nesta materia.

Pola outra banda os Servizos Sociais de Atención Primaria e a Oficina de Educación e Apoio Familiar, constitúen un dos colectivos profesionais máis achegados á cidadanía e, polo tanto susceptibles de detectar e dar resposta ás situacións de violencia, nesta liña as traballadoras sociais, educadores sociais e o psicólogo de servizos sociais do Concello de Xinzo, coordínanse directamente coa asesora xurídica, e o psicólogo do CIM, especialmente na detección e tratamento integral dos diferentes casos de violencia de xénero e maltrato familiar, que requiren dunha especial discusión, así mesmo esta coordinación faise extensiva á tramitación de axudas e recursos (RISGA, RAI, salario da liberdade, programas de cooperación,

...), así como na planificación de xornadas e programas especializados, que repercuten positivamente na prevención e tratamento integral da violencia de xénero e na mellora da calidade de vida das vítimas.

5.- Corpo da Policía Local de Xinzo de Limia .

A policía local atende ás mulleres vítimas de malos tratos, ofrecendo apoio personalizado ás vítimas, intervención policial inmediata, instrucción de dilixencias policiais e tramitación á Autoridade Xudicial competente, protección ás vítimas e activación dos recursos asistenciais dispoñibles.

6.- Centro de Saúde de Xinzo de Limia.

A propia lei de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero otorga especial importancia, no ámbito da coordinación institucional, ós servizos sanitarios, como é o caso do Centro de Saúde de Xinzo de Limia, que como organismo autónomo de carácter local, ten por obxecto a execución da política sanitaria e a xestión das prestacións de asistencia sanitaria, polo que lle compete a promoción e protección da saúde, a prevención da enfermidade e a xestión e administración dos diferentes servizos que ofrece.

Ninguén descoñece que os servizos sanitarios son unha fonte contínua de detección de situacións de violencia sobre a muller (física, psicolóxica e/ou sexual), e que cumpren un papel decisivo tanto na prevención da violencia de xénero coma no seu tratamento. Así pois, a participación de representantes do devandito centro de saúde, supón a integración dunha visión da violencia de xénero imprescindible para a elaboración dun Protocolo, que en boa medida melloran a atención e asistencia ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

7.- Consellería de Educación. Centros de Ensino de Xinzo de Limia.

É fundamental que, desde o ámbito educativo, se siga desenrolando unha labor preventiva da futura desigualdade entre homes e mulleres, facilitando ós nenos e nenas uns procesos educativos que apliquen os principios da coeducación e nos que a igualdade sexa un valor central.

A adolescencia é unha etapa da vida na que empezan a darse as primeiras relacións de parella e é por elo que debemos dotar ós rapaces e rapazas de estratexias que faciliten un clima relacional baseado na igualdade e na resolución de conflitos de forma dialogada e non violenta. Neste marco, a Consellería de Educación puxo en marcha un **“Plan de prevención da violencia de xénero nos contextos educativos”**; así como diferentes campañas **“Educando na Igualdade”**, cuxos obxectivos son formar e sensibilizar ó profesorado e alumnado coa finalidade de evitar a discriminación entre homes e mulleres.

Sabemos que os centros escolares son espazos sociais e educativos nos que se produce o xerme das transformacións sociais. Pero esta transformación non pode producirse se non hai unha formación contínua do profesorado en xénero e equidade, que favoreza a toma de conciencia das ideas previas inconscientes que rondan arredor do constructo subxectivo de xénero, e que trasfiren á realidade educativa. Para plasmar na práctica este cambio é necesario que, máis alá das boas intencións, os equipos directivos e docentes se atopen moi motivados e sensibilizados para pensar en aplicar a transversalización dos contidos de igualdade de xénero ás diferentes materias do currículo escolar. A realidade é que as veces convértese nun proxecto individual, e é só un/unha mestre/a uns poucos, ou un centro educativo, os que consiguen avanzar na transversalización do concepto de xénero nas diferentes etapas educativas.

As relacións nos centros escolares danse, como sempre, entre seres sexuais, mestres e mestras, pais e nais, alumnos e alumnas. A convivencia entre ámbolos dous sexos nas aulas é un feito relativamente recente, que implica maior diversidade e riqueza que noutros tempos. Todos e todas tivemos unha serie de experiencias e aprendizaxes que nos levaron a ter unhas actitudes determinadas, non sempre son positivas nin doadas de transformar. Por iso, os mestres e educadores deberían aprender reflexións e propostas para comprender de onde veñen estas actitudes, cómo afectan a cada un e a cada unha, cómo inciden na labor docente.

4.- O PROTOCOLO: PROCEDIMENTOS DE INTERVENCIÓN COORDINADA

4.- O PROTOCOLO: PROCEDEMENTOS DE INTERVENCIÓN COORDINADA

Con este documento, partimos dun punto de interese en dar desposta a nivel institucional á atención da violencia de xénero.

A Comisión de elaboración deste protocolo propúxose coordinar e sincronizar a actuación interinstitucional, cumprindo así un dos obxectivos propostos.

Para elo, e de forma metodolóxica dividiu a intervención en tres niveis:

1. **Nivel asistencial e policial:** *no que están incluídos os servizos sanitarios, policiais e o Centro de Información á Muller.*
2. **Nivel pericial:** *nel participarían os médicos e medicas e o Programa de Atención Social en Xulgados.*
3. **Nivel Xudicial:** *Englobaría a actuación da xudicatura, a fiscalía e a intervención do Colexio de Avogados mediante o turno de violencia doméstica.*

Xa mencionamos que o interese da Comisión era ofertar unha atención e protección á vítima o mellor coordinada posible; pero era tamén de vital importancia articular os medios técnicos e materiais probatorios que permitiran ó sistema judicial dar unha desposta adecuada tan reclamada socialmente.

Por elo, articulamos procedementos de actuación interinstitucional que permitan atender á vítima, aportar medios probatorios e articular o procedemento xudicial, de forma que se produza unha mellora da desposta á actual situación de violencia contra a muller.

4.1.- ÁMBITO DE INTERVENCIÓN DA SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO

O **Catálogo de Medidas Urxentes contra a Violencia de Xénero**, aprobado polo Consello de Ministros de 15 de decembro de 2006, recolle a creación das Unidades de Violencia sobre a Muller nas Subdelegacións do Goberno.

O **Real Decreto 1135/2008, de 4 de xullo**, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Igualdade, establece que estas Unidades de Coordinación contra a Violencia contra a Muller, e as Unidades de Violencia sobre a Muller dependen funcionalmente do Ministerio de Igualdade, e orgánicamente da persoa titular da Delegación do Goberno e Subdelegacións do Goberno, respectivamente. A Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero impartirá as instrucións sobre os procedementos e procesos de traballo das Unidades de Coordinación e de Violencia sobre a Muller.

Funcións das Unidades de Coordinación da Violencia contra a Muller e Unidades de Violencia sobre a Muller:

- *Apoio á protección integral das vítimas.*
- *Seguimento da situación na que se atopan as mulleres vítimas de violencia de xénero, en especial aquelas cualificadas de maior risco. Este seguimento inclúe, ademais da información relativa ás medidas de protección xudiciais e policiais, o conxunto de medidas administrativas adoptadas para a atención e axuda ás mesmas .*
- *Colaboración e coordinación cos Corpos e Forzas de Seguridade, coa Administración Penal, cos Servizos Sociais e de Igualdade (CIMS), coas Oficinas de Atención ás Vítimas de Delitos, Cos Colexios de Avogados..., establecéndose as reunións e as canles permanentes de comunicación adecuadas para a eficaz e eficiente coordinación dos distintos servizos.*
- *Seguimento e coordinación de actuacións en materia de violencia de xénero, as situacións nas que se atopan as vítimas en especial as de maior risco e os recursos para a súa atención, así como outro aspecto que posibilita a protección integral recoñecida ás vítimas na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.*

4.2.- ÁMBITO DE INTERVENCIÓN DAS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE.

As Forzas e Corpos de Seguridade (Garda Civil e Policía Local), son as entidades encargadas da prevención, mantemento e restablecemento da orde e a seguridade cidadá, sóen ser a primeira institución en atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero, realizando un papel fundamental na recollida da denuncia e na valoración do nivel de risco, establecendo un mecanismo de protección acorde co mesmo. O art. 31.3 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, atribúe a todas as Forzas e Corpos de Seguridade: Estatais, Autonómicas e Locais a protección das vítimas de violencia de xénero; que deberán actuar en función do **Protocolo de actuación das Forzas e Corpos de Seguridade e de Coordinación cos Órganos Xudiciais para a Protección da Violencia Doméstica e de Xénero** (Protocolo aprobado o 10 de xuño de 2004), que se completarán coas previsións establecidas no presente **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN MUNICIPAL**.

A participación da Policía Local do Concello de Xinzo na execución e seguimento das medidas xudiciais de protección terá en conta, entre outros criterios, o respecto ao marco competencial establecido na Lei Orgánica de Corpos e Forzas de Seguridade.

Normalmente a **GARDA CIVIL** e **POLICÍA LOCAL** ten coñecemento dunha situación de violencia de xénero ou maltrato:

- *Porque asiste ó lugar dos feitos ante un aviso telefónico da propia vítima ou de terceiros.*
- *Porque a propia vítima acude a Comisaría (Oficina da Policía Local ou Posto da Garda Civil) a denunciar os feitos.*
- *Porque se activa desde o 016 ou 112.*

En cada suposto as actuacións dos Corpos e Forzas de Seguridade han de ser as seguintes:

1.- Asistencia no lugar da Agresión.

Habitualmente os membros dos Corpos e Forzas de Seguridade , persóanse no lugar identificado como lugar de comisión dos feitos, que a miúdo é o enderezo da vítima (ou outros), para levar a cabo as actuacións oportunas de comprobación dos feitos denunciados (no seu caso), protección de posibles vítimas e averiguación e detección do suposto agresor.

Actuacións a realizar:

- *Entrará no domicilio de acordo co previsto na lexislación vixente nos casos de flagrante delito.*
- *Si a vítima presentara lesións que requirán asistencia sanitaria, ou se sospeitara da súa existencia, aunque non resulten visibles, realizarase o seu traslado ao servizo sanitario (centro de saúde, servizo de urxencias ou hospital), dependendo da gravidade das lesións, e indicará á vítima que debe solicitar o parte de lesións, que éste se redacte de forma lexible, preferentemente mecanografiado por tratarse dunha proba primordial, e o máis específico e descritivo posible a fin de poder presentalo no momento de realizar a denuncia ou a toma de declaración. Deberase dar prioridade, sempre que fose posible, nos Centros de Saúde respecto á asistencia á vítima. Se a vítima non desexase ser trasladada a un centro sanitario, reflectirase por escrito, mediante dilixencia, as lesións aparentes que poidan apreciarse e solicitarase á vítima a realización de fotografías das mesmas para unilas as mesmas.*
- *No caso de que se trate dunha agresión sexual, o traslado farase de inmediato ao servizo de urxencias do centro máis axeitado. O Equipo policial (Policía Local e Garda Civil), que atenda á vítima solicitará do Xulgado que estivera de garda o contacto co médico para facer o correspondente recoñecemento médico e emisión de informe pertinente.*
- *Unha vez atendida a vítima, tratarase de reestablecer a calma e intentarase averiguar o ocorrido, a través das persoas implicadas ou por testemuñas, e tomará os datos de identificación pertinentes.*

- *Realizarase unha valoración inicial da situación de risco, co obxecto de poder adoptar as medidas de seguridade máis oportunas (aloxamento entre vítima e agresor, detección no suposto de que proceda, información á vítima sobre medidas para a súa protección e á das persoas dela dependentes, si fora o caso...).*
- *Unha vez valorados os feitos e a situación de risco existente, determinarase a conveniencia de adoptar medidas específicas dirixidas a protexer a vida, a integridade física e dos dereitos e intereses lexítimos da vítima e os seus familiares, tales como: dereito a solicitar unha orde de protección, que en función do risco concorrente, pode comprender ata as 24 horas ao día, medidas de autoprotección, servizo de teleasistencia, teléfono de contacto...*
- *En todo momento os/as axentes dirixíranse á muller vítima da violencia cunha actitude de máximo respecto e comprensión da súa situación persoal e/ou aos feitos expostos, mantendo ao agresor lonxe da mesma, e atendéndoa de forma que ésta se sinta segura e protexida, evitando calquer trato que poida culpabilizada do ocorrido.*
- *Recolleranse as probas que poidan resultar de interese para determinación do delito, de conformidade co sistema de protocolización de probas da propia policía (declaracións de testemuñas presenciais, incautación de instrumentos utilizados na agresión, inspección ocular...), instrumentos perigosos que poideran acharse no domicilio familiar ou en poder do presunto agresor.*
- *Si houbera menores que dependeran da vítima de violencia de xénero e que polas circunstancias dos feitos, ésta non poidera facerse cargo dos mesmos, intentarase localizar aos familiares, amistades ou veciños, que por indicación da propia muller, se consideren idóneos para facerse cargo dos/as menores durante as primeiras dilixencias ou, no seu defecto, contactarase cos servizos sociais de atención primaria, co obxecto de que provisionalmente se dea unha resposta á necesidade plantexada, de conformidade co disposto no presente protocolo, poñéndoo en coñecemento da autoridade xudicial competente.*
- *No atestado policial que se instrúa farase constar todos os datos precisos de identificación da vítima; así como das lesións que se aprecien, solicitando do servizo médico un novo parte de lesións si o que constara no atestado fose ilexible.*
- *Na medida do posible intentarase recoller a denuncia da vítima nas dependencias policiais, para o que se ofrecerá o acompañamento oportuno e traslado si fose necesario, despois de efectuadas as dilixencias.*

- *Cando a entidade dos feitos e/ou a situación de risco o aconselle, procederase á detención e posta a disposición xudicial do presunto agresor. Calquera outra medida cautelar distinta poderà adoptarse pola Autoridade Xudicial de Oficio ou a instancia de parte. Informáraselle á vítima da posibilidade de solicitar unha Orde de Protección ou outra medida de protección ou seguridade, así como do contido, tramitación e efectos das mesmas. Neste aspecto, informáraselle que a orde de protección pode incorporar medidas cautelares tanto de carácter civil como penal.*

2.- Asistencia nas Dependencias Policiais.

Recepción da vítima e recollida da denuncia e elaboración do atestado:

- *A recepción realizarase preferentemente pola Policía Local e polo Corpo da Garda Civil, dependendo do corpo que elixa a vítima, para depositar a denuncia.*
- *A devandita recepción farase nun espazo adecuado que garante a privacidade e a confidencialidade, e alejado do presunto agresor para evitar todo contacto, incluído o visual.*
- *A actitude do/a axente ha de ser respetuosa coa situación persoal da muller e cos feitos expostos, evitando en todo momento os xuízos de valor ou as opinións particulares sobre o caso.*
- *Toda denuncia penal en materia de violencia de xénero ou solicitude dunha medida de protección ou de seguridade das vítimas presentada nas dependencias policiais, deberá ser cursada e remitida sen dilación por calquera conduto urxente e seguro que poida establecerse, incluído o telemático, á Autoridade Xudicial competente (Xulgado de Violencia sobre a muller ou Xulgado de Garda), acompañada do preceptivo ategado policial, tanto se se tramita pola canle procedimental ordinaria ou polo especial establecido para os “xuízos rápidos”, segundo proceda.*
- *O/a axente elaborará os informes sobre Valoración do Risco e evolución do mesmo, remitindo copias aos Xulgados e Fiscalías, con expresa mención das medidas de protección adoptadas en cada caso en función do risco concreto existente.*
- *Nas dependencias policiais, unha das primeiras actuacións será informar á muller sobre os dereitos básicos que a amparan por lei, entre eles o dereito a recibir asesoramento xurídico no momento da presentación da denuncia e posteriores; así como a recibir atención inmediata a través dos recursos sociais disponibles para ela, máis concretamente o Centro de Información ás Mulleres da Limia e os Servizos Sociais de Atención Primaria de ámbito municipal; así coma a súa localización, tamén se lle informará que ten dereito a un/unha letrado/a de oficio, que é gratuito.*

- *Igualmente nas dependencias policiais informarase á muller das axudas previstas nas diferentes Consellerías da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Así mesmo informarase á vítima do recoñecemento ó derito de asistencia xurídica gratuita e de que pode ser asistida polo avogado de oficio, no caso de solicitado, éste reunirse coa vítima nun lugar privado das propias dependencias policiais, e asesoraraia dos dereitos máis urxentes que lle asisten, acompañándoa na declaración e redacción da denuncia ante os/as axentes da policía, de forma que a muller esté asesorada xurídicamente en todo momento. Se a muller non se encontrara en condicións de declarar ante a policía, o letrado/a recabará os datos que poida e presentará a denuncia por escrito. En todo o caso informará da existencia da Orde de Protección, as condicións para solicitala, e a tramitará si fose necesario (Para que se lle recoñeza o dereito de asistencia xurídica gratuita, debe acreditarse que os ingresos económicos, computados anualmente e por unidade familiar, non superen o dobre Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples – IPREM-, con carácter excepcional, pode recoñecerse o dereito ás persoas cuxos ingresos non excedan do cuádruplo do IPREM, en atención ás súas circunstancias familiares, obrigacións económicas e custo do proceso.*
- *A policía recollerá a denuncia formulada pola muller, en compañía do seu avogado/a de oficio ou privado (se é o caso), e procederá a darlle o trámite oportuno, solicitando á muller, un teléfono e/ou domicilio onde localizala en breve, para o momento da personación no Xulgado.*

En calquera caso, á hora do relato dos feitos por parte da vítima, promoverase que ésta realice un relato o máis fiel posible e con todo tipo de detalles sobre as palabras utilizadas polo agresor, así como as accións.

Farase constar os antecedentes de violencia si os houbera, e máis concretamente:

- *Relación vítima-agresor (conxuxe, parella de feito, separación, divorcio u outros) e integrantes do grupo familiar que convivan no mesmo domicilio, medios económicos, ocupación e lugar de traballo de cada cal.*
- *Relato de feito no que deberá incluírse: antecedentes inmediantos, frecuencia das agresións, dinámica establecida, instrumentos e medios utilizados para a agresión e, en concreto, si o agresor ten armas de fogo, en que situación as ten, e os danos causados.*
- *Outras agresións e malos tratos anteriores. Se houbese denuncias previas identificarase a autoridade ante as que se interpuxeron e, si é posible incluírse un novo atestado. En todo caso apuntarase si existiron agresións anteriores, denuncias ou partes médicos, situación dos menores o seu cargo.*

No seu defecto sinalarase o motivo de por qué non se realizaron ditas denuncias, se foi por medo ou outras razón.

- *Testemuñas presenciais ou de referencia e, en especial, expresaranse as persoas do grupo familiar que presenciaron os feitos expostos e/ou que poideran ter coñecemento sobre a situación de violencia de xénero.*
- *Entregarase á vítima unha copia da denuncia presentada.*
- *O/a letrado/a, si o estimase oportuno para a protección da vítima, solicitará o Xulgado de Garda a adopción de medidas cautelares que fosen precisas.*
- *Preguntaráselle a vítima sobre as posibilidades de permanecer ou non no domicilio. Si manifestara a vontade de non regresar ó seu domicilio habitual, pola existencia dunha situación de risco para a súa integridade, solicitarase a través dos Servizos Sociais de Atención Primaria ou do Centro de Información ás Mulleres, a activación do Dispositivo de Emerxencias para Mulleres Agredidas, tanto para a valoración do caso sobre a necesidade de acollida inmediata nunha casa de acollida, como para o desenvolvemento das funcións que lle competen.*
- *Nos supostos en que a muller necesite dirixirse ó seu domicilio para realizar a retirada dos enseres, pertenzas ou documentación, si por motivos de seguridade se considere necesario pola policía ou por orde da Autoridade Xudicial, prestarase acompañamento xudicial. Si o traslado fora a outro municipio, as actuacións coordínanse cos demais corpos da policía a efectos de dar continuidade á protección, ata a completa seguridade da vítima.*
- *Si se realizara a detención do presunto agresor, deberá comunicárselle á vítima, manténdoa informada ademais a través do número de teléfono da policía local ou garda civil que se lle facilitará ó efecto, sobre o curso das investigacións realizadas, si con elo non se puxera en perigo o resultado e en todo caso, da posta a disposición do xulgado do agresor, e, no seu caso, da posta en liberdade posterior ou do ingreso en prisión e das medidas adoptadas.*

Si a Policía carece dalgunha información acerca da entrada ou saída de prisión do agresor, deberá ser o Xulgado ou o órgano competente do Centro Penitenciario quen informen a vítima da situación do agresor.

- *No caso de designación dun/dunha letrado/a de oficio que asistise á vítima nas dependencias policiais para a formulación da denuncia, asistirá con posterioridade nas actuacións que teñan lugar ante o órgano xudicial competente (declaración, xuízo rápido, medidas cívicas).*
- *No caso da celebración dun xuízo rápido, a policía ou garda civil citará directamente á vítima para que compareza no Xulgado, evitando acumulación*

e tempos de espera inútiles que perxudican tanto á vítima como ó funcionamento da Xustiza.

- *En todo caso o corpo policial que intervira, deberá dar conta á autoridade xudicial das actuacións realizadas, aínda cando a vítima se negue a presentar denuncia e iniciar os trámites dunha denuncia de oficio.*

Naqueles casos en que a muller **NON QUEIRA DENUNCIAR** ou non teña intención de acudir ó Xulgado a ratificar a declaración efectuada ante a policía, tratarase de averiguar o motivo e procederase a.

- *Informar sobre as consecuencias que conleva o non denunciar, prestando especial interese á vítima.*
- *Facilitar por escrito información dos teléfonos e os enderezos dos servizos sociais especializados na atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero e das Oficinas de Asistencia ás Vítimas, coa finalidade de que poida recibir asesoramento.*
- *Si existira risco grave para a súa integridade física ou psíquica informaráselle do dereito a solicitar unha Orde de Protección.*
- *En todo caso levantarase un atestado que se comunicará de inmediato á Fiscalía especializada en Violencia de Xénero (vía fax ou telemática), Xulgado de primeira instancia de Xinzo ou Xulgado de Garda, no seu caso, aos efectos de que se adopten as medidas necesarias para garantir a seguridade da muller.*

3.- Asistencia á Vítimas de Violencia de Xénero Menores de Idade ou Incapacitadas.

- *A Policía Local ou a Garda Civil, comunicarllo á Fiscalía especializada en violencia de xénero e os Servizos Sociais de Atención Primaria, e acompañara ao menor ó Xulgado, para a toma de declaración, que se fará sempre en presenza do Ministerio Fiscal, tal como regula o art. 433 da LECRIM, modificado pola L.Ou. 8/2006, de 4 de decembro, pola que se modifica a L.Ou. 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.*
- *A Fiscalía ordenará as actuacións oportunas para a seguridade da vítima (citación dos proxenitores, exploración da menor, contacto cos servizos sociais, medidas cautelares de protección...), ou no seu defecto, do Fiscal adscrito á garda, para as primeiras dilixencias. A Policía ou Garda Civil elaborará os informes sobre valoración do risco e evolución do mesmo, remitindo copias aos xulgados e fiscalías, con expresa mención das medidas de protección adoptadas en cada caso en función do risco concreto existente.*

4.- Asistencia á Mulleres Estranxeiras en Situación Irregular.

Nos casos en que a vítima sexa unha muller estranxeira en situación irregular, aplicarase a Instrucción 14/2005, de 29 de xullo da Secretaría de Estado de Seguridade sobre actuación en dependencias policiais en relación con mulleres estranxeiras vítimas de violencia doméstica ou de xénero en situación irregular. Para elo:

- *Informáraselle de que a súa situación administrativa non incide no seu dereito á asistencia integral que a lei lle recoñece e que ten dereito a regularizar a súa situación por razóns humanitarias, nos termos dispostos nos artigos 45.4.a) e 46.3 do Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos/as estranxeiros/as en España e a súa integración social. Nestes casos, se non se lle concedese a orde de protección por calquera causa, e – como pode ser que o denunciado non compareza xudicialmente –, o avogado intererará, aos efectos oportunos, o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a solicitante é vítima de violencia de xénero.*

Unha vez rematadas todas as dilixencias oportunas no que respecta a atención integral das mulleres vítimas de violencia e maltrato, o funcionario/a policial facilitará o contacto da vítima co CIM e cos Servizos Sociais máis próximos, en horario de funcionamento a partir do seguinte día laborable en horario de 8:00 a 14:30 horas, chamando aos teléfonos 988 55 00 23 ou 988 55 01 11 ext. 234.

O /a axente proporcionaralle os datos relativos á localización, número de teléfono e departamento encargado dos servizos sociais e CIM, coa finalidade de que eles a asesoren e informen pormenorizadamente dos dereitos que a Lei 1/2004, de 28 de decembro, ou outras normas legais, outorgan á muller vítima de violencia de xénero para facer efectivo deste xeito o seu dereito á prestación da asistencia social integral: dereitos de información, aloxamento, dereitos laborais e da seguridade social, dereitos económicos; e para que igualmente, se lle proporcione a información referente ao lugar de prestación de servizos de atención, urxencia, apoio e recuperación integral.


4.2.1.- ORGANIGRAMA DE INTERVENCIÓN DO CORPO DA GARDA CIVIL COA VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO


No suposto de que a vítima acuda en primeira instancia á Comandancia da Garda Civil, acompañaráselle non seu caso para que sexa atendida por un médico, no servizo de urxencias do Centro de Saúde de Atención Primaria, lugares estes que facilitarán o correspondente Parte de Lesións tanto á vítima como ó Xulgado de Garda.

Posteriormente procederase á redacción da denuncia, onde se recollerá minuciosamente todos os pormenores dos maltratos físicos e/ou psíquicos sufridos, indagando

sobre a posible habitualidade no maltrato (denuncias anteriores arquivadas ou non, agresións físicas ou psíquicas non denunciadas, etc...), que acompañarán a esta denuncia na súa remisión ó xulgado.

Si durante a entrevista a vítima manifesta a imposibilidade de volver o seu domicilio, a Garda Civil, porase en contacto co Centro de Información á Muller (CIM) ou Cos Servizos Sociais de Atención Primaria, para proceder ó aloxamento da vítima. No caso de que a señora non necesite aloxamento de emergencia, informaráselle da existencia do CIM, derivándoa ó mesmo. No caso de que a vítima pase polo CIM ou pasara con anterioridade, remitirase as devanditas dependencias copia da denuncia e do parte de lesións para xuntalos ó expediente da mesma.






4.2.2.- ORGANIGRAMA DE INTERVENCIÓN DO CORPO DA POLICÍA LOCAL COA VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO


No suposto en que a vítima acuda en primeira instancia ás dependencias da Policía Local, acompañarase ó servizo de urxencias do Centro de Saúde de Atención Primaria, desde onde se remitirá o correspondente parte médico, ó Xulgado de Primeira Instancia de Xinzo, e á Comandancia da Garda Civil mediante fax.

Tras a intervención, será a propia Policía Local quen acompañe á vítima a comisiaría para que interpoña a correspondente denuncia, invitándoa a que lembre minuciosamente todos os pormenores dos maltratos físicos e/ou psíquicos sufridos para que se recollan na denuncia a presentar.

Unha vez rematado dito trámite desprazarase á vítima ó domicilio que lles indique ou ben os recursos de emerxencias do Centro de Información á Muller e dos Servizos Sociais do Concello (casas de acollida, centros de acollida...), seguindo co procedemento a Policía Local remitirá a información sobre a vítima ó CIM e os Servizos Sociais.

Queda a disposición do organismo correspondente o rexistro de antecedentes que poideran existir no arquivo da Xefatura de Policía Local.





4.3.- ÁMBITO DE INTERVENCIÓN DO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA DE XINZO

A vítima de violencia de xénero ou terceiros con coñecemento dos feitos, poden facer a denuncia no Cuartel da Garda Civil de Xinzo, ou ante a Policía Local, ou no Xulgado de Garda.

O Xulgado terá coñecemento dos asuntos de violencia de xénero pola remisión do Parte de Lesións desde os centros sanitarios, do atestado policial ou da garda civil, ou das dilixencias tramitadas directamente no xulgado. Unha vez que no xulgado se ten coñecemento dun caso de violencia de xénero, por calquera das vías anteriormente citadas, practícanse, cando procedan, as actuacións seguintes (Para o caso de non existir atestado policial, a primeira declaración da vítima no Xulgado, terá valor de denuncia):

1º.- A toma de declaración ás denunciante-perxudicadas facéndolle o ofrecemento das accións que determina o artigo 109 da Lei de Enxuzamento Criminal.

- *Ó respecto informarase previamente á vítima dos seus dereitos, verbalmente e por escrito.*
- *Preguntaráselle se desexa ser asistida por un/unha letrado/a na súa declaración (para evitarlle posterior indefensión, que si non se lle recoñece o dereito á asistencia xurídica gratuita, deberá abonar ó avogado/a os honorarios devengados pola súa intervención). Si a denunciante manifesta o seu desexo de ser asistida por un letrado na súa declaración, contactarase*

telefónicamente co Colexio de Avogados para que de modo inmediato designen un profesional que lle asista, quen deberá, con carácter urxente, acudir ó Xulgado onde se lle espera para a toma de declaración.

- *A declaración efectuarase en presenza do/a Xuiz, o/a Fiscal, o/a letrado/a da vítima (si esta o solicitou) e do denunciado si estivese designado cando recibirá a denuncia da muller a través de atestado policial.*
- *Si a vítima fose **MENOR DE IDADE** ou estivese **INCAPACITADA**, declarará ademais en presenza dalgunha das persoas que ostente o exercicio da patria postestade, do seu titor/a legal ou da persoa que exerza a dirección do Centro no que se atope internada ou ostente a súa custodia, agás que os pais, tutores, directores do Centro, participaran nos actos de violencia ou os encubrisen, neste caso a declaración do menor practicarase coa única asistencia do Ministerio Fiscal.*
- *Si a vítima fose **ESTRANXEIRA**, asignaráselle un intérprete na súa declaración verificándoa do modo máis comprensible e accesible.*
- *Na súa declaración a vítima ratificará, no seu caso, a denuncia realizada na policía ou garda civil (si a realizara e o procedemento incóase coa recepción do atestado policial).*

2º.- A toma de declaración ós imputados-detidos instruíndolles dos dereitos que lles asisten con arreglo ós artigos 118.1º e 520.2º da Lei de Enxuízamento Criminal.

- *Para evitar a confrontación visual entre a vítima e o denunciado acudírase, sempre que fora posible, ó uso de biombos ou habitáculos contiguos cando se practiquen vistas nas que a lei determina a presenza conxunta de ambos intervinientes, como o acto do xuízo. Tamén intentarase que a espera, ata o momento do acto, se realice en lugares distintos; e si o agresor se atopara en liberdade, disporase para a vítima o uso na medida do posible dunha sala de espera á que se teña acceso restrinxido.*
- *Si a lei non obriga a presenza conxunta de ambos, evítase citar á muller e o denunciado o mesmo día ou ás mesmas horas ou en horarios cercanos, para evitar en todo caso que poidan verse.*

3º.- A toma de declaración a os/as policías ou gardas civís actuantes, a fin de oírles en declaración e ás testemuñas a fin de tomarlles declaración de canto souperan sobre o sucedido, coas prevencións legais oportunas.

4º.- A solicitude dos antecedentes penais dos detidos/denunciados. Para unha maior información, a través do sistema informático, pódese recabar o listado de asuntos xudiciais nos que interviran denunciante e denunciado ante a posibilidade de existencia de asuntos anteriores ou en trámite entre as partes.

5º.- Recabación, á vista dos antecedentes das partes, dos testimonios de particulares ós xulgados que coñeceran casos con anterioridade, a través do correspondente oficio ou exhorto como sentencias condenatorias, autos con medidas de protección, autos con sobreseimento, ou calquera outro particular de interese relevante para a instrución da causa.

6º.- Recabación dos informes que elaboraran outras institucións que tiveran coñecemento da situación socio-familiar, tanto da vítima como do presunto agresor e que resulten relevantes para a adopción de medidas cautelares ou a mellor resolución do asunto.

7º.- Incorporación ás dilixencias, para intentar acreditar ou evidenciar a existencia do ilícito penal investigado, dos documentos que fagan constar ameazas ou fotografías do soporte no que consten as mesmas, poidendo incluso reproducir mediante dilixencia as posibles mensaxes no teléfono da vítima con contido relevante para a investigación e os datos de procedencia.

8º.- Requerimento ó Psicólogo/a ou ó Médico Forense ou ás Unidades de Valoración Integral adscritas ao Xulgado para que proceda ao recoñecemento do imputado, dictaminando sobre as súas facultades intelecto-volitivas, rasgos principais de personalidade, estado de saúde mental, así como si se atopa baixo intoxicación alcohólica, de drogas tóxicas ou sustancias psicotrópicas que lle produzan trastornos físicos ou psíquicos.

9º.- Requerimento informe do/da Médico/a Forense ou ás Unidades de Valoración Integral adscritas ao Xulgado para que recoñeza á vítima, informando sobre as lesións físicas e psíquicas que poidera padecer, así como sobre as secuelas que da agresión ou situación de malos tratos poideran derivarse emitindo o parte de sanidade cando ésta se producira.

10º.- Recabación do/a Psicólogo/a informe sobre si a denunciante vivenciou situación de maltrato no contexto da parella.

11º.- Dar ós efectos incautados o seu destino legal como pezas de convicción.

12º.- Recabación da tasación pericial dos danos causados.

13º.- Así como todas aquelas dilixencias que conduzan a averiguar e facer constar a natureza e circunstancias do feito, as persoas que participaran nel, o procedemento que resulte de aplicación e o órgano competente para o enxuízamento.

Si se acordara polo Xulgado a adopción de **MEDIDAS DE PROTECCIÓN**, as mesmas poranse en coñecemento, coa maior dilixencia posible, ademais da súa notificación á vítima, ó imputado, ó denunciante e /ou a fiscal, aos seguintes.

- *Rexistro Central para protección das vítimas da violencia doméstica a nivel nacional, a través do programa informático establecido ó efecto.*

- *Puntos de Coordinación Social das Ordes e Protección.*
- *Representante da Policía Xudicial do Corpo Nacional de Policía, Garda Civil, da Policía Local de Xinzo, quenes ó recibila dispón a asignación do axente que verifica o control e cumprimento da orde de protección, asegurando a necesaria coordinación e solicitando se informe urxentemente de calquera incidencia ao respecto do cumprimento da orde de protección.*
- *Centro de Información ás Mulleres da Limia ou Servizos Sociais de Atención Primaria, ós que se enviará á vítima para ser asistida ó efecto.*

Dita comunicación realízase co envío do texto íntegro do auto correspondente, os datos que permitan a identificación e a comunicación da muller, aos efectos de poder, desde os diferentes axentes intervinéntes según competencias, informala sobre os seus dereitos e os recursos disponibles. Asimismo, a vítima é informada de toda incidencia que acaeza sobre as medidas acordadas.

- *Si o estado das dilixencias penais derivase a sospeita sobre unha posible situación de risco dos/as menores intervintes, deducirase testimonio ós Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello de Xinzo, ou do concello correspondente ó domicilio da vítima, co obxecto de levar a cabo un seguimento sobre a situación social e familiar dos mesmos. De igual modo, si se tivera indicios ou quedara acreditada unha situación de desamparo dos/as menores, deducirase testimonio da mesma á Fiscalía e/ou á Dirección Xeral de Protección do Menor e a familia, competente nesta materia.*

4.3.1.- ORGANIGRAMA DE INTERVENCIÓN DO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA

Dúas son as formas no que o xulgado de garda ten coñecemento dun asunto de violencia contra a muller. Por unha banda, pola remisión das dilixencias da Garda Civil ou da Policía Local, e pola outra, pola denuncia que a vítima interpón nas dependencias do Xulgado.


En ámbolos dous casos, tomarase declaración tanto á denunciante como ó acusado.


Na maior brevidade posible, a vítima será recoñecida por el/ela médico/a forense, no caso de existencia de lesións físicas.

Tomaranse as medidas de protección necesarias para a protección da vítima, xa sexa coa prisión provisional ou a aplicación de medidas de alexamento do agresor.

Solicitarase ós servizos sociais e sanitarios de calquera proba que poidese acreditar a habitualidade dos malos tratos.

Posteriormente aplicaranse as normas de reparto do procedemento, seguindo o trámite procesal oportuno.





4.4.- ÁMBITO DE INTERVENCIÓN DO COLEXIO DE ABOGADOS DE OURENSE

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, no seu artigo 20 regula o dereito das mulleres vítimas de violencia de xénero á asistencia xurídica gratuíta. Devandito artigo garante que as mulleres vítimas de violencia de xénero que acrediten insuficiencia de recursos para litigar, nos termos establecidos na Lei 1/1996, de 10 xaneiro, de Asistencia Xurídica Gratuíta, teñen dereito á defensa e representación gratuítas por avogado e procurador en todos os procesos e procedementos administrativos que teñan causa directa ou indirecta na violencia padecida.

Nestes supostos, unha mesma dirección letrada asumirá a defensa da vítima. En todo caso, garantirase a defensa xurídica, gratuíta e especializada de forma inmediata a todas as vítimas de violencia de xénero que o soliciten, sen prexuízo de que se non se lles recoñece con posterioridade o dereito á asistencia xurídica gratuíta, estas deberán abonar ao avogado os honorarios devengados pola súa intervención.

Esta asistencia xurídica terá, como unhas das características máis importantes: garantir a asistencia xurídica a todas as mulleres vítimas de violencia desde o primeiro momento (inmediatez), e garantir unha asistencia especializada e de calidade.

A asistencia de Letrado é relevante para a tutela xudicial efectiva e para o adecuado exercicio do dereito de defensa, especialmente si se ten en conta que o Xuíz de Instrución en funcións de Garda tamén pode adoptar medidas de natureza civil que afectan ao uso e disfrute do domicilio, á relación cos fillos e á prestación de alimentos.

Segundo os artigos 27, 28 e 29 do Real Decreto 1455/2005, de 2 de decembro, que aproba o Regulamento de Asistencia Xurídica Gratuíta, a orientación xurídica, defensa e asistencia letrada inmediatas das mulleres vítimas de violencia de xénero asumiranse por unha mesma dirección letrada desde o momento en que se requira, e abarcará todos os procesos e procedementos administrativos ata a súa finalización, incluída a execución de sentenza.

O Colexio Oficial de Avogados ten establecido un réxime de gardas especializado na defensa de vítimas de violencia de xénero, co número de letrados con que se dotou pola administración competente para iso, en función do volume de litixiosidade, ámbito territorial, situación xeográfica etc.

A garda é permanente de 24 horas. Poderán solicitar a asistencia do letrado de garda de Violencia de Xénero todas as mulleres que o soliciten, tanto españolas como estranxeiras emigrantes, calquera que sexa a súa situación legal en territorio español.

Co fin de garantir o adecuado acceso ao dereito á asistencia xurídica gratuíta **-de acordo co disposto nos artigos 18 e 20 a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero-**, os letrados facilitarán ás vítimas de violencia de xénero os impresos para solicitar o dereito á asistencia xurídica gratuíta. Así mesmo, informaranlle previamente dos requisitos para a súa obtención e da obrigación de abonar honorarios e dereitos económicos para o caso de non obter o recoñecemento do dereito.

Así mesmo, para garantir o seu dereito á información, desde o primeiro momento, informarase ás vítimas da posibilidade de solicitar unha Orde de Protección que incorpore medidas cautelares tanto de orde civil como penal e o seu alcance e contido; da posibilidade de acceder ás diferentes medidas de asistencia e protección social establecidas no ordenamento xurídico etc.

No caso de que a muller denunciante sexa vítima de malos tratos físicos, é fundamental que se comprobe a existencia do parte facultativo de lesións e que se achegue á denuncia. No caso de non achegalo, deberase indicar o centro médico e a data de asistencia.

Cando a vítima sexa estranxeira informaráselles sobre a posibilidade de adquirir a residencia con arranxo á lexislación en vigor.

4.4.1- ORGANIGRAMA DE INTERVENCIÓN DO COLEXIO DE AVOGADOS DE OURENSE

Unha vez que a vítima acuda ó Colexio de Avogados, atenderase de xeito inmediato polo Servizo de Orientación Xurídica, cumprimentándolle a solicitude e procedemento á designación dun/unha Letrado/a dos que forman parte dun réxime de gardas especializado na defensa de vítimas de violencia de xénero.


Neste intre non se lle esixe a documentación relativa á Xustiza Gratuita, empezando á solicitante a que faga entrega de ditos documentos na medida que lle sexa posible.

O/a avogado/a designado/a persoarase no procedemento penal incoado como consecuencia da denuncia interposta, desta forma a vítima coñecerá inmediatamente si polo Xulgado de Garda se adoptou algunha medida con respecto ó presunto agresor. No caso de que non adoptase medida algunha, éstas serán solicitadas polo/a Letrado/a, quen seguirá o procedemento penal ata a súa finalización.

No caso de que se produzan novas denuncias, sempre será o/a letrado/a nomeado/a inicialmente quen asumirá a defensa da vítima denunciante en todas elas.

Igualmente, o/a avogado/a designado presentará nos xulgados correspondentes demanda de Medidas Previas á Separación Matrimonial con caráctr de urxencia unha vez esté no seu poder a documentación necesaria para elo.

No caso de que exista unión de feito, procederase polo Letrado/a á interposición da correspondente demanda en solicitude das medidas procedentes en relación ós/as fillos/as e alimentos.





4.5.- ÁMBITO DE INTERVENCIÓN DE SERVICIOS SANITARIOS

Os Servizos Sanitarios xogan un importante papel na prevención, detección e abordaxe da Violencia de Xénero. Para moitas mulleres que foron maltratadas, os e as profesionais do Centro de Saúde son o principal e único punto de contacto cos servizos públicos que poden ofrecerlles apoio e información.

As Institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde tanto no ámbito de Atención Primaria como de Atención Especializada atenden á mulleres maltratadas e/ou agredidas sexualmente nos seus servizos correspondentes, prestando oportuna atención médica, valorando a situación e a seguridade da muller, activando os recursos adecuados a cada situación e emitindo, para elo o **PARTE DE LESIÓN**, informe médico correspondente, seguindo, para elo, os modelos oficiais aprobados no Servizo Galego de Saúde.

O Parte de Lesións, é un documento médico-legal de extraordinaria importancia e de notificación obrigatoria ó xuíz competente fronte a calquera lesión que poidera ser

constitutiva de falta ou delito. Constitúe o punto de partida dunhas dilixencias previas ou dun sumario penal de lesións ou morte.

O informe médico que acompaña ao Parte de Lesións nos casos de maltrato físico, psicológico e/ou por agresións sexuais, contén información complementaria e específica sobre as lesións, os danos psicológicos e sobre o proceso de violencia sufrida.

A atención que prestan os e as profesionais da saúde ás mulleres vítimas de violencia e maltrato ríxese polos seguintes aspectos:

- *Evitar actitudes insolidarias ou culpabilizadoras.*
- *Escoitar e creer á muller.*
- *Transmitirlle que os malos tratos constitúen un delito. Ninguén merece ser maltratado ou golpeado en ningunha circunstancia. Non é culpa súa.*
- *Evitar ou aprazar, sempre que sexa posible, a prescrición de fármacos ou sedantes.*
- *Informar dos recursos dispoñibles para estas situacións.*
- *Evitar a infravaloración da sensación de perigo por parte da muller.*
- *Respetar a decisión da muller.*
- *Ofrecer apoio continuado e visitas de seguimento.*
- *Rexistrar na historia de saúde.*

Actuarase de acordo as seguintes pautas:

- *Atención e tratamento das lesións físicas, psíquicas e/ou sexuais según a forma e gravidade que presenten e derivando, se procede, aos servizos especializados en función das necesidades asistenciais das vítimas.*
- *Se a gravidade das lesións o xustifica, o/a médico/a que atenda á vítima solicitará á autoridade xudicial a presenza de profesionais da Unidade de Valoración Forense coa finalidade de que se poida obter nun só acto as probas médico-legais necesarias.*
- *Emisión do correspondente Parte de Lesións, Informe Médico, remitindo unha copia vía Fax ao Xulgado de Garda. Entregar unha copia a interesada sempre que non comprometa a súa seguridade e archivar unha copia no centro sanitario no que se emitirá e, sempre que sexa posible, na Historia Clínica. O parte de lesións e o informe médico informatizarase á maior brevidade posible.*

- *Indagarase acerca da existencia de menores ou persoas dependentes que tamén poidan estar padecendo a violencia, por se houbera que tomar medidas.*
- *Valoración da seguridade da muller, dos seus fillos e fillas e activación dos recursos que para elo fosen necesarios.*
- *Informarase á muller das medidas a adoptar tanto desde o punto de vista clínico como do social para que non se produza conflito entre a súa vontade e as decisións que se adopten para a solución do caso.*
- *Se a vítima fora unha menor de idade, remitirase unha copia do Parte e Informe emitidos o Xulgado de Garda e o Oficio de notificación ao Tribunal Tutelar de Menores aos efectos oportunos.*
- *Informar do dereito a interpoñer denuncia, que pode solicitar acompañamento para elo, adxuntándose á mesma o correspondente parte de lesións e informe médico.*
- *Si a muller non quixera que se remitira o parte de lesións, éste deberá enviarse ao Xulgado de Garda ou a Fiscalía especializada en violencia de xénero.*
- *Nos casos de agresións sexuais con violación ou tentativa prestaráselle asistencia especializada nos hospitais de referencia: Complexo Hospitalario Santa Maria Nai, Hospital Nosa Señora do Cristal; Hospital Santo Cristo de Piñor e Fundación Hospital de Verín.*
- *Avisar ó Xulgado de Garda para que facilite a presenza do médico ou a médica forense, para a activar os servizos que fosen necesarios (sociais, policiais...) ao efecto de que queden cumprimentadas dunha sóa vez os aspectos médico-forenses, sociais e policiais ao obxecto de: realizar a exploración física e valoración do estado emocional; prever o aseguramento de probas e realizar a recollida de mostras; fixar as oportunas visitas de seguimento; proceder, sempre que a muller o desexe, á recollida da denuncia; e garantir o acompañamento, o aloxamento se fose necesario e protección da muller.*
- *A muller debe informarse, en todo momento, das exploracións, toma de mostras..., que se realicen invitándolle a preguntar todo o que crea oportuno.*
- *Expedirase o correspondente parte de lesións, informe médico específico, con letra lexible que deberá informatizarse á maior brevidade utilizando os modelos oficiais existentes.*

- *Os servizos sanitarios e os institutos de Medicina Legal, desenvolverán mecanismos de coordinación para mellorar a efectividade da atención integral ás mulleres vítimas de Violencia de Xénero.*
- *Á información especializada sobre medidas de protección e seguridade ó seu alcance, os dereitos que lle asisten, as axudas e prestacións existentes, os lugares onde se prestan os servizos de atención social, de emerxencia, apoio e recuperación integral.*

4.5.1.- ENTREVISTA CLÍNICA.

O procedemento de atención ás mulleres vítimas de violencia ou maltrato non Centro de Saúde, iníciase cunha atención personalizada e unha entrevista clínica á vítima, na que o persoal facultativo do Centro, debe ter en conta unha serie de actitudes.

Actitudes que deben tomar os/as profesionais da saúde, con relación ás mulleres que foron vítimas de violencia, a hora de realizar a Entrevista Clínica:

- *Ofrecer á vítima unha resposta contundente de comprensión, aceptación, confianza e apoio, garantindo en todo momento a confidencialidade das actuacións.*
- *As preguntas deben facerse de forma clara e directa escoitando o relato da paciente sen interrupcións, nin xuízos, para que a muller se sinta acolida, posto que adoita ter sentimento de culpa e desconfianza.*
- *As preguntas deberán relacionarse cos motivos da consulta, axudando á paciente a reflexionar sobre o seu malestar e as causas que o provocan.*
- *A muller non debería estar acompañada por ningunha persoa achegada durante a entrevista e a exploración, xa que non é infrecuente que a vítima acuda acompañada polo agresor ou algún familiar.*
- *Informarase permanentemente á muller de todas as exploracións diagnósticas ou terapéuticas que se lle van a realizar e que comporten un risco e da finalidade das mesmas, comentando en todo momento o que se está facendo e solicitando o consentimento cando sexa necesario.*
- *É importante que o profesional evite certas actitudes durante a entrevista e, en especial, que non trate a situación como un problema privado de parella.*
- *Evitar a terapia de parella, nas situacións de violencia doméstica, posto que esta terapia está contraindicada.*

- *Evitar actuacións tales como: dar a impresión de que o problema ten unha fácil solución; dar falsas esperanzas; actitudes paternalistas, crear sensación de culpabilidade na muller.*
- *Apostar por actitudes positivas que axudan cando a muller nega os malos tratos, tales como: deixar claro que os malos tratos é un problema de saúde e que se pode falar diso na consulta; deixar porta aberta a futuras consultas; informar á muller de que existen recursos para saír da situación de violencia que padece (derivala aos servizos sociais para que lle informen amplamente sobre os mesmos)...*

4.5.2.- PARTE DE LESIÓN.

O persoal sanitario según o Art. 262 da Lei de Enxuízamento Criminal, está obrigado legalmente a por en coñecemento da Autoridade Xudicial a existencia de lesións ou doutros síntomas ante a constatación ou sospeita fundada de malos tratos. No suposto de indicio de infracción penal por violencia de xénero no ámbito referido na Lei Integral 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a violencia sobre a Muller, deberase comunicar ou o Xuíz/a de Instrucción en Funcións de Garda que actúa nestes casos.

Se a vítima non desexase presentar denuncia, débesele explicar que, aínda que ela non desexe presentar denuncia, é obrigatorio para o persoal sanitario remitir parte/informe ao Xulgado en caso de sospeita fundada ou constatación de violencia. Este parte é independente da decisión da muller de presentar denuncia, aínda que constitúe un documento de apoio á acción xudicial. Para iso deberá cumprimentar o parte de lesións e remitilo ó Xulgado.

Criterios de actuación que debe ter o persoal facultativo do Centro de Saúde en relación ao Parte de Lesións:

- *O parte de lesións representa o infome médico e é, polo tanto, un documento fundamental como proba xudicial, de aí a importancia da súa adecuada cumprimentación.*
- *O parte de lesións debe redactarse con letra clara, lexible e sen tachaduras (pode interpretarse como manipulación), polo persoal facultativo responsable da asistencia. Para evitar estes problemas, é recomendable a escritura informatizada, e cumprimentarse por triplicado, leerase en voz alta, e repasarase coa paciente.*
- *Entregarase unha copia á vítima asinada polo médico/a e selada; sempre que non supoña un risco para a súa seguridade, informándolle de que é conveniente acompañar o parte de lesións á denuncia por malos tratos.*
- *Outra copia remitirase na maior brevidade posible ó Xulgado de Violencia sobre a Muller ou Xulgado de Garda correspondente (incluso vía fax, se fose necesario).*
- *A copia restante gardarase, xunto cunha copia do oficio de remisión, na historia clínica da muller no Centro de Saúde.*

- *Con independencia da remisión ao Xulgado do parte de lesións polo persoal sanitario, debe informarse á vítima da importancia de interponer denuncia. Sempre se debe ter presente que a violencia contra as mulleres está tipificada no Código Penal como delito.*

4.5.3.- ORDE DE PROTECCIÓN.

Unha vez proporcionada a atención e coidados asistenciais, o profesional sanitario informará á muller que a lei protexe os seus dereitos e a súa integridade, e que ten o dereito a solicitar unha Orde de Protección, que lle garante unha protección integral.

É aconsellable que a vítima solicite a Orde de Protección na dependencia policial máis próxima, ou no propio Xulgado, dado que deste xeito adiántase a elaboración do ateigado policial e a adopción de medidas de protección.

Os profesionais sanitarios derivarán á muller aos recursos sociais disponibles para a atención ás mulleres vítimas de violencia: Centro de Información ás Mulleres de Xinzo ou Servizos Sociais de Atención Primaria, en ambos servizos informáraselle das axudas económicas e dereitos laborais, entre outros, así como de casas de acollida para o seu ingreso, se fose necesario.

4.5.4.- VALORACIÓN DO RISCO.

Para valorar o risco dunha muller vítima de violencia de xénero, é necesario explorar a sensación de seguridade que pode ter, polo que se considera que a situación é de risco si se detectan os seguintes indicios:

- *Se a vítima ten medo de regresar ó domicilio.*
- *Se a vítima foi ameazada de morte, ela e os seus fillos/as, ou persoas ó seu cargo.*
- *Si presenta feridas que manifestan a violencia das agresións.*
- *Analizar o grao de illamento social e de autonomía da vítima, os apoios familiares e sociais cos que pode contar.*
- *Avaliar os recursos económicos e se dispón de axuda profesional.*
- *Recordar que en moitas ocasións a violencia é maior (incluído o risco de morte), cando as mulleres inician un proceso de separación ou abandonan o domicilio.*

No caso de detectarse situación de risco inminente ou grave para a vítima informárase ou, no seu caso, solicitarase a presenza da autoridade policial chamando ós teléfonos das Forzas e Corpos de Seguridade. A policía ou garda civil adoptarán as medidas de protección adecuadas á situación de risco que concorra no suposto concreto.

4.5.5.- A HISTORIA CLINICA.

As actuacións realizadas e as incidencias relacionadas coa atención deberán quedar recollidas na historia clínica. Todas as intervencións, entrevistas, exploracións e derivacións que se realicen a unha muller vítima de violencia de xénero, física, sexual ou psicolóxica, deberán quedar rexistradas na historia clínica co maior grao de detalle posible, tanto se os malos tratos se confirman coma se non, xa que a historia clínica pode servir de proba.

4.5.6.- ACTUACIÓN DO PERSOAL SANITARIO ANTE UNHA AGRESIÓN SEXUAL.

O profesional sanitario de Atención Primaria que atenda unha agresión sexual, e salvo en supostos de gravidade e risco vital que obriguen a tratamento inmediato, remitirá á vítima o máis rapidamente posible ao hospital máis próximo, nos outros casos, é importante que se teñan en conta as seguintes recomendacións:

- *Non cambiarlle a roupa á vítima, nin lavala, porque se poden eliminar probas importantes.*
- *No caso da felación, é importante, na medida do posible evitar a toma de líquidos ou alimentos antes do recoñecemento da vítima no hospital.*
- *Facilitar un trato comprensivo e un ambiente que favoreza a comunicación ás mulleres vítimas de violencia ou maltrato.*
- *Informar á muller de todas as exploracións que se lle van a facer e a finalidade das mesmas, comentando en todo momento o que se está facendo, e solicitando o consentimento cando sexa necesario.*
- *Aínda que a muller manifeste o seu desexo de non presentar denuncia nese intre, deben comunicarse os feitos ó Xulgado de Garda, a fin de que poida incoar o oportuno procedemento xudicial no que dispor de medidas de investigación e aseguramento necesarias, por se a propia muller no futuro quixese exercer a acción penal.*
- *No hospital, o persoal sanitario que atenda á muller, chamará ó Xulgado de Garda para poñer en coñecemento da autoridade xudicial a agresión, para elo é necesario solicitar a presenza do/a medico/a forense, quen xunto o/a especialista correspondente, realicen as actuacións pertinentes que a cada un lle corresponden (asistenciais e de investigación do delito) e a protección das probas para a Policía Xudicial. É recomendable que a avaliación xinecolóxica e a médico-forense se realicen nun só acto, procurando que non se precisen novos recoñecementos.*

A coordinación de ambos profesionais é fundamental para unha atención integral e correcta da vítima; cando non sexa posible a asistencia do médico-forense, a Autoridade Xudicial pode delegar no xinecólogo/a a obtención de probas periciais. A rotulación das mostras farase co nome da paciente, data e sinatura do/a médico/a. As distintas mostras introduciranse nun sobre co nome da paciente dirixido ao Medico-Forense do Xulgado de Garda. Neste caso deberá constar no parte de lesións o nome da persoa á que se entregan as mostras clínicas ou doutro tipo para o Xulgado.

4.5.7.- ORGANIGRAMA DE INTERVENCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE COA VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO


No suposto de que a vítima acuda en primeira instancia ó Centro de Saúde, será atendida ben polo seu médico ou médica de familia, ben polo facultativo ou a facultativa de garda. En calquera caso farase de forma preferente, sin que teña que esperar máis que o estrictamente necesario.


De seguido, e unha vez extendido o correspondente parte facultativo remitirase dito documento vía fax á Comandancia da Garda Civil; a Comisaría da Policía Local; e ó Xulgado de Garda por correo urgente. Outra copia do devandito parte entregaráselle á vítima.

O Centro de Saúde porase en contacto cos servizos sociais municipais e co Centro de Información á Muller, co obxectivo de que a vítima teña información dos recursos existentes, tamén se lle dará información sobre o servizo de atención psicolóxica e asesoramento xurídico do CIM, para que poida acudir a consulta se o necesita. Igualmente informarase á vítima da existencia do Turno Especial de Oficio para Vítimas de Malos Tratos e Violencia de Xénero do Colexio de Avogados de Ourense.

No suposto de que polo facultativo/a se estime necesario a atención da señora en urxencia hospitalaria, solicitarase a presenza da Policía Local ou Corpo da Garda Civil, a fin de que acompañen á vítima ó Hospital. Neste caso, farase entrega ós/as axentes da copia do correspondente parte de lesións.

Asimismo, e sempre que a vítima desexe interpoñer denuncia, darase aviso a Policía Local ou Corpo da Garda Civil, para que se traslade á vítima á Comisaría. Unha vez alí, o procedemento é o mesmo que o que se reseñou no organigrama de intervención dos corpos e forzas de seguridade.





4.6.- ÁMBITO DE INTERVENCIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN PRIMARIA

A Lei Galega 11/2007, do 27 de xullo, para a Prevención e o Tratamento Integral da **Violencia de Xénero** é o texto lexislativo no que establecen as “*medidas conducentes á coordinación e planificación dos recursos necesarios a través dunha correcta rede que integre medidas de información, de recuperación psicolóxica, de apoio económico, de inserción laboral e de acceso á vivenda*”, tal e como se recolle na disposición xeral VII da propia lei. Esta lei no seu **Título Preliminar** as medidas integrais dirixidas à prevención e atención, protección e asistencia das vítimas de violencia de xénero; e protección dos/das menores que se atopan no medio familiar, tanto para a adopción de tutela dos seus dereitos como de medidas de atención e protección. E no **Título II** da devandita lei “*Protección e asistencia fronte á violencia de xénero*”, regula ás accións dos poderes públicos e dos/das profesionais encargados/as da protección e asistencia ás vítimas, garantindo para iso: asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica integral para mulleres que sofren violencia; dispositivos de alarma e programas de reeducación; achegamento de recursos para o afastamento efectivo do agresor, salario da liberdade e proceso abreviado para a obtención de RISGA, axudas escolares para fillos e fillas, accións en materia de acceso á vivenda, programas de cooperación para inserción laboral das mulleres vítimas de violencia e maltrato.

O/ a profesional de Servizos Sociais, tomará a iniciativa para propoñer solucións útiles de urxencia e proporcionarle unha información clara e concisa, escrita se é posible, sobre os recursos existentes, os trámites que debe realizar e a documentación necesaria para cada un dos trámites.

Compre lembrar que, segundo a Lei de axuízamento criminal, as mulleres que sofren violencia de xénero teñen os seguintes dereitos:

- *Dereito a mostrarse parte no proceso mediante o nomeamento de avogado/a e procurador/a ou, no seu caso, que lle sexa nomeado/a a un/unha de oficio para executar as accións civís e penais que procedan. Informáraselle de que, en caso de non emprender medidas por iniciativa propia, será o Ministerio Fiscal que as emprenderá.*
- *Dereito a renunciar á restitución da cousa, ou reparación do dano.*
- *Dereito a solicitar, no prazo dun ano dende a data do feito delituoso, as axudas públicas existentes, como vítima dun delito de agresión sexual, lesións, ameazas ou detención ilegal, tal e como se recolle na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.*
- *Segundo o Código Civil cando existan actos violentos exercidos sobre a muller ou fillos/as constitúese causa legal de separación, ademais de non incumprir o deber e convivencia cando abandone o domicilio por unha causa razoable e presente demanda de separación nun prazo de 30 días (art. 105 do Código Civil).*
- *Se ten intención de interpor demanda de separación pode solicitar que se adopten xudicialmente, e antes de interpor a dita demanda, as medidas provisionais previas previstas no Código Civil (art. 102 e 103), que procederá solicitar no xulgado sen necesidade de avogado/a, aínda que despois lle sexa necesario para emprender medidas legais. Estas medidas son: cesamento dos cónxuxes de vivir xuntos e que se determine cal dos dous residirá no fogar, así como a decisión sobre a custodia dos/das fillos/as e pensión de manutención. Estas medidas quedarán sen efecto aos 30 días se non se interpón demanda de separación.*
- *A recibir asesoramento adecuado a súa situación persoal, tanto a través dos servizos sociais e centros públicos especializados nesta materia, como desde o servizo de ámbito sanitario, xurídico e policial, para elo o Concello de Xinzo conta cuns servizos sociais de atención primaria e un Centro de Información ás Mulleres (CIM).*
- *A recibir apoio e asistencia social integral, xunto cos menores dela dependentes, mediante a intervención multidisciplinar nas áreas social, xurídica, psicolóxica, educativa e laboral, a través dos centros e servizos de atención e acollida temporal.*

- *A percibir asesoramento xurídico e asistencia xurídica gratuita, no suposto de insuficiencia económica, para elo o CIM da Limia, dispón de servizo de asesoramento xurídico e atención psicolóxica gratuito.*
- *A prestacións sociais e axudas económicas, especialmente fronte a situacións de emerxencia social derivadas ou relacionadas co feito de sufrir violencia de xénero e ante a carencia de medios económicos suficientes para facer fronte a necesidades básicas: **Indeminización de pagamento único** do Artigo 43º da Lei 11/2007 para vítimas de violencia de xénero; **prestacións periódicas** de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero; axudas e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero; **atención psicolóxica especializada** á mulleres vítimas de violencia (convenio co Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia); **asistencia xurídica especializada** para mulleres vítimas de violencia doméstica (convenio co Colexio Oficial de Avogados de Galicia), estes recursos son tramitados polo Centro de Información ás Mulleres da Limia, e resolve a Secretaría Xeral de igualdade (Consellería de Presidencia) e o Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia. **Programa de fomento de inserción laboral** das mulleres vítimas de violencia. Este programa tramítase a través do Centro de Información ás Mulleres e da Axencia de Emprego Local do Concello de Xinzo, e resolve a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. **Renda de Integración Social de Galicia (RISGA)**; **Axudas Económicas referidas a Emerxencia Social**, estas axudas tramítanse nos Servizos Sociais de Atención Primaria e resólvese no Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. **Renta Activa de Inserción (RAI)**, esta axuda tramítase nos Servizos Sociais de Atención Primaria ou no CIM e resólvese no INEM. **Reparto de Alimentos de Primeira Necesidade**, esta axúdase tramítase e resólvese nos Servizos Sociais de Atención Primaria a través do Banco de Alimentos.*
- *A ter prioridade no acceso ás vivendas públicas de protección oficial, que se tramita nos Servizos Sociais de Atención Primaria.*

4.6.1.- ATENCIÓN Á MULLER VÍTIMA DE VIOLENCIA OU MALTRATO.

Ante os casos de violencia de xénero, os e as profesionais dos ámbitos integrados neste protocolo, deberán informar da conveniencia de acudir ós centros e servizos de atención, información e asesoramento especializado para mulleres vítimas de violencia de xénero disponibles no Concello, neste caso o Centro de Información ás Mulleres da Limia, ou os Servizos Sociais de Atención Primaria.

Os/as profesionais dos servizos sociais, seguirán as seguintes liñas de actuación:

- *Facilitaráselle á vítima os recursos integrais de atención ás mulleres vítimas de violencia, proporcionando medidas urxentes que resolvan os seus problemas inmediatos.*
- *Asegurarlle á vítima de violencia de xénero poder dispor de asesoramento especializado a nivel psicolóxico, social, laboral e xurídico.*

- *Informar da conveniencia de acudir ós centros e servizos de atención, información e asesoramento especializado para mulleres vítimas de violencia de xénero disponibles no concello de Xinzo o una Provincia; para garantir este extremo, facilitaránselles á muller os teléfonos e enderezos onde se localizan estes recursos, ou según proceda, xestionarase telefónicamente a derivación e/ou solicitude de cita previa.*

A atención á muller vítima de violencia de xénero ou maltrato, pódese dar en tres situacións:

1.– Actuacións no caso de que aínda resida no ámbito familiar.

Se a vítima reside no mesmo domicilio que o agresor e ten decidido romper a convivencia, pódese axudar coas seguintes recomendacións:

- *Axudaráselle a planificar a saída do fogar no momento idóneo, indicándolle a documentación que lle será necesaria neste momento (DNI-Pasaporte, libro de familia, partidas de nacemento, documento sanitario, contrato de traballo, permiso de traballo, expedientes académicos, cartilla de aforro/tarxetas, copia da escritura ou contrato de arrendamento do domicilio conxugal...).*
- *Axudaráselle a atopar un espazo provisional de residencia: casas de acollida, casa dun familiar ou amigo/a da que o agresor descoñeza o enderezo e dar parte á policía do lugar de residencia.*
- *Por á muller en contacto cun/cunha avogado/a, a poder ser especializado/a en causas de violencia de xénero.*
- *Axudaráselle a expor a situación ás fillas e fillos, dándolle información precisa sobre persoas de contacto en caso de emerxencia, para que sexa o/a menor que busque axuda en caso de necesidade.*
- *Derivación de recursos existentes en Galicia de asesoramento terapéutico, xurídico e programas familiares ou calquera outro recurso.*
- *Poñer en contacto coas forzas de seguridade (policía local ou garda civil).*

2.– Actuacións unha vez abandonado o espazo familiar.

Se a vítima abandonou o domicilio familiar, teranse en conta as seguintes recomendacións:

- *Informar sobre os artigos 108 e 109 da LECRIM.*
- *Asegurarse do cumprimento dos trámites xudiciais, sanitarios..., por parte da muller.*

- *Cubrir as necesidades económicas e de aloxamento inmediato tanto da muller como de todos os/as acompañantes da unidade familiar.*
- *Adoptar medidas de protección e seguridade necesarias.*
- *Informar dos comportamentos básicos que se deben realizar no primeiro período de separación.*
- *Derivala a un servizo de atención psicolóxica onde se poida orientar e asesorar (Unidade de Atención Psicolóxica do CIM da Limia ou chamando o teléfono da muller 900 400 273 ou o Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia 629 777 595).*

3.- Atención de Emerxencia ás Mulleres Vítimas de Violencia.

Ante unha situación de emerxencia na que poidera atoparse unha muller, por sufrir unha agresión (física, psicolóxica ou sexual...), ou estar nunha situación de risco inminente de sufrila. O/A profesional, tras efectuar a súa intervención en cumprimento das funcións que lle correspondan, chamará, se procede o teléfono de emerxencia 016 ou 112, pondo no caso para que desde a Sala Operativa se activen os recursos oportunos según as circunstancias (sanitarios, policiais e sociais fundamentalmente). Unha vez recibida a alerta, trasladarase a información ó Teléfono de Atención á Muller 24 horas do Servizo Galego de Igualdade, este teléfono unha vez activado coordinase con calquera punto da Comunidade Autónoma (concellos, xulgados, policía, garda civil...), e os axentes desplazaranse ó lugar onde se atope a muller, co fin de proceder á valoración, in situ do caso, respecto á situación de violencia de xénero. O/A axente correspondente acompañará a vítima, previo consentimento expreso desta, no proceso de por en coñecemento da autoridade competente a situación de violencia de xénero e risco da mesma, interposición da denuncia, solicitudes de medida de protección no ámbito xudicial, recoñecemento médico, e demais xestións que se estimen oportunas e necesarias de atención inmediata.

Ante esta situación de emerxencia os servizos sociais actuarán:

- *Informando á muller sobre os dereitos que lle asisten, ofrecéndolle orientación e asesoramento nos pasos a seguir.*
- *Farase unha valoración inicial da situación, para establecer o plan de intervención de maneira consensuada coa muller.*
- *Se fose preciso, xestionarase o aloxamento inmediato, en réxime de acollida temporal da muller e persoas que dela dependan, como medida de protección.*
- *Desde o Dispositivo procederase a derivación e conexión da muller co resto de servizos e centros especializados, que en cada caso se estimen oportunos.*

No caso de que a muller presente lesións deberá acompañarse ao Centro Médico máis próximo solicitando previamente a presenza policial. Compre lembrarlle que non debe cambiar a roupa nin lavarse. No caso de agresión bucal, ademais, non deberá inxerir ningún alimento nin beber líquidos. É de vital importancia recordarlle á vítima que debe solicitar copia do informe emitido polo centro de saúde.

A primeira entrevista terá como obxectivo prestar apoio á muller e informala sobre os recursos existentes. Deberá poñerse en coñecemento da autoridade xudicial os feitos e informala sobre os seus dereitos e posibles trámites e procedementos xudiciais que haxa que emprender.

En primeiro lugar, é necesario informar á muller da posibilidade de presentar unha denuncia que poderá facer efectiva nos seguintes lugares:

- *Comandancia da Garda Civil.*
- *Xulgado de Garda.*
- *Comisaría de policía, se é posible no servizo de atención á muller ou atención á familia.*
- *Policía Local, cando non sexa posible presentala en ningún dos organismos anteriores ou se atope ante unha situación urxente.*

Se a denuncia se presenta ante a Policía ou Garda Civil poderase tramitar polo denominado “**xuizo rápido**”.

Débeselles recordar ás mulleres que sofren violencia de xénero que no caso de que os seus ingresos non superen o dobre do salario mínimo interprofesional teñen dereito á asistencia xurídica gratuíta, o que sería favorable á hora de presentar a denuncia, xa que as asesorarían previamente, ademais de asumir a súa defensa e representación gratuíta en todos os procedementos.

Para optar á asistencia xurídica gratuíta hai que realizar a solicitude no colexio de avogados/as, onde se lles facilitará o modelo oficial de solicitude. Ao realizar a denuncia pódese solicitar a orde de protección.

Aspectos a ter en conta na orde de Protección:

1. **Solicitude:** *a solicitude pode ser presentada por persoas que garden parentesco coas vítimas; ou por entidades ou organismos asistenciais públicos ou privados. Se os feitos son constituíntes de falta permítese a celebración dun xuizo rápido. Se os feitos constitúen un delito convocarase a audiencia para resolver a solicitude mediante a comparecencia da muller e o agresor.*
2. **Lugar de Presentación:** *Comisaría da policía, posto da garda civil, xulgado, servizos sociais, institucións asistenciais dependentes das administracións públicas. En todos os casos, unha vez recibida será remitida ao xulgado de*

garda acompañada do atestado elaborado pola policía xudicial, podendo darse dúas circunstancias.

3. **Adopción da Orde:** *toda solicitude estará ligada a un concreto proceso pena e só un deles. Segundo o estado procesual pode ocorrer: se non existe proceso penal aberto sobre os feitos non se fundamenta a solicitude: O/a xuíz acordará, se procede, a incoación do proceso penal por delito ou falta; Cando exista proceso penal aberto o/a xuíz a poderá resolver sobre a orde de protección; O xulgado de instrución poderá intervir en funcións de garda cando exista razón de urxencia.*
4. **Notificación e execución:** *1.) Medidas penais e de seguridade: o/a xuíz/a, en función da gravidade dos feitos e necesidade de protección, pode adoptar algunhas medidas cautelares como prisión provisional, prohibición de aproximación e comunicación, retirada de armas, omisión de datos identificativos do domicilio, prohibición de que o agresor resida nun determinado lugar, prohibición de aproximación do agresor á vítima, protección xudicial da vítima nas oficinas xudiciais. A parte dispositiva do auto recollerá unha descrición detallada das medidas adoptadas. 2.) Medidas civís: deben ser solicitadas pola vítima ou representante na solicitude da orde de protección en caso de non ter fillos/as menores. No caso de ter fillos/as, o Ministerio Fiscal poderá pedir que se soliciten estas medidas aínda que non fosen acordadas anteriormente na solicitude. Estas medidas son de carácter provisional e teñen unha vixencia temporal de 30 días. Dentro deste prazo, en caso de presentar unha demanda de separación, as medidas permanecerán vixentes por un período de 30 días máis. As medidas que se adoptarán neste caso son: uso da vivenda familiar, garda e custodia dos fillos/as menores, suspensión do réxime de comunicación e visitas do pai aos fillos e fillas, fixación dunha prestación de alimentos, calquera outra medida necesaria para afasta o/a menor do perigo.*

4.6.1.1.- Valoración e Derivación.

A intervención das/dos profesionais dos servizos sociais ten por obxecto apoiar á muller, informalmente sobre os dereitos que a asisten e propoñer alternativas para rematar coa situación de malos tratos, creando deste xeito novas oportunidades e romper co ciclo de violencia ao que se ve sometida. Para que estes obxectivos sexan cumpridos, en moitos casos os/as profesionais dos servizos sociais de base vense na obriga de realizar unha valoración e posterior derivación do caso aos servizos sociais especializados coa finalidade de proporcionarlle á vítima alternativas de aloxamento e un servizo de carácter individualizado.

Débase pois, realizar unha distinción das tarefas encomendadas para a atención ás vítimas de violencia de xénero por parte dos servizos sociais.

Tarefas a realizar nos casos de mantemento:

- *Informar, valorar e orientar as mulleres que sofren violencia de xénero en canto aos recursos existentes.*
- *Desenvolver programas de intervención para proporcionar recursos e medios que faciliten a integración social da muller.*
- *Xestionar a tramitación das axudas que correspondan.*
- *Derivar a muller aos Servizos Sociais especializados cando a situación persoal desta así o requira.*

Para que a valoración e derivación sexan efectivas débese ter en conta:

- *Os medios de que dispón a muller vítima de violencia, formación académica, habilidades...*
- *Apoio do contorno: familia, amigos/as, compañeiros de traballo...*
- *Servizos, programas e prestacións dispoñibles e compatibles coa situación.*

Para realizar unha derivación correcta é fundamental:

- *Coñecer os recursos especializados dispoñibles.*
- *Informar á muller no proceso de derivación, contando previamente coa súa aprobación para que sexa consensuada.*
- *Coordinarase co recurso ao que se pretende derivar.*
- *Realizar un seguimento do proceso.*

O obxecto da intervención da técnica ou técnico en Servizos Sociais debe ser a de:

- **Informar:** *o obxecto é resolver as carencias de información sobre os dereitos que as asisten, recursos dispoñibles..., de xeito que poidan tomar unha decisión axeitada.*
- **Clarificar-Apoiar:** *analizar os distintos aspectos da situación, ademais de afirmar a autoconfianza da muller.*
- **Persuadir:** *o obxecto é modificar a situación da vítima de malos tratos. Consiste en confrontar a muller coas consecuencias dos seus argumentos e actos.*
- **Poñer en relación:** *crear novas oportunidades, permitir o seu acceso a novas experiencias que lle produzan satisfacción.*

4.6.1.2.- Seguimento da Evolución da Vítima.

O seguimento da muller vítima de violencia ou maltrato, pode ser:

- **Intensivo:** como mínimo realizarase unha entrevista por semana coa muller. Realizarase este tipo de seguimento en situacións de crise, necesidade de tratamento urxente.
- **Semi-intensivo:** función de seguimento unha vez ao mes. Adoita realizarse con mulleres que, pasado o seguimento intensivo, necesitan establecer contacto co/coa profesional para manter os obxectivos acadados e como medio de prevención.
- **Mantemento:** superados os períodos anteriores pasaríase a este último en que as entrevistas terían lugar cada dous meses aproximadamente.

4.6.2.- ATENCIÓN Á MULLERES CON DISCAPACIDADE QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO.

Débase considerar que ademais das barreiras de carácter arquitectónico, de comunicación e doutros tipos, en moitos casos a muller que presenta algún tipo de discapacidade é maltratada pola propia persoa da que depende para desenvolver actividades da vida diaria, polo que se debe facer fincapé no dereito de información recollido na **Lei 1/2004**: “*articularanse os medios necesarios para que as mulleres vítimas de violencia de xénero que polas súas circunstancias persoais e sociais poidan ter maior dificultade para o acceso integral á información, teñan garantido o exercicio efectivo deste dereito*”.

Para romper coa dinámica de maltrato exercida pola persoa que convive coa muller resulta importante ter en consideración o **artigo 46 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero** no que se di: “*as mulleres maiores e as mulleres afectadas de diversidade funcional que sufran violencia de xénero, así como as persoas delas dependentes, consideraranse colectivos preferentes para acceder aos equipamentos sociais especializados, nomeadamente residencias para persoas maiores e centros de día*”. Débase ter en conta que as mulleres con dificultades de aprendizaxe constitúen un colectivo especialmente exposto a sufrir agresións, xa que en moitos casos non tiveron acceso á educación sexual, polo que descoñecen os seus dereitos sexuais ou como poden protexerse. Resulta imprescindible, por tanto, a adaptación dos recursos ás mulleres con discapacidade de xeito que garantan a correcta información e asesoramento da muller vítima de violencia de xénero.

4.6.3.- ATENCIÓN Á MULLERES INMIGRANTES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO.

Segundo o artigo 114 da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre os dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificada pola Lei Orgánica 8/2000, do 22 de decembro, “ as persoas estranxeiras, calquera que sexa a súa situación administrativa, teñen dereito aos servizos e prestacións sociais básicas e, se son residentes, a acceder ás prestacións e servizos da seguridade social e aos servizos e prestacións sociais “.

As mulleres inmigrantes teñen un dobre risco de sufrir violencia de xénero, por ser mulleres estranxeiras . Por este motivo débese presentar unha atención especial a este colectivo.

En primeiro lugar, débese destacar que, con independencia da nacionalidade ou da situación administrativa, posesión ou non do permiso de residencia, poden acudir nas mesmas condicións que o resto das mulleres aos procedementos tanto penais como civís. Débense ter en conta algún aspectos:

- *Terá dereito a presentar denuncia polas agresións aínda que non posúa permiso de residencia, así como intervir no procedemento penal con avogado/a e procurador/a presentándose como acusación particular.*
- *Dereito á solicitude da orde de protección que garanta a seguridade da muller e fillos/fillas.*
- *No procedemento civil deberá iniciar un procedemento de separación se está casada.*
- *No caso de non estar casada deberá tramitar un procedemento de garda e custodia e alimentos se os fillos e fillas residen en España.*
- *Dereito á asistencia xurídica gratuíta nas mesmas condicións que as mulleres españolas. Este dereito supón a posibilidade de obter a designación de avogado/a e procurador/a a da quenda de oficio especial, sen custo, sempre e cando se presente documentación necesaria. En caso de non cumprir os requisitos teña que abonar os honorarios do avogado/a e procurador/a.*
- *A resolución do Parlamento Europeo do 11 de xuño de 1986, sobre as agresións á muller reitera a necesidade do dereito individual ao permiso de residencia, xa que no caso do permiso de reagrupación familiar, a muller depende do seu esposo ou pai. En caso de denuncia a vítima debe saber que non perderá este permiso, e poder obter un permiso independente cando o motivo de separación sexan os malos tratos e o xulgado lle conceda a orde de protección.*

Tamén se pode solicitar o permiso de residencia independente cando teña unha oferta de traballo e obteña autorización para traballar, ou cando leve cinco anos residindo en España.

O Centro de Información ás Mulleres da Limia, os Servizos Sociais de Atención Primaria, a Oficina de Inmigración e Minorías Étnicas do Concello de Xinzo, deben informar ás mulleres vítimas de violencia e maltrato sobre os recursos sociais, dereitos básicos e servizos especializados dos que dispón o Concello para o tratamento integral da violencia de xénero.

4.6.4.- ACTUACIÓNS DE COORDINACIÓN CO SISTEMA SOCIAL PARA A PREVENCIÓN E ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO A TRAVÉS DOS RECURSOS QUE INTEGRAN A REDE GALEGA DE SERVIZOS E CENTROS DE ATENCIÓN ÁS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA.

Na Comunidade Autónoma de Galicia dispónse dunha Rede de Servizos e Centros Públicos, de ámbito rexional e municipal para a atención de mulleres vítimas de violencia de xénero. Os servizos que integran a Rede, en función da natureza e tipoloxía dos servizos que en cada un deles préstanse e clasifícanse en:

- *Servizos de Atención Inmediata (disponibles en toda a comunidade).*
- *Teléfono de Urgencias 24 horas. Teléfono Gratuito de Información 24 horas para as mulleres vítimas de violencia. Ambos están dispoñibles as 24 horas do día, todos os días do ano. Colaboran cos recursos de urxencia e emerxencia cuxa actuación sexa necesaria, ao tempo que se coordinarán co resto de recursos sociais e outros que deban intervir coa finalidade de dar unha resposta inmediata, áxil e eficaz.*
- *Servizos de atención, información, asesoramento e integración integral (dispoñibles nas delegacións territoriais, nos Concellos, asociacións de mulleres...).*
- *Servizos e/ou Centros de Información, Orientación e Asesoramento, ubicados no Concello de Xinzo. Son servizos de carácter multidisciplinar destinados a atender, informar e asesorar nas áreas, social, xurídica, psicolóxica, laboral, educativa...; así como realizar, no seu caso, unha intervención integral coas mulleres ante situacións de violencia de xénero; realizando o correspondente seguimento, e poñer en contacto ás vítimas cos demais servizos necesarios na redución das vitimacións adicionais e secundarias. Estes centros de asistencia ás vítimas de xeito proactivo toman a iniciativa de contactar coa vítima, anticipándose as súas posibles necesidades: recursos de acollida temporal, casas de acollida, pisos tutelados; son recursos destinados a prestar acollida temporal ás mulleres, xunto cos e coas menores que estén o seu cargo, que se atopen expostas a unha situación de perigo certo para a súa vida ou integridade como consecuencia da violencia de xénero.*

No marco do Sistema de Servizos Sociais fronte a situacións de violencia de xénero, os recursos sociais especializados na atención á mulleres vítimas de violencia, anteriormente relacionados, deberán:

- *Informar ás mulleres vítimas, ou personas en situacións de risco, dos seus dereitos para a defensa, protección, asistencia, e reintegración social.*
- *Prestar asesoramento legal, facilitar asistencia sanitaria, física, psíquica e psicolóxica, garantíndola ás mulleres vítimas, e persoas delas dependentes.*
- *Prestar acollemento ás mulleres vítimas, e persoas delas dependentes, cando carezan de medios propios, ou cando exista risco razoable de sufrir novas situacións de violencia de xénero no seu entorno.*
- *Denunciar ante as autoridades competentes as situacións de violencia de xénero de que tiveran coñecemento, previa conformidade da vítima.*
- *Colaborar coas autoridades competentes na adopción de medidas asistenciais que teñan por obxecto a protección da vítima ante futuras situacións de violencia de xénero, ou a aportación de medios probatorios relacionados coa comisión de actos de violencia.*
- *Procurar unha asistencia social integral.*

Para a coordinación entre os recursos dos diferentes ámbitos de actuación contemplados neste Protocolo e os servizos sociais especializados na atención a mulleres que sofren de violencia de xénero, como norma xeral, terase en conta o seguinte:

- *Todos facilitarán a colaboración e coordinación cos servizos sociais especializados, especialmente os recursos de ámbito sanitario, policial e xudicial, comprometéndose a colaborar na difusión dos mesmos para o que terán en lugares asequibles e de xeito visible, os carteis, folletos, trípticos, guías..., e demais instrumentos de carácter divulgativo destinados a este fin, e que previamente fosen facilitados pola Subdelegación do Goberno, Secretaría Xeral de Igualdade, Servizo Galego de Igualdade, Centro de Información á Muller, ou os propios Servizos Sociais Especializados, quen se responsabilizarán da súa permanente actualización.*
- *Cando calquer profesional dos ámbitos integrados neste Protocolo, tivera que, pola súa actividade laboral, intervir na atención a unha muller vítima de violencia de xénero, deberá promover e facilitar o encauzamento do caso hacia os recursos da Rede Galega de Servizos e Centros de Atención a Mulleres e Servizos Sociais.*

Protección de Datos: Cando sexa necesario para garantir a protección da vida ou integridade física da muller e dos seus familiares, poderá solicitarse o segredo arredor dos datos relativos a súa localización. Polo tanto debe terse en conta que a 'Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Personal, (LOPD), é unha Lei Orgánica que ten por obxecto garantir e protexer, no que concerne ó tratamento dos datos persoais, as

liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente do seu honor, intimidade e privacidade persoal e familiar.


O seu obxectivo principal é regular o tratamento dos datos e ficheiros, de carácter persoal, independente do soporte no que se traten, os dereitos dos cidadáns sobre eles e as obrigacións daqueles que os crean ou tratan. Polo tanto, debe terse tamén en conta que a Lei Orgánica 19/94, de 23 de decembro de Protección de Testemuñas e Peritos en causas criminais, debe aplicarse cando a muller vítima de violencia de xénero estea ameazada ou resida nun centro de acollida temporal como consecuencia da violencia de xénero.

4.6.5.- ORGANIGRAMA DE INTERVENCIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS COA VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO


No suposto de que a vítima acuda ós servizos sociais de atención primaria, ou o Centro de Información á muller, será atendida por carácter de urxencia polo psicólogo/a e avogado/a, nesta orde. Seguidamente requíranse os servizos da Policía Local ou Corpo da Garda Civil, a fin de acompañar á vítima ó servizo médico de urxencia así coma a comisaría.


Tanto se a vítima ingresa nalgúns dos recursos municipais para mulleres vítimas de violencia de xénero ou nalgún centro ou casa de acollida, como si non o fai, levarase a cabo un seguimento-acompañamento psicolóxico, xurídico e social ó longo de todo o seu procedemento, por parte dos técnicos do CIM. Informarase á vítima da existencia do Turno Especial de Oficio para vítimas de violencia de xénero do Colexio de Avogados de Ourense.

Ó Centro de Información á Muller, e ós Servizos Sociais de Atención Primaria acuden, tanto de forma directa mulleres que coñecen da existencia do Centro, como as vítimas que, acudindo a outros servizos municipais (servizos sociais, oficina de educación social e apoio familiar...) a fin de expoñer unha situación de violencia, son derivadas ó CIM.




CIRCUITO DE ATENCIÓN Á MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DESDE OS SERVIZOS SOCIAIS E CIM MUNICIPAL






FUNCIÓN (1)




- *Recepción, análise e valoración da situación.*
- *Información e derivación, atención xurídica e psicolóxica.*
- *Información, orientación e asesoramento respecto a recursos sociais.*
- *Dar desposta ás necesidades sociais.*
- *Movilización de recursos sociais.*
- *Coordinar as intervencións con outros equipos e servizos.*
- *Detección e prevención de situacións de violencia.*
- *Recollida e análise dos datos para mellorar futuras intervencións.*

RECURSOS (2)




- *Os propios da Interesada (víctima).*
- *A rede familiar e social.*
- *Recursos específicos do municipio.*
- *Recurso xerais doutros organismos e institucións.*


ACTUACIÓN (3)




- ACTUACIÓN EN SITUACIÓN DE URXENCIA:**
- *Contención Emocional.*
 - *Avaliación do risco de repetición de novas agresións.*
 - *Valoración dos recursos máis convenientes*
 - *Informe de derivación.*
 - *Tramitación das axudas de urxencia.*
 - *Consecución da documentación necesaria.*
 - *Interposición da denuncia.*
 - *Acompañamento a múltiples xestións.*



Casa de Acolida (longa estancia).




Potenciación da rede familiar e social



ACTUACIONES POSTERIORES:

- *Acompañamento no proceso de cambio.*
- *Potenciación dos propios recursos persoais e do propio entorno familiar e relacional.*
- *Búsqueda e tramitación de recursos.*
- *Seguimento do caso, atendendo especialmente a súa situación económica, de saúde, e de prevención de futuras agresións.*



Rai, Risga, Axudas periódicas para vítimas de violencia; Programas de Cooperación, outras axudas. Orientación Laboral.

4.7.- ÁMBITO DE INTERVENCIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO

Son moitas as referencias e fontes que abogan polas medidas educativas na prevención ante a violencia de xénero, e desde as que se está traballando actualmente. Xunto coas claras suxerencias da OMS, pódense destacar outras medidas a nivel europeo, nacional, autonómico e local que se posicionan desde o sistema educativo.

A nivel internacional, sobresáe o **Informe do Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Mulleres das Nacións Unidas**, onde impulsa aos Estados a adoptar medidas adicionais de concienciación e intervención desde a educación.

A nivel Europeo, desde a **Comisión das Comunidades Europeas**, a través da comunicación ao Consello, e a través de programas finánciase previr e combater a violencia exercida sobre os nenos/as, os/as xoves e mulleres e protexer as vítimas e grupos de risco.

A nivel Nacional, a través a creación da **Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero**, a lei establece medidas de sensibilización e intervención no ámbito educativo: “*especificanse as obrigacións do sistema para a transmisión de valores de respecto á dignidade das mulleres e á igualdade entre homes e mulleres. O obxectivo fundamental da educación é o de proporcionar unha formación integral que lles permita conformar a súa propia identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á vez o coñecemento e valoración ética da mesma*”.

A través do modelo transversal de coeducación da **LOGSE** e do posterior modelo de competencia social da LOE; así como todas as leis que rixen o sistema educativo que se basean en premisas de igualdade de oportunidades e inclusión. Dende o recente Ministerio de Igualdade que inclúe como unha das principais liñas de actuación, impulsar o Principio de Igualdade nas políticas educativas e de formación dentro do Plan estratéxico no seu eixe 4: Educación.

A nivel autonómico, coa aproboación no Parlamento de Galicia da **Lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero**. Dentro da que “*se determinan as medidas encamiñadas a que a educación sexa un elemento fundamental de prevención da violencia e de promoción da igualdade de mulleres e homes*,

atendendo ademais ós contidos curriculares para a resolución pacífica de conflitos “, como elemento fundamental de intervención integral e base elemental para a prevención da violencia de xénero desde o ámbito educativo, destácanse sen dúbida os diferentes plans de igualdade que promoveu a Secretaría Xeral de Igualdade e o propio Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia, en moitos deles aparecen como liñas de actuación o deseño e coordinación de actuacións que favorezan, fundamentalmente, o coñecemento das diferencias entre nenos e nenas, entre homes e mulleres para establecer as condicións escolares que permitan correxir as discriminacións e estereotipos sexistas, a formación do alumnado na autonomía persoal como base para fomentar o cambio nas relacións de xénero e a corrección de desequilibrios entre mestres e mestras en actividades de responsabilidades escolares ofrecendo modelos non estereotipados.

A nivel local, o Concello de Xinzo de Limia, a través dos dous Plans de Igualdade de Oportunidades, inclúen medidas de prevención e intervención da violencia de xénero e medidas de sensibilización que se promoven nos centros educativos, con programas de investigación e campañas publicitarias.

4.7.1.- INTERVENCIÓN DESDE O DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN.

Nos centros educativos, a violencia de xénero e a violencia doméstica maniféstanse xeralmente, a través das outras vítimas, os fillos e as fillas que viven estas situacións.

Cando se ten constancia de que algún/algunha alumno/a foi obxecto de malos tratos é preciso por en marcha unha serie de **actuacións**:

- *O mestre/a debe elaborar un informe sobre as súas observacións e o/ director/a do centro educativo enviará o devandito informe ó Tribunal Tutelar de Menores, dando conta desta actuación ao Departamento Territorial de Educación de Ourense.*
- *Dende o Dpto. Territorial de Educación, hai que poñelo en coñecemento da Inspección Educativa, do Equipo de Asesoramento Psicopedagóxico da Xunta de Galicia e dos Servizos Sociais de Atención Primaria de Xinzo de Limia.*
- *Cando a situación de violencia de xénero manifestou un maltrato evidente ao neno ou xove ténselle que acompañar de urxencia a un centro sanitario, desde onde se ten que avisar á familia, ó tratarse de menores, e débese seguir o protocolo de actuacións previsto para este caso.*
- *Cando se trata dunha sospeita e o alumno/a manifesta unha posible situación de violencia contra a súa nai no ámbito familiar hai que pedir, desde o propio centro educativo, a intervención do Equipo de Asesoramento Psicopedagóxico e dos Servizos Sociais de Atención Primaria correspondente, que determinarán as posibles actuacións se proceden.*

- *Con relación ós fillos e fillas que se ven afectados por un cambio de residencia motivado por actos de violencia de xénero, os centros docentes e/ou os consellos escolares, según os casos, atenden de maneira inmediata as súas peticións de escolarización, de conformidade co que prevén as normas que regulan o procedemento de admisión do alumnado.*

Na necesidade, de desenrolar un verdadeiro sistema de protección para todas as vítimas de violencia de xénero, cuxa formulación da cabida de forma específica ós menores dependentes das mulleres maltratadas, é conveniente desenrolar un esforzo conxunto e coordinado entre as administracións competentes, para reforzar o apoio e atención á infancia, no ámbito da convivencia, identificándolles ou recollecéndolles como vítimas directas ou indirectas, non solo a nivel normativo, senon tamén a través do fomento e articulación de estratexias que profundicen no coñecemento desta problemática, promovan nos menores a prevención do maltrato, atendan as súas necesidades específicas e diferenciadas das que padecen as mulleres e ofrezan unha resposta adecuada e suficiente para garantirlles unha asistencia integral, especializada e individualizada.

Estratexias a ter en conta dentro dunha situación de violencia de xénero:

- *Declarar ós menores que viven unha situación de violencia de xénero no seu fogar como vítimas (directas ou indirectas), individualizadas e independentes.*
- *Desenvolver investigacións, estudos e informacións estatísticas para coñecer as dimensións reais e particulares da violencia de xénero sufrida polos menores, os seus efectos ou repercusións, e as necesidades específicas de apoio e atención e, en función do seu resultado, deseñar unha intervención eficaz para garantir a adecuada protección dos seus dereitos.*
- *Deseñar e desenvolver en colaboración cos servizos sociais de atención primaria, CIM, e oficina de inmigración e minorías étnicas, medidas de prevención da violencia de xénero que, fomentando valores igualitarios e non discriminatorios, promovan nos menores o rechazo hacia este tipo de comportamentos e actitudes a través de: programas de sensibilización, obradoiros contra a violencia de xénero para o alumnado dos distintos centros educativos de Xinzo; actividades de formación contra a violencia de xénero para o profesorado; campañas informativas dirixidas á poboación infantil e xuvenil para promover unha imaxe positiva da muller exenta de valores tradicionais e discriminatorios.*
- *Deseñar un modelo de atención integral, específico e individualizado para os menores vítimas de violencia de xénero, que inclúa medidas ou accións especializadas e adaptadas as súas necesidades de asistencia e protección concretas, particulares e independentes as que presentan as mulleres a través de: actuacións concretas, dos Equipos Psicopedagóxicos dos Centros, en colaboración coa Unidade de Atención Psicolóxica do CIM e dos*


Servizos Sociais de Atención Primaria, destinadas á atención dos nenos e nenas que sufren a exposición á violencia de xénero no seu ámbito de convivencia; Desenrolar programas dirixidos especificamente ós fillos e fillas vítimas de violencia de xénero en todo o proceso de atención e recuperación, co obxecto de axudarlles a superar os danos sufridos, acompañalos no proceso de cambio, favorecer pautas de relación non violentas, o seu desenvolvemento persoal, familiar e social e evitar a repetición xeracional da violencia; desenrolar programas psicosociais, socioeducativos e de atención terapéutica individual e grupal orientados a reestructurar a unidade familiar, educar na igualdade, previr comportamentos violentos e ofrecer asistencia psicolóxica integral; garantir os recursos suficientes e necesarios para atender as necesidades específicas de asistencia dos menores vítimas de violencia, intervindo eficazmente na súa protección.

4.7.2.- ORGANIGRAMA DE INTERVENCIÓN DESDE O DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN COA VIOLENCIA DE XÉNERO

Os departamentos educativos ante a violencia de xénero deberán poñer en marcha un plan integral de sensibilización e de prevención, coas seguintes estratexías actuación:

- *Educación co obxectivo fundamental de incidir, desde a etapa infantil ata os niveis superiores, na igualdade entre mulleres e homes e no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, dotando dos instrumentos que permitan a detección precoz da violencia de xénero.*
- *Educación como elemento fundamental de prevención da violencia e da promoción da igualdade entre mulleres e homes, atendendo ademais ós contados curriculares para a resolución pacífica dos conflitos.*
- *Educación como instrumento para valorar indistintamente a experiencia, as aptitudes e a aportación social e cultural das mulleres e os homes, sin estereotipos sexistas e androcéntricos, nin actitudes discriminatorias, para conseguir o obxectivo de construír unha sociedade sin subordinacións culturais e sociais entre mulleres e homes.*
- *Seguimento nos Consellos Escolares: nos consellos escolares dos centros, deberán designar unha persoa, con formación en igualdade, que impulse e leve a cabo o seguimento das medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, así coma previr e tratar os casos de violencia de xénero xunto coa Dirección do Centro.*
- *Detección e atención integral á violencia de xénero: a Dirección dos centros educativos e os consellos escolares adoptarán os protocolos de actuación e as medidas necesarias para a detección e atención ós actos de violencia de xénero dentro do ámbito escolar. Asímismo, adoptarán as medidas adecuadas, cando haxa indicios de que calquera alumno/a viva un entorno*

familiar e relacional no que se estea producindo unha situación de violencia de xénero.



5.- SEGUIMENTO DO PROTOCOLO

5.- SEGUIMIENTO DO PROTOCOLO

A fase de seguimento é a culminación da vocación permanente de perseverar na loita contra a violencia doméstica e de xénero.

Nesta fase crease a **Comisión de Seguimento do Protocolo de Violencia Doméstica e de Xénero de Xinzo de Limia**, formada por representantes das institucións que asinaron o Protocolo, en reunións periódicas. Esta Comisión analiza os problemas que surxen na aplicación do Protocolo, así como tamén calquera incidencia que poida mellorar a coordinación na execución. Ao mesmo tempo, actualízanse con novas propostas ou recomendacións, e coordínanse según as novas situacións.

Esta Comisión de Seguimento, formada por representantes técnicos, desempeñará as funcións de seguimento propiamente ditas, e o Plenario con todas as institucións, que se reuniría de xeito trimestral, sendo este o marco onde a Comisión Técnica presenta as propostas para a súa aprobación. O seguimento deste Protocolo de Intervención, e a Comisión de Seguimento con él relacionada, permiténnos contactar co persoal técnico que traballa directamente coas vítimas e dispón dun coñecemento exacto dos recursos e do seu funcionamento en cada departamento.

A Comisión Técnica está formada por representantes dos seguintes departamentos: Subdelegación do Goberno, Xulgado de Primeira Instancia, Forzas e Corps de Seguridade do Estado, EMUME, Policía Local, Servizos Sociais de Atención Primaria, CIM, Centro de Saúde, Dpto. de Inmigración e Minorías Étnicas, e Centros de Ensino Primario e Secundario.

6.- PROPOSTAS FINAIS

6.- PROPOSTAS FINAIS.

- 1. A prevención é o mellor antídoto contra a violencia doméstica e de xénero. É por elo que se recomenda que no Concello de Xinzo e Comarca da Limia se fagan campañas publicitarias, charlas ou mesas redondas donde se dea publicidade e información do problema. Tamén se recomenda concienciar a todos os axentes sociais que interveñan a fin de detectar e combatir estes delitos ou faltas.*
- 2. Recoméndase que todo o persoal integrante de todas as administración teña o soporte dunha formación profesional continuada que lle permita afrontar as situación diferentes que se lle presenten. A información e a formación de todo este persoal é unha condición indispensable para un bó abordaxe do problema. Por isto propónse que se leven a cabo xornadas de formación para todos os traballadores para que coñezan os circuitos legais de actuación e denuncia en casos de malos tratos a mulleres. É necesario incrementar e actualizar periódicamente a formación de persoal especializado no tratamento desta clase de delitos nos corpos policiais.*
- 3. É imprescindible elaborar máis programas de rehabilitación e resocialización para os homes (adultos e xoves) agresores.*
- 4. É necesario incrementar os programas para a prevención e recuperación de menores que viviron e/ou padeceron situación de violencia doméstica e/ou de xénero.*
- 5. É preciso dispor de puntos de encontro en toda a Comarca da Limia.*
- 6. É preciso garantir a recuperación da muller cunha prestación económica suficiente que asegure a súa autonomía económica.*
- 7. De acordó coa Lei Integral contra a Violencia de Xénero (LIVG), débese garantir a defensa e asistencia xurídica ás vítimas de violencia de xénero, polo que se ten que adoptar as medidas necesarias para designar de forma*

inmediata un letrado de oficio á vítima nos procedementos que se sigan por violencia de xénero.

- 8. Tamén se recomenda seguir mantendo un servizo de asesoramento xurídico e atención psicolóxica para mulleres vítimas de violencia de xénero na Comarca.*
- 9. Para a implantación deste protocolo é preciso que as administracións doten dos recursos correspondentes á Comisión de Seguimento Técnico, no cal están representados xuízes, fiscais, avogados, médicos, policía, forenses, traballadores sociais, educadores, psicólogos para continuar facendo un seguimento adecuado deste problema multidisciplinar e de grao de cumprimento deste Protocolo.*
- 10. Pídese que desde o Departamento de Educación se programen actividades de formación ós educadores e educadoras e ás familias co obxectivo de que naide considere a violencia unha forma de resolver conflitos e que se dea continuidade e se inicien novos proxectos para fomentar a convivencia de igualdade entre nenos e nenas e rapaces e rapazas.*
- 11. É preciso facer a máxima difusión do mapa de recursos para a muller vítima de violencia de xénero da Comarca da Limia, polo que é imprescindible que todas as administracións, institucións e departamentos comuniquen á Comisión de Seguimento deste Protocolo, os cambios que se vaían producindo.*
- 12. De acordo coa Lei Integral contra a Violencia de Xénero, débese garantir a defensa e asistencia xurídica ás vítimas de violencia de xénero, polo que se ten que adoptar as medidas necesarias para designar de forma inmediata un avogado de oficio á vítima nos procedementos que se sigan por violencia de xénero.*
- 13. Tamén se recomenda o establecemento dun servizo de orientación xurídica en todos os partidos xudiciais.*
- 14. Para a implantación deste Protocolo é preciso que as administracións doten dos recursos suficientes a fin de levar a cabo os servizos de orientación xurídica e atención psicolóxica.*
- 15. Solicítase que desde o Departamento de Educación se programen actividades de formación ós educadores e educadoras e ás familias co obxectivo de que nadie considere a violencia unha forma de resolver conflitos e que se dea*

continuidade e se inicien novos proxectos para fomentar a convivencia en igualdade entre nenos e nenas, rapaces e rapazas.

- 16. É preciso que se lle dea a máxima difusión do mapa de recursos dispoñibles para a muller vítima de violencia de xénero da Comarca da Limia, polo que é imprescindible que todas as Administracións, Institucións e Departamentos comuniquen á Comisión de Seguimento deste Protocolo os cambios que se vaian producindo no mesmo.*

7.- CONCLUSIÓNS.

7.- CONCLUSIÓN.

Entendemos que para que se poida levar a cabo unha proposta de intervención integral en violencia de xénero deberían existir ou concurrir os seguintes factores:

- *Unha aposta política firme, que se plasme en presupostos económicos en cada un dos ámbitos básicos na devandita intervención (social, psicolóxica, xurídica, seguridade, educativo, sanitario...). As actuacións estatais e dos gobernos autonómicos e locais son necesarias para poñer en marcha as medidas preventivas, de sensibilización, lexislativas, procedimentais, asistenciais e de intervención social. Tódolos procesos de cambio de valores e prácticas socioculturais arraigadas na nosa sociedade necesita de tódolos esforzos, cada un desde o seu ámbito competencial.*
- *Para poder erradicar a violencia é necesario actuar dun modo radical, indo a raíz do problema: a desigualdade e a organización da sociedade en ámbitos diferenciados, e actuando sobre os diferentes estamentos: a nivel estatal, familiar, institucional, económico, social, educacional. Requeríndose unha redefinición do modelo social.*
- *Elaboración de programas, proxectos, protocolos específicos para a atención de mulleres vítimas e programas preventivos dirixidos a erradicar a longo prazo, a violencia que padecen as mulleres. As políticas improvisadas e dirixidas a prestar atención ós feitos puntuais da violencia sin atender a causa que o produce, nunca poderán acabar coa violencia.*
- *Debe traballarse desde unha perspectiva de xénero en tódolos ámbitos de actuación, co obxecto de seguir unha intervención lineal e pensando en cómo afecta ás mulleres. O xénero é unha construción cultural que afecta a tódalas áreas vitais, como tal construción cultural impregna ás persoas; tanto ás profesionais que interveñen como ós colectivos receptores das intervencións que realizamos; de aí a necesidade de coñecer cómo afecta en tódolos ámbitos da nosa vida cotiá e profesional.*

- *A eficacia, eficiencia e axilidade das intervencións por parte de tódolos axentes implicados debe ser unha prioridade. A existencia da intervención inmediata nos casos de urxencia non admite demora burocrática algunha, de modo que non deben existir trabas no acceso ós recursos de emerxencia de aloxamento ás mulleres e fillos/as vítimas de violencia de xénero, sin previa denuncia, ou ás mulleres que se atopen en situación “irregular”.*
- *A recollida de datos debe facerse baixo criterios comúns e con ferramentas informáticas e estatísticas para a recepción de datos, incluíndo en cada área as características que poidan serlles propias según as súas competencias. A súa vez, é necesario deseñar e compartir os indicadores de avaliación necesarios para o control, que garanten a eficacia obxectiva.*
- *Utilizar medios de comunicación para informar e desmitificar acerca do problema á poboación, ofrecendo unha información e comunicación actualizada.*
- *O seguimento e apoio ás mulleres que deciden saír dunha situación de violencia é necesario. A muller que foi vítima de violencia de xénero non deixa de selo no momento en que o seu agresor desaparece do seu lado, senón que lle queda un camiño duro e árduo por percorrer para a súa recuperación. Tendo en conta as dificultades (afectivas, emocionais, económicas...) que presenta a vivencia dunha situación de violencia de xénero e as contradicións que plantexa para a vítima que foi socializada para ser esposa e nai antes que persoa, e o conseguinte deterioro da súa propia identidade, non debería penalizarse un paso atrás, porque a súa situación forma parte dun proceso circular e perverso moi difícil de superar. En moitas ocasións dificultase, ou incluso impídese, que unha muller que estivo nunha casa de acollida volva a estar de novo tras unha reconciliación.*
- *Para contar con recursos humanos que presten atención ás mulleres vítimas de violencia e que poidan facer detección da mesma, é necesario levar a cabo un traballo de promoción e prevención, ofrecer formación que proporcione ferramentas ós profesionais; non é suficiente a información, senon que se fai necesario levar a cabo un proceso de reflexión que conduza a unha práctica transformadora, analizando o entorno, que permita ir desvelando e descubrindo o problema da violencia e que, incluso, poidamos tomar conciencia de qué entendemos ou consideramos cada un dos profesionais que estamos intervindo, buscando novos significados e compartíndoos.*
- *Debería contemplarse a universalidade dos recursos para atender as situacións de violencia de xénero, especialmente nos momentos de emerxencia.*

- *Incluir nos programas académicos a formación específica de violencia desde unha perspectiva de xénero, co obxecto de evitar unha victimización secundaria sobre as mulleres maltratadas.*

8.- ANEXOS.

8.- ANEXOS.

8.1.- ANEXO 1: XURÍDICO.

1.- Competencia do Xulgado de Violencia sobre a Muller no ámbito Penal: delitos relacionados coa violencia de xénero.

Os xulgados de violencia sobre a Muller (JVM) ten competencia obxectiva e funcional para instruír os procesos por delitos e para xulgar as faltas relacionadas coa violencia de xénero.

Para que estemos ante un delito ou falta relacionada coa violencia de xénero, requírese que se dean dous requisitos: un relativo ás persoas que son suxeito activo e pasivo da infracción penal e o outro relativo á clase de delito ou falta cometida.

- ***Por razón das persoas:*** A violencia debe ter como autor un home e como vítima unha muller e entre ambos ten que existir, ou ten que haber existido, unha relación matrimonial ou relación similar de efectividade, con ou sin convivencia.

Tamén inclúe a violencia contra os descendentes do autor ou da esposa ou muller unida por relación similar de afectividade e os menores incapaces que vivan co autor ou que estean sometidos a súa postestade, tutela, acollemento ou garda de feito da súa esposa ou convivinte, sempre e cando tamén se producira un acto de violencia de xénero contra a muller.

En consecuencia, todos aqueles outros delitos ou faltas que se produzan entre membros dunha unidade familiar (con convivencia), serán delitos de violencia doméstica, pero non delitos de violencia de xénero. Por exemplo, cando sexa a muller a agresora e o home o agredido; cando se produza a agresión dun fillo contra un pai ou contra un avó; ou ben no caso de agresións entre parellas homosexuais casadas ou de feito, ou ben no caso de agresión dun irmán contra outro cando convivan xuntos.

- ***Por razón de delitos ou faltas:*** a violencia ten que consistir nalgunha das infraccións penais seguintes:

Homicidio (artigos do 138 ó 143 do Código Penal); aborto (artigos do 144 ó 146 do Código Penal), lesións (artigos do 147 ó 156 do Código Penal), delitos contra a integridade moral (artigos do 173 ó 177 do Código Penal), delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais (artigos do 178 ó 190 do Código Penal), calquera outro delito cometido con violencia ou intimidación, calquera delito contra os dereitos e deberes familiares (artigos do 223 ó 233 do Código Penal), faltas contra as persoas (artigos do 617 ó 622 do Código Penal) e contra o patrimonio (artigos do 623 ó 628 do Código Penal). Delitos ou faltas conexas cos anteriores (artigo 17 bis LECr).

Os xulgados de violencia sobre a muller ten competencia tamén par xulgar os casos seguidos polos trámites dos xuizos rápidos (art. 801 LECr) e as faltas inmediatas cando, ademais dos requisitos expostos (por razón das persoas e por razón dos delitos e faltas), se dean as condicións procesais esixidas para a tramitación destes procedementos.

Os xulgados de violencia sobre a muller ten competencia tamén para a adopción da orde de protección ás vítimas de violencia de xénero, sin prexuízo da competencia atribuída ó xulgado de garda que a ten cando a Orde de Protección se solicita fora das horas de audiencia do Xulgado de Violencia sobre a Muller.

A competencia territorial corresponde ó xulgado de violencia sobre a muller que corresponda ó enderezo real da vítima no momento de comisión dos feitos, con independencia do lugar dos feitos (artigo 15 bis da Lei de Enxuízamento Criminal). Iso quere dicir que si se presenta a Orde de Protección nun partido xudicial diferente ó domicilio da vítima (por exemplo, porque a parella estaba pasando as vacacións noutro lugar diferente ó do seu domicilio habitual), a competencia para resolver aquela petición de Orde de Protección é sempre do xulgado de garda, tanto en horas de audiencia como fora de horas de audiencia, e unha vez o Xulgado de Garda resolva a petición tense que inhibir ó Xulgado de Violencia sobre a Muller, onde se pediu a orde de protección, porque éste nunca será competente e tamén tería que inhibirse ó seu homólogo do domicilio da vítima.

2.- Competencia do Xulgado de Violencia Sobre a Muller no Ámbito Civil.

Os Xulgados de violencia sobre a muller ten tamén competencia exclusiva e excluín-te, cando concurran os requisitos seguintes:

- *Que se trate dun dos procesos civís seguintes: filiación, paternidade e maternidade; nulidade do matrimonio, separación e divorcio; os que traten sobre as relacións entre pais e fillos; os que teñan por obxecto a adopción ou modificación de medidas de transcendencia familiar; os que traten exclusivamente da garda e custodia de fillos e fillas menores de idade ou dos alimentos reclamados por un progenitor contra o outro en nome dos fillos e fillas menores; os que tratan da necesidade de asentamento na adopción, os que teñan por obxecto a oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores.*

- *Que algunha das partes sexa vítima de actos de violencia de xénero que vimos no apartado anterior.*
- *Que algunha destas partes sexa imputada como autor, inductor ou cooperador necesario dos actos de violencia de xénero.*
- *Que se iniciaran ante o Xulgado de Violencia Sobre a Muller actuacións penais por delito ou falta a consecuencia dun acto de violencia contra a muller ou se adoptara unha orde de protección a unha vítima de violencia de xénero.*

Polo tanto, pódese concluir que sempre e cando teñan competencia penal no caso denunciado, teranna tamén civil. Pero si non hai competencia penal (por exemplo, porque se archivara a denuncia ou ben se xulgara ó home e o absolveran), o Xulgado de Violencia Sobre a Muller xa non ten competencia civil para os asuntos que lle entren a partir daquel momento con relación a aquela parexa.

3.- Competencias dos Xulgados de Instrucción en funcións de garda (XG) nos procedementos por delitos relacionados coa violencia de xénero.

Os xulgados de instrucción en funcións de garda, sexan ou non de violencia contra a muller, continúan tendo competencia para a realización das dilixencias de carácter urgente e non aplazables, como por exemplo, a situación personal do detido, a orde de protección ou as medidas previstas no artigo 13 da Lei de Enxuízamento Criminal.

Practicadas as actuacións urgentes e non aprazables, o xulgado de instrucción de garda tense que inhibir en favor do xulgado de violencia sobre a muller do domicilio da presunta vítima.

Normalmente, pois, é o Xulgado de Garda, tanto as fins de semana como as tardes nas cales está pechado o Xulgado de Violencia sobre a Muller, débese facer cargo das denuncias, de resolver a petición das ordes de protección que lle solicitan, e dos detidos.

4.- Competencia para xulgar os delitos relacionados coa violencia de xénero e para coñecer dos recursos previstos contra as resolucións dos xulgados de violencia sobre a muller.

Normalmente, os delitos relacionados coa violencia de xénero tennos que xulgar o xulgado do penal, porque a pena de cárcere prevista ten unha duración non superior a cinco anos.

A Audiencia Provincial (a sala especializada en Violencia de Xénero, que en Ourense é a sección _____, ten que coñecer dos recursos previstos contra as resolucións ditadas polos xulgados de violencia sobre a muller, tanto nos procesos penais como civís, e dos recursos contra as sentencias ditadas polo xulgado do penal.

5.- Competencia para a execución das sentencias dictadas con respecto a delitos relacionados coa violencia de xénero.

A execución da sentenza corresponde sempre ó xulgado do penal (aunque se dicte en xuízo rápido ante o xulgado de violencia sobre a muller) ou á audiencia provincial que a dictara.

6.- A Intervención Xudicial nos Casos de Violencia Doméstica (Non de Violencia de Xénero).

Nos casos de violencia doméstica non considerados como violencia de xénero a competencia territorial, obxectiva e funcional para instruír, adoptar medidas cautelares e xulgar seguindo as regras ordinarias: xulgados de paz, xulgados de instrución, xulgados de primeira instancia e instrución, cos diagnósticos seguintes:

- *O informe do médico forense que ten que intervir tanto para detectar os malos tratos á vítima como o recoñecemento psiquiátrico do agresor.*
- *Os informes do Equipo de Asesoramento Técnico ou doutros organismos especializados na materia.*

Todo isto contribuirá ó feito de que a adopción das medidas penais e civís previstas sexan as máis adecuadas e obxectivas.

A obrigada comunicación do xulgado de instrución e de violencia sobre a muller á Oficina de Atención á Vítima do Delito de toda resolución relativa á orde de protección (no que a acorda, a modifica, a denega ou a deixa sen efecto) facilitará en gran maneira a actuación coordinada das administracións implicadas.

Podemos distinguir tres tipos de niveis de medidas xudiciais que ten carácter acumulativo: aquelas previstas en xeral para calquera vítima, aquelas previstas especificamente para as vítimas de violencia doméstica e, por último, o nivel de máxima protección para a tutela das vítimas de violencia de xénero. Todas elas podémolas resumir a continuación:

1.- Medidas Cautelares ata a Sentencia Definitiva:

Penais:

- *A protección de ofendidos ou perjudicados polo delito (artigo 13 da Lei de Enxuízamento Criminal).*
- *A detención (Artigos do 489 ó 501 da Lei de Enxuízamento Criminal).*
- *O Cárcere Provisional (Artigos 503 e 504 da Lei de Enxuízamento Criminal).*
- *A Liberdade Provisional con ou sen fianza (Artigos 529 e 530 da Lei de Enxuízamento Criminal).*
- *A retirada de armas (Artigo 13 da Lei de Enxuízamento Criminal).*
- *A prohibición de residir ou de acudir e a prohibición de comunicación e aproximación (Artigo 544 bis Lei de Enxuízamento Criminal).*
- *A orde de protección (Artigo 544 ter Lei de Enxuízamento Criminal).*

Civís:

- *A protección dos fillos/as (Artigo 134 del Código de Familia).*
- *As medidas de nulidade, separación e divorcio: uso de vivenda familiar, alimentos, garda e custodia dos fillos/as (artigos 771 e 773 Lei de Enxuízamento Criminal).*
- *O internamente por razón de trastorno psíquico (artigo 763 da Lei de Enxuízamento Criminal).*
- *A saída obrigatoria do agresor do domicilio (Artigo 64.1 da Lei Integral contra a Violencia de Xénero).*
- *La suspensión da postedade de facer de pai ou garda e custodia de menores (Artigo 65 da Lei Integral contra a Violencia de Xénero).*

2.- Medidas cautelares xudiciais especiais para os suposto de violencia doméstica e de xénero: a orde de protección.

Nos casos de violencia doméstica e de xénero, ademais das medidas penais e civís xerais para tódolos delitos e que xa incluímos no cadro anterior, pódense adoptar as medidas penais e civís que se prevén dentro da chamada orde de protección para as vítimas de violencia doméstica do artigo 544 da Lei de Enxuízamento Criminal. Esta orde de protección non foi modificada pola Lei Integral contra a Violencia de Xénero e, polo tanto, aplícase tamén nos caos de violencia de xénero (sembremos: o home contra a muller e/ou fillos nunha relación ou ex relación de parella).

A orde de protección é unha resolución xudicial que, nos supostos nos que existan indicios fundamentados da comisión de delitos ou faltas de violencia doméstica onde haxa unha situación obxectiva de risco para a vítima, exércese mediante a adopción de medidas cautelares penais e/ou civís, ademais de activar unha serie de medidas de asistencia e protección social.

A orde de protección pódela acordar o xuíz de oficio. A tal efecto, as entidades e organismos asistenciais, públicos ou privados, que teñan coñecemento dalgún feito constitutivo de violencia doméstica, teranna que poñer inmediatamente en coñecemento do xuíz de garda ou do Ministerio Fiscal.

A orde de protección pódela solicitar a vítima, calquera persoa que teña coa vítima algunha das relacións de parentesco indicadas no artigo 173 do código Penal e o Ministerio Fiscal.

A orde de protección pode solicitarse a calquera comisaría de policía, cuartel da garda civil, ó xulgado, á fiscalía, ás oficinas de atención á vítima, ós servizos sociais e institucións asistenciais dependentes das administracións públicas e ós servizos de orientación xurídica do colexio de avogados.

A orde de protección confere á vítima un estatuto integral de protección que ten que comprender as medidas civís, penais e asistenciais e de protección social establecidas no ordenamento xurídico e pode facerse valer diante de calquera autoridade e administración pública. Isto explica a obrigaón dos xulgados de comunicar todas as ordes de protección á Oficina de Atención á vítima do Delito (Servizos Territoriais de Xustiza de Ourense, fax_____).

A orde de protección implica o dereito da vítima a ser informada permanentemente sobre a situación procesal do agresor e a súa situación penitenciaria.

As medidas que pode adoptar o xuíz son:

- **Medidas Penais:** *pódese adoptar calquera das medidas previstas na lexislación procesal penal e vistas no apartado anterior de medidas cautelares xudiciais xerais (privativas de liberdade, presentacións persoais ante o xulgado, orde e alexamento, prohibición de comunicación, prohibición de volver ó lugar do delito ou residencia da vítima, prohibición de tenencia e retirada de armas e outros obxectos perigosos).*
- **Medidas Civís:** *atribución do uso da vivenda familiar, determinación do réxime de custodia, visitas e comunicación cos fillos/as, réxime de prestación de alimentos, así como calquera disposición que se considere oportuna a fin de apartar ao menor dun perigo ou de evitarlle perxuízos. Estas medidas solo as pode solicitar a vítima ou o seu representante legal, e o Ministerio Fiscal cando existan fillos/as menores ou incapaces.*

Ademais, a orde de protección comporta unha serie de medidas asistenciais e de protección social, como por exemplo a protección policial, a asistencia sanitaria, a asistencia pedagóxica, a renda de inserción, o ingreso en casas de acollida, ... que pode adoptar, se procede, a Administración correspondente.

3.- Máis medidas cautelares especiais de protección á vítima de violencia de xénero.

Nestes casos, ademais das medidas previstas nos dous puntos anteriores (entre as que se atopa a orde de protección, artigo 62 da Lei Integral contra a Violencia de Xénero), pódense adoptar as seguintes:

- *Saída obrigatoria do agresor do domicilio no que estivese convivindo coa vítima ou de onde teña a súa residencia a unidade familiar, así como a prohibición de volver ó mesmo (Artigo 64.1 da Lei Integral Contra a Violencia de Xénero).*
- *Excepcionalmente, o xuíz poderá autorizar á persoa protexida a fin de que concerne, cunha axencia ou sociedade pública onde existan e que inclúa entre as súas actividades a do arrendamento de vivendas, a permuta do uso atribuído da vivenda familiar da que sexan copropietarios para o uso doutra vivenda, durante o tempo e nas condicións que se determinen (Artigo 64.2 da Lei Integral contra a Violencia de Xénero).*
- *Prohibir ó agresor aproximarse á persoa protexida a calquera lugar onde ésta se atope, así como acercarse ó seu domicilio, posto de traballo ou calquera outro que frecuente. Poderá acordarse a utilización de instrumentos con tecnoloxía adecuada para verificar de inmediato o seu incumprimento (Artigo 64.3 da Lei Integral contra a Violencia de Xénero).*

- *Prohibir ó agresor calquera clase de comunicación coa persoa ou persoas que se indique (Artigo 64.5 da Lei Integral contra a Violencia de Xénero).*
- *Suspender ó agresor do exercicio da postestade de facer de pai ou da garda e custodia de menores (Artigo 65 da Lei Integral contra a Violencia de Xénero).*
- *Suspender o réxime de visitas do agresor cos seus descendentes (Artigo 66 da Lei Integral contra a Violencia de Xénero).*
- *Suspender o dereito a ter, levar ou facer uso das armas (Artigo 67 da Lei Integral contra a Violencia de Xénero).*
- *Protexer a intimidade das vítimas, tanto en canto ós datos persoais como respecto á posibilidade de desenvolver as vistas a porta pechada (Artigo 63 da Lei Integral contra a Violencia de Xénero).*

Estas medidas pódense adoptar o xuíz de oficio ou pódense adoptar a instancia da vítima, dos fillos/as, das persoas que convivan con elas ou se atopen suxeitos a súa garda ou custodia, do Ministerio Fiscal ou do Departamento de Xustiza da Xunta de Galicia, mediante os servizos de atención á vítima que dependen del mesmo.

Estas medidas poderanse manter despois da sentenza e mentres se tramitan os eventuais recursos contra a sentenza, sempre e cando na sentenza se faga constar o mantemento destas medidas (Artigo 69 da Lei Integral Contra a Violencia de Xenero). Unha vez firme a sentenza, solo poderán continuar estas medidas si son impostas na sentenza como pena principal ou accesoria.

4.- Penas e Medidas de Seguridade en Sentencia e Execución de Sentencia

Unha vez que se celebrou o xuízo e si se declara culpable ó acusado, na sentenza dispónse as penas e as medidas de seguridade contra o condenado que se consideran adecuadas.

Pódense resumir no cadro seguinte:

Penas e medidas de seguridade en sentenza definitiva

- | |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • <i>Pena de cárcere (Artigos 153 e 173.2 do Código penal, e outros).</i> • <i>Prohibición de acercamento (Artigos 48.2 e 57.2 do Código Penal).</i> • <i>Privación do dereito a residir en determinados lugares ou de acudir ós mesmos (Artigos 48.1 e 57.1 do Código Penal).</i> • <i>Prohibición de comunicación (Artigo 48.3 do Código Penal).</i> • <i>Privación do dereito a ter armas ou a levalas (Artigo 47 do Código Penal).</i> • <i>Inhabilitación especial para o exercicio da postestade de facer de pai, tutela, garda ou acollemento (Artigo 46 do Código Penal).</i> • <i>Medidas de seguridade en supostos de anomalía ou alteración física, alcoholismo ou drogadicción (Artigos 95 e ss. do Código Penal).</i> • <i>Traballos en beneficio da comunidade (Artigo 49 do Código Penal).</i> • <i>Suspensión da execución da pena (Artigos 80 e ss. do Código Penal).</i> • <i>Sustitución da pena (Artigo 88 do Código Penal).</i> |
|---|

- *Liberdade condicional (Artigo 90.2 do Código Penal).*
- *Programas específicos na execución da pena privativa de liberdade (Artigo 42 da Lei Integral contra a Violencia de Xénero).*

5.- Medidas en sentencia e execución de sentencia nos supostos de violencia doméstica e de xénero.

Nos casos de violencia doméstica e de xénero, cando concurran tódolos requisitos previstos legalmente e constitucionalmente, pódense adoptar as medidas seguintes:

Penas ou medidas de seguridade que ten como finalidade esencial a protección da vítima:

- *Prohibir ó agresor acercarse á vítima, ou a aqueles familiares seus ou a outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, o que impide ó agresor acercarse ós mesmos, ne calquera lugar que se atopen, así como acercarse ó seu domicilio, ós seus postos de traballo e a calquera outro lugar que frecuenten; e ten que quedar en suspenso, respecto dos fillos/as, o réxime de visitas, comunicación e estancia que poidese estar recoñecido en sentenza civil (Artigo 48, 2 do Código Penal). Esta pena tense que aplicar sempre nos supostos de delitos de violencia doméstica (Artigo 57.2 do Código Penal). Esta pena tamén se pode aplicar ás faltas dos artigos 617 e 620 do Código Penal por un período máximo de seis meses.*
- *Privar ó agresor o dereito a residir en determinados lugares ou de acudir ós mesmos (Artigo 48.1 do Código Penal con relación ó artigo 57.1 do Código Penal). Esta pena tamén pode aplicarse ás faltas dos artigos 617 e 620 do Código Penal por un período máximo de seis meses.*
- *Privar ó agresor o dereito a residir en determinados lugares ou de acudir ós mesmos (Artigo 48.1 do Código Penal con relación ó artigo 57.1 do Código Penal). Esta pena tamén se pode aplicar ás faltas dos artigos 617 e 620 do Código Penal por un período máximo de seis meses.*
- *Prohibir ó agresor comunicarse coa vítima, ou con aqueles familiares seus u outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, por calquera medio de comunicación ou medio informático ou telemático, contacto escrito, verbal ou visual (Artigo 48.3 do Código Penal). Esta pena tamén se pode aplicar ás faltas dos Artigos 617 e 620 do Código Penal por un período máximo de seis meses.*
- *Privar o dereito a ter armas e levalas (Artigo 47 do Código Penal, prevista por exemplo, nos delitos tipificados nos artigos 153 e 173 do Código Penal).*
- *Inhabilitación especial para o exercicio da postestade de facer de pai, tutela, garda ou acollemento (Artigo 46 do Código Penal, prevista por exemplo, nos delitos tipificados nos Artigos 153 e 173 do Código Penal).*
- *Medidas de seguridade nos supostos de eximentes completos ou incompletos por anomalía ou alteración psíquica, alcoholismo ou drogadicción (Artigos 20.1, 2 e 3 do Código Penal e artigo 21.1. do Código Penal con relación ós anteriores e ó 21.2 do Código Penal). Nestes casos, é necesario un especial control, tanto do cumprimento das medidas de seguridade privativas de liberdade (Artigos do 101 ó 104 do Código Penal), como das non privativas de liberdade que se interpoñan ou que substitúan as*

anteriores; así como instar especialmente, cando proceda, a aplicación do Artigo 105 do Código Penal.

Penas ou medidas de seguridade que teñen como finalidade esencial a rehabilitación ou reeducación do agresor:

- *Traballos en beneficio da comunidade como pena principal, que ten que contar sempre co consentimento do penado (Artigo 49 do Código Penal).*
- *Suspender a execución das penas privativas de liberdade non superiores a dous anos (Artigo 80 e seguintes do Código Penal). A suspensión queda sempre condicionada ó feito de que o penado non delinca no prazo fixado polo xuíz ou tribunal e si a pena suspendida é de prisión o xuíz ou tribunal sentenciador pode condicionar a suspensión ó cumprimento das obrigacións ou deberes seguintes: prohibición de acudir a determinados lugares; prohibición de acercarse á vítima, ou a aqueles familiares seus ou a outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, ou de comunicarse cos mesmos; prohibición de ausentarse sin autorización xudicial do lugar onde resida; comparecer personalmente ante o xulgado ou tribunal ó servizo da Administración que éstos sinalen , para informar das súas actividades e xustificalas; participar en programas formativos, laborais, culturais, de educación vial, sexual u outros similares; cumprir outros deberes que o xuíz ou tribunal estime conveniente para a rehabilitación social do penado, despois da súa conformidade, sempre e cando non atenten contra a dignidade como persoa.*
- *Sustituir a pena privativa de liberdade que non exceda dun ano ou, excepcionalmente, de dous anos (Artigo 88 do Código Penal) por multa ou traballos en beneficio da comunidade. Nestes casos, o xuíz ou tribunal poderá interpor tamén o cumprimento dalgunha ou de varias das obrigacións ou deberes previstos no Artigo 83 do Código Penal que vimos no apartado anterior.*
- *Na concesión da liberdade condicional é posible interpor algunhas das regras de conducta ou medidas previstas nos Artigos 83 e 96.3 do Código Penal (Artigo 90.2 do Código Penal).*

6.- Especialidades sólo para os casos de violencia de xénero.

Nestes casos, na execución da sentenza, ademais das medidas previstas no punto anterior, cabe destacar as seguintes especialidades:

- *A suspensión da execución da pena: nos delitos relacionados coa violencia de xénero, a suspensión da execución das penas privativas de liberdade debe estar sempre condicionada ó cumprimento das obrigacións ou dos deberes seguintes: prohibición de acudir a determinados lugares, prohibición de*

aproximarse á vítima ou a aqueles familiares seus ou a outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, ou de comunicarse cos mesmos, participar en programas formativos, laborais, culturais, de educación vial, sexual e outros similares (Artigo 83.1 in fine do Código Penal). O incumprimento destas obrigacións ou deberes determinará revocar a suspensión da execución da pena (Artigo 84.3 do Código Penal).

- *A substitución da pena privativa de liberdade.*
- *Nos supostos de condena por violencia de xénero, a pena de prisión sólo poderá substituírse pola de traballos en beneficio da comunidade. Nestes casos, o xuíz ou tribunal ten que impoñer adicionalmente, ademais da suxeción a programas específicos de reeducación e tratamento psicolóxico, o cumprimento das obrigacións ou deberes de prohibición de acudir a determinados lugares, prohibición de aproximarse á vítima ou a aqueles familiares seus ou a outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, ou de comunicarse cos mesmos (Artigo 88.1 do Código Penal).*
- *Execución da pena privativa de liberdade (Artigo 42 da Lei Integral Contra a Violencia de Xénero).*

A Administración penitenciaria ten que realizar programas específicos para internos condenados por delitos relacionados coa violencia de xénero.

As xuntas de tratamento valorarán nas progresións de grao, concesión de permisos e concesión da liberdade condicional, o seguimento e o aproveitamento dos programas específicos mencionados.

7.- O Rexistro Central.

Polo Real Decreto 355/2004, de 5 de marzo (modificado polo Real Decreto 513/2005, de 9 de maio), creouse un Rexistro Central para a Protección das Vítimas de Violencia Doméstica, co obxecto de facilitar ós órganos xudiciais da orde penal, ós da orde civil que poden coñecer dos procedementos de familia, ós xulgados de violencia sobre a muller, ó Ministerio Fiscal, á policía xudicial, e ás administracións públicas competentes a información necesaria para o exercicio das súas funcións xurisdiccionais e para a prestación dos servizos públicos dirixidos á protección das vítimas.

O Departamento de Xustiza da Xunta de Galicia ten acceso ó Rexistro e ten que elaborar estatísticas dos datos contidos neste Rexistro.

É obrigado que os xulgados nutran este Rexistro de toda a información relativa as súas resolucións xudiciais para que sexa útil.

8.2.- ANEXO 2: MITOS, CRENZAS E CONSELLOS A CERCA DAS MULLERES MALTRATADAS.

Educación en igualdade ós máis pequenos é o camiño máis seguro para evitar os comportamentos machistas e as ideas sexistas, que perpetúan a falsa crenza de superioridade do home sobre a muller. A prevención e a educación deben ser os principios instrumentos na loita contra os malos tratos; nembargantes, paralelo a este camiño de futuro debemos continuar coas medidas de protección e axuda ás mulleres que sufren violencia no ámbito doméstico. Debemos incrementar as actuacións para que as vítimas destas agresións abandonen a súa situación e poidan comezar unha nova vida, alexadas dos seus torturadores.

“ A seguridade e supervivencia das mulleres vítimas da violencia de xénero está estreitamente relacionada cos logros e dereitos que vaian acadando o conxunto das mulleres “.

Os mitos e crenzas acerca do maltrato á muller hai que derribalos, para acabar ou diminuír a cantidade de casos que se producen actualmente. Son moitas as crenzas e mitos que utilizan algunhas mulleres, consciente ou inconscientemente, para xustificar o maltrato que reciben por parte da súa parella. Describimos a continuación algunhas deles:

1. ***É lei de vida ou a vontade de Deus.*** Máis ben lei de morte. Tamén se podería dicir o mesmo do maltrato da muller ó home, que tamén existe, ou do maltrato a nenos ou a anciáns. Está claro que maltratar xamais é lei de vida nin o desexa o Deus en quen crea cada cal.
2. ***As persoas son agresivas por natureza.*** Agresivas sí, violentas non. Precisamente, os humanos mediante o uso da súa intelixencia e educación poden expresar a súa agresividade contida de forma que non dane nin a outras persoas nin así mesma. Ser violento é non poder controlar a agresividade nin saber como, cando e onde expresala sin danar a persoa algunha.
3. ***Maltratar consiste en golpear ou asesinar.*** Existen varios tipos de maltrato, o físico é visible pero o psicológico apenas o é. Émbolos dous son perigosos.
4. ***Elas provocan o maltrato.*** A violencia non é justificable. Xamais hai motivo algún para maltratar a outra persoa.

5. **Os homes que maltratan están enfermos.** Está demostrado que en menos dun 10% os maltratadores son psicópatas, na maioría dos casos son persoas que carecen de valores humanos e sociais e as súas conductas reflicten a devandita carencia.
6. **O Consumo de alcol ou outra droga son a causa do maltrato.** Incerto. Son poucos os homes alcólicos que son violentos coas súas parellas, de feito, quen maltrata a súa parella na intimidade non se amosa violento noutros momentos ou lugares onde tamén está ebrio. De igual xeito, moitos maltratadores non consumen alcol ou drogas en exceso. É mais, o seu consumo tampouco justifica a violencia.
7. **A muller non deixa a relación porque non quere, porque é masoquista ou porque realmente non é maltratada.** Deixar unha relación non é doado, aínda menos para unha muller maltratada que está destruída psicológicamente e é ameazada con matar os seus familiares, fillos e incluso a ela mesma no caso de separarse ou finalizar a relación. Tampouco é masoquista e disfruta dese maltrato, simplemente a súa indefensión aprendida é unha barreira difícil de superar. Ademais, o maltrato non é continuo senon se produce clínicamente, onde amor e violencia danse un paso un ó outro: primeiro “quérote”, logo insúltote, humíllate ou golpéote e, finalmente, pídoche perdón.
8. **Sólo son maltratadas as mulleres de clase social baixa.** Non sólo non é certo, senon que o maltrato máis difícil de erradicar é aquel que se produce en parellas de clases sociais altas. Si xa é difícil loitar contra o maltrato, aínda máis cando o home ten diñeiro e/ou é de recoñecido prestixio no seu traballo.
9. **Sólo as mulleres débiles son maltratadas.** Do mesmo xeito que non se rouba a unha persoa pobre, non se maltrata a unha débil. As vítimas son fortes e con moitas gañas de vivir. É precisamente esta forza e vigor vital a que é sustraída gradualmente durante o maltrato.
10. **Non hai tanto maltrato, estase esaxerando o tema.** Incerto. Cecaís hai que subir a un tren duascenas mulleres maltratadas e que unha rede organizada formada por maltratadores infiltren a varios deles para que se fagan explodir e asesinen a tódalas mulleres e diesen o tren feito añicos para que así, sexamos conscientes da gravidade deste tema.

Os dez mandamentos das vítimas de violencia de xénero son os seguintes:

1. Amarás a túa vida e a dos teus fillos porriba de tódalas cousas.
2. Denunciarás na comisaría a próxima agresión física e psicolóxica que sufras.
3. Non consentirás que él controle a túa vida.
4. Non deixarás que te insulte, que te faga crer que eres inferior a él.
5. Non crearás nin unha vez máis as súas disculpas e promesas de cambio.

6. *Convéncete de que si che pega ou te humilla, non te quere.*
7. *Non te sentirás responsable. Si te maltrata, o único culpable é él.*
8. *Escoitarás os consellos de familiares e amigos que che queiran axudar.*
9. *Buscarás a axuda profesional de psicólogos/as e traballadores/as sociais.*
10. *Creerás en ti mesma e no teu valor para refacer a túa vida.*

CONSEJOS BASICOS PARA MUJERES VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE XENERO

- *Seremos conscientes de que a muller vítima de violencia de xénero atópase a sí mesma incapacitada para rachar a situación de maltrato, posto que ten medo, baixa autoestima, sentimentos de culpa, poucos recursos económicos... O entorno é, en moitas ocasións a primeira táboa de salvación da vítima. Por este motivo o Concello de Xinzo de Limia, pon a disposición destas mulleres unha serie de recursos para facer fronte no entorno máis inmediato.*
- *No caso de recibir maltratos acude ó Centro de saúde, sin lavarte nin cambiarte de roupa, co certificado médico de lesións, no que se reflecten as feridas se as hai, o tratamento e o tempo que poidan tardar en curarse. Podes denunciar na Comisaría da Policía Local, na Comandancia da Garda Civil ou no Xulgado de Garda.*
- *Tanto si denuncias como si non, podes acudir ós Servizos Sociais e o Centro de Información á Muller do Concello de Xinzo, onde te informarán dos recursos existentes máis adecuados para a túa situación persoal.*

8.3.- ANEXO 3: PROGRAMAS E RECURSOS DIRIXIDOS ÁS MULLERES VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

1.- PROGRAMAS:

“Abramos ó Círculo”:

É un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio, financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, e dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas e violentas nas relacións coa súa parella, coa súa familia, co seu círculo social e desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.

O programa ofrece dúas áreas de atención:

- *Información*
- *Atención/intervención psicolóxica personalizada*

Obxectivo:

Ofrecer atención e terapia psicolóxica a homes que queiran aprender a resolver conflitos sen violencia e a comunicarse mellor coa súa familia e coa súa parella.

Requisitos para acceder ao programa:

O acceso é gratuíto e anónimo.

Persoas ás que se dirixe:

Homes con problemas de control da violencia que desexen:

- *Aprender a resolver conflitos sen violencia e a comprender a natureza da violencia*
- *Aprender a comunicarse mellor*
- *Relacionarse coas mulleres con respecto e igualdade*
- *Educar os seus fillos e fillas en igualdade*
- *Asumir hábitos positivos de relación e convivencia*

Xestionado por:

Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero

Atención e Asesoramento:

Teléfono: 630 170 140 de 10-13 horas e de 16-19 horas ou no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (Rúa da Espiñeira 10, baixo; 15706 Santiago de Compostela).

e-mail:copgalicia@correo.cop.es

Tamén na Secretaría Xeral da Igualdade: San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela. Tfno: 981 545 351.

“ Programa de Atención psicolóxica ás vítimas de violencia de xénero ”

As mulleres que sofren violencia de xénero teñen á súa disposición un programa de atención psicolóxica que lles axuda a afrontar a situación que sufriron e a reforzar a súa autoestima, ademais de ser un apoio na recuperación ou adquisición de habilidades e capacidades que lles permitan lograr a autonomía e a integración na vida social e laboral. Tamén as/os menores e persoas delas dependentes poden utilizar este recurso.

A través deste servizo ponse a disposición das vítimas de violencia de xénero unha rede de profesionais da psicoloxía, con formación específica, que de xeito gratuíto realizan a intervención máis axeitada para cada caso.

Obxectivo

O programa desenvólvese en colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e ten como finalidade ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a aquelas mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero ou doméstica, e complementariamente, a menores e outras persoas dependentes delas que teñan pasado pola mesma situación.

Prestación do servizo

O programa conta cun psicólogo/a coordinador/a e cunha rede de profesionais debidamente acreditados/as, que levarán a cabo a intervención profesional a que se refire o programa en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Requisitos para acceder

Acceso gratuíto e anónimo as 24 horas.

Atención e asesoramento

Teléfono 629 777 595 do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (Rúa da Espiñeira 10-baixo; 15706 Santiago de Compostela) .

Tamén na Secretaría Xeral da Igualdade: San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela. Tfno: 981 545 351

“ Programa de Fomento da Inserción Laboral das Mulleres Víctimas de Violencia “

Obxecto:

Fomentar a integración sociolaboral, a través das diversas medidas activas de emprego das mulleres vítimas de violencia que estean desempregadas.

Descrición:

As mulleres que se incorporen e consecuentemente, se beneficien do programa disfrutarán de:

a) Preferencia no acceso ós programas:

- *De mellora da empregabilidade, en concreto, ós servizos de orientación profesional e ós cursos de formación ocupacional.*
- *Ós mixtos de formación-emprego, a través da súa participación en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego.*
- *Ós de cooperación ou experienciais, a través dun contrato temporal de 12 meses de duración.*

b) Incentivos adicionais:

- *Para a súa contratación por conta allea.*
- *Nas distintas fórmulas de autoemprego.*

Beneficiarias:

As mulleres vítimas de violencia que, residindo na Comunidade Autónoma de Galicia, estean desempregadas.

Prazo de presentación:

As solicitudes de incorporación ao programa poderán presentarse durante todo o ano.

Orde de convocatoria:

Orde do 2 de maio de 2006 (DOG nº 89. 10 de maio).

2.- RECURSOS:

“Centro de emerxencia para mulleres vítimas da violencia de xénero”:

É un Centro da Rede Galega de Acollemento nos termos previstos na Lei 11/2007, do 27 de xullo para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, xestionado de maneira integral polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (adscrito á Consellería de Traballo e Benestar), e coa colaboración da Secretaría Xeral da Igualdade. Ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e as persoas delas dependentes, que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos e garantirlles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

Atención continuada e estancia máxima

O Centro de Emerxencia garante unha atención continuada ás usuarias todos os días do ano, incluídos os sábados, domingos e festivos.

A estancia máxima de permanencia do centro será de tres meses, e cumprido este prazo só se admitirá prórroga nos casos excepcionais, nos termos

Forman parte da equipa do CEMVI:

- Directora-coordinadora
- Avogada
- Psicóloga
- Traballadora social
- Educadoras sociais
- PSX (Persoal de Servizos Xerais)

Criterios de ingreso das usuarias e persoas delas dependentes

Admitiranse no centro de emerxencia as mulleres maiores de idade, vítimas de malos tratos físicos, psíquicos, económicos ou sexuais e as persoas delas dependentes que

requiran un aloxamento inmediato e urxente ou que carezan de recursos propios para afrontar a situación. En ningún caso se admitirán varóns maiores de idade.

Non se permitirá o ingreso no centro no caso de situacións de grave dependencia física e/ou psíquica.

Para ingresar no centro de emerxencia será necesario presentar unha solicitude por parte dos CIMs, dos servizos sociais do Concello no que residan ou da entidade onde se atopen, asociacións legalmente recoñecidas e rexistradas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, Forzas e Corpos de Seguridade ou servizos sanitarios.

Coa solicitude de ingreso, será necesario acompañar a documentación seguinte:

- *DNI, NIE, libro de familia ou calquera outro documento que acrediten a identidade da muller e das persoas dependentes*
- *Copia da denuncia presentada. No caso de non ter presentado denuncia, deberá interpoñela nas 72 horas posteriores ao ingreso.*
- *Orde de protección, no seu caso.*
- *Informe médico sobre as condicións físico-psíquicas da muller e persoas que a acompañen, así como a posoloxía da medicación, no seu caso; isto poderase suplir no ingreso provisional por unha declaración responsable da muller na que referirá as súas condicións físico-psíquicas e das persoas que dependan dela, e no seu caso, a medicación que toma.*
- *Informe do servizo ou asociación que fai a proposta de ingreso, no seu caso.*

Condicións especiais de acceso

As mulleres con problemas de drogadicción e/ou alcoholismo só poderán ingresar, logo da correspondente valoración, si están nun programa de deshabitación con seguimento terapéutico ou médico, debidamente acreditado por un informe do seu médico ou terapeuta. En ningún caso se permitirá a estancia no centro si existe un consumo activo de substancias e/ou alcohol.

As mulleres con trastornos mentais graves deberán acreditar, a través de informe psiquiátrico, que conservan unha capacidade funcional axeitada para a súa integración no centro. Non se permitirá o ingreso no caso de trastornos mentais graves en fase aguda, sintomatoloxía activa ou descompensada.

No caso de mulleres que padezan unha enfermidade infecto-contaxiosa, poderán ingresar sempre que acompañen informe médico no que se valoren os riscos que poidan existir para as outras persoas coas que conviva, así como a viabilidade das medidas e coidados que sexa necesario poñer en práctica.

No caso de mulleres que exerzan a prostitución será necesario que manifesten o compromiso de abandonar o exercicio activo da mesma durante a estancia no centro.

Ingreso provisorio

- *Logo da aceptación da solicitude da usuaria, tramitarase un ingreso provisorio de ata cinco días de duración, que ten por finalidade efectuar unha valoración psicosocial e elaborar un plan de intervención por parte da equipa de profesionais.*
- *Ademais neste ingreso provisorio comprobarase se se produce unha adecuada adaptación ao centro por parte da usuaria e persoas delas dependentes, e se existen as condicións físicas e psíquicas e de convivencia indispensables para permanecer no centro e garantir unha correcta atención por parte do equipo de profesionais e o benestar do resto das usuarias.*
- *Dentro do período de ingreso provisional, as profesionais do centro efectuarán unha valoración psicosocial; do resultado das súas deliberacións e acordos resolverase o ingreso provisorio ben:*
- *Coa saída do CEMVI e a derivación da usuaria a outro recurso máis idóneo.*
- *Co ingreso definitivo no CEMVI.*

“ Guía de Recursos Fronte a Violencia de Xénero para a poboación Inmigrante “:

A Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, no eido do programa 'Galicia acolle en igualdade', editou en cinco linguas a Guía de Recursos Fronte á Violencia de Xénero para a Poboación Inmigrante, que será distribuída a través das diferentes asociacións de inmigrantes en Galicia e que tamén poderán descargarse na Biblioteca desta web.

Estas guías foron editadas en romanés, árabe, francés, castelán e galego para conseguir romper as barreiras idiomáticas que, en ocasións, impiden a estas persoas solicitar axuda.

As guías están divididas por provincias. En cada unha delas aparecen os teléfonos de interese de cada concello, dende a policía, a garda civil, os servizos sociais, as asociacións ou centros de información as mulleres que hai en cada un deles.

Estas guías están inseridas dentro do programa 'Galicia acolle en igualdade', que foi o resultado do convenio de colaboración asinado, o 3 de novembro de 2009, entre a Secretaría Xeral da Igualdade, a Secretaría xeral de Emigración e a Asociación de Centros Homologados, para traballar conxuntamente en dar a coñecer á comunidade inmigrante a lexislación vixente, os recursos sociais existentes e os lugares a onde acudir no caso de seren vítimas ou coñecedores/as dun caso de violencia contra as mulleres.

Na iniciativa 'Galicia acolle en igualdade', téñense impartido obradoiros en distintas localidades das catro provincias galegas. Os homes e as mulleres que asistiron a eles recibiron nocións sobre o concepto de violencia de xénero, os recursos na comunidade autónoma galega nesta materia, os servizos de asistencia a mulleres vítimas de agresións e, máis en concreto, os dereitos específicos das mulleres inmigrantes que padecen violencia de xénero.

Esta guía veu a complementar toda esa información e convértese nunha boa ferramenta práctica, con toda a información precisa de todos os concellos galegos en materia de violencia de xénero.

“Guía de recursos para mulleres que sofren violencia de xénero”:

A guía que poñemos á túa disposición neste espazo é, fundamentalmente, unha axuda para as mulleres que sofren unha situación de violencia e, ao mesmo tempo, unha ferramenta de traballo para aquelas persoas que teñen contacto cotiá con esta realidade.

Aínda que as súas principais destinatarias son as mulleres, igualmente son público desta guía as familias, as e os adolescentes, o persoal técnico e político, en definitiva, a cidadanía en xeral.

Para facilitar o acceso á información que contén, optouse por unha estruturación comarcal que agrupe os recursos dos concellos, de xeito que unha muller poida saber a onde dirixirse con inmediatez para poder recibir asesoramento e atención coa maior calidade posible.

“ Punto de coordinación das ordes de protección ”:

En Galicia estableceuse no ano 2004 o Punto de Coordinación de Ordes de Protección (PCOP) adscrito ao Servizo Galego de Igualdade (Secretaría Xeral da Igualdade), que leva a cabo o seguimento das ordes de protección das mulleres vítimas de violencia, realizando as xestións oportunas ante as diferentes administracións para facilitarlle o acceso aos recursos existentes e ofrecerlles un marco integral de protección.

Desde o momento en que o PCOP recibe as ordes de protección, ou calquera outra medida xudicial de carácter cautelar, inicia un contacto coa beneficiaria a fin de informala do procedemento que se vai seguir, os recursos de que dispón e, a comprobación de que as ditas ordes ou medidas se cumpren correctamente. No suposto de que existan quebrantamentos, se lle informa da canle a seguir para interpoñer a correspondente denuncia. A usuaria é informada tamén, se así o desexa, doutros trámites xudiciais como pode ser a separación ou o divorcio, custodia de fillos/fillas, etc. Por tanto, unha vez recibida a orde de protección, orde de alonxamento ou outra medida, iníciase o contacto coa vítima para, coñecendo a súa situación persoal e as súas propias necesidades, informala do recursos asistenciais e de protección social existentes que pode solicitar.

“Vivendas de seguridade para vítimas de explotación sexual e trata”:

A Secretaría Xeral da Igualdade é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponden, entre outras, competencias relativas á xestión das políticas autonómicas en materia de igualdade de xénero, loita contra a discriminación por razón de sexo, igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia de xénero.

O artigo 29.3 de Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes recolle a obriga da Xunta de Galicia na loita contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos que teñan como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha

intervención integral que permita a prevención, detección, atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

Por outra banda, o artigo 47.1 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero establece que os centros e servizos que conforman os recursos de asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero teñen como finalidade básica achegarlles axuda e asistencia directa ás mulleres e ás persoas delas dependentes, e apoialas na procura de solucións dos conflitos que derivan da violencia.

Dende a ratificación por España do Convenio do Consello de Europa sobre a loita contra a trata de seres humanos e en relación coa expedición dun permiso de residencia a nacionais de terceiros países que sexan vítimas, prexudicadas ou testemuñas na trata de seres humanos, que poidan cooperar ou colaborar coas autoridades competentes, recóllese a obriga de prestarlles unha atención integral, recoñecéndoselles un período de reflexión establecido en 30 días e durante o que terán garantida a subsistencia, asistencia social e xurídica.

Froito de senllos convenios de colaboración asinados en 2009 entre a Secretaría Xeral da Igualdade e dúas entidades de iniciativa social, estas entidades, que xa contaban con dispositivos destinado á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata no que se lles presta acollida, axuda e asistencia directa, integran nos seus dispositivos unha vivenda de seguridade, destinada a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación dun espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades competentes.

3.- PROFESIONAIS QUE OFRECEN OS SEUS SERVIZOS A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA.

1.- Avogados e Procuradores:

- *A muller vítima de violencia de xénero e agresións sexuais, independentemente dos seus recursos económicos, pode dispoñer gratuitamente dun servizo de información e asesoramento xurídico en todo tipo de materias (civil, penal, administrativo, laboral), prestado por avogados especializados, dirixíndose á sede do Colexio Oficial de Avogados de Ourense.*
- *A muller vítima de violencia de xénero ten dereito á asesoramento xurídico gratuito, dirixíndose ó Centro de Información á Muller de Xinzo.*
- *Pódese solicitar a través do Colexio Oficial de Avogados (Servizos de Orientación Xurídica) asistencia xurídica gratuita a través dun letrado en turno de oficio (sempre que a vítima non teña medios económicos para poder pagalo).*
- *A súa finalidade é que no momento no que a muller vítima de violencia de xénero interpoña unha denuncia, xa sexa ésta ante a Policía Local, Garda Civil ou ante o Xulgado correspondente, dispoña dun avogado/a especializado/a na defensa das vítimas de violencia de xénero que a asesorará dende ese momento e que a defenderá en xuízo. O/A*

letrado/a informará á muller das consecuencias de solicitar unha orde de protección.

- *O/A avogado/a asistirá á vítima no procedemento penal como acusación particular en tódalas instancias, así como en tódolos procesos que teñan causa directa ou indirecta na violencia padecida; a súa vez advertirlle que, de non serlle recoñecido con posterioridade o dereito á asistencia xurídica gratuita, deberá abonar o seu cargo os honorarios correspondentes.*

2.- Psicólogos.

En relación coa violencia de xénero, os profesionais plantexarán as súas actuacións e prioridade de obxectivos terapéuticos tendo en conta:

- *O tipo de terapia: terapia de convencional; terapia de emergencia ou crise; intervencións de prevención.*
- *Intervención psicolóxica-convencional: esta intervención terá como obxectivos básicos os seguintes: avaliación, diagnóstico e tratamento de secuelas psicológicas derivadas da violencia en mulleres e en menores no seu caso; adaptación socio-laboral no mercado de traballo das mulleres maltratadas. O profesional fomentará as terapias dos grupos de autoayuda. O/a Psicólogo/a deberá elaborar un informe co diagnóstico, tratamento e recomendacións. A vítima, o agresor e o/a menor, a través do seu representante legal, poderá solicitar copia do seu informe.*
- *Intervención psicolóxica en situacións de emerxencia e crise: para casos de emerxencia e crise por razón de xénero, o profesional desprazarse ó lugar onde se lle solicita e atenderá á muller e ó menor que lle acompañe, se procede no prazo máis breve posible.*
- *O Psicólogo/a terá como obxectivos fundamentais os seguintes: reducir a ansiedade; controlar o bloqueo emocional e cognitivo asociado á situación de crise. O/a Psicólogo/a realizará un informe que inclúa o diagnóstico psicológico, as actuacións aplicadas e as orientacións pertinentes.*
- *Intervención psicolóxica para a prevención da violencia de xénero: un psicólogo/a poderá realizar actuacións de prevención da violencia de xénero dirixidas á poboación en xeral ou a sectores de risco. Traballaranse os seguintes contidos básicos: actitudes para a igualdade de trato entre os xéneros; ideas distorsionadas sobre relacións interpersoais entre mulleres e homes; atribución de roles sexistas.*

8.4.- ANEXO 4: INFORMACIÓN QUE É ACONSELLABLE OFRECER Á VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

1. *Existencia de recursos sociais de axuda a mulleres vítimas da violencia de xénero.*
2. *Posibilidade de solicitar produtor/a e avogado/a de oficio especializado/a na materia con carácter inmediato.*
3. *Contido do artigo 464 do Código Penal: pena dun a catro anos e multa de seis a vinte catro meses para o que pretenda influir naqueles que participan de forma directa ou indirecta nun proceso.*
4. *Posibilidade de presentar demanda de separación ou divorcio (art. 102, 103 e 105 do Código Civil).*
5. *Posibilidade de presentar solicitude á Autoridade Xudicial de “Medidas Previas” que preceden á demanda de separación ou divorcio. Para presentar este escrito non fai falta a intervención dun avogado/a e procurador/a (si ben a actuación posterior á solicitude requirirá asistencia técnica e representación), e se pode interesar que, con carácter urgente, o xuíz adopte medidas destinadas a uso da vivenda, custodia dos fillos, pensión provisional a satisfacer a cargo do agresor mentres se tramita a demanda de separación ou divorcio. Unha vez adoptadas estas medidas quedarán sin efecto si, dentro dos trinta días seguintes a súa adopción, non se presenta a correspondente demanda de separación ante o xuíz competente.*
6. *Existencia de protección do patrimonio familiar e de protección persoal que poidese requirir, si así o dispón a autoridade competente. Concretamente de acordo co art. 544 bis da Lei de Enxuízamento Criminal, o xuíz pode interpor cautelarmente ó inculpado a prohibición de residir nun determinado lugar, de acudir a determinados sitios, de aproximarse ou comunicarse a determinadas persoas ou incluso o abandono do domicilio do presunto agresor, suspensión da patria potestade ou a custodia de menores, do réxime de visitas e o dereito á tenencia, porte e uso de armas.*
7. *Posibilidade de solicitar Orde de Protección de acordo co art. 544 da Lei de Enxuízamento Criminal, cando resulte unha situación de risco obxectivo para a vítima. A Orde de Protección confire á vítima da violencia doméstica un estatuto integral de protección, xa que nela poden concentrarse medidas de distinta natureza: **Penais:** desaloxo do agresor do domicilio familiar, prohibición de residir en determinada poboación, prohibición de que se comunique coa vítima e/ou familiares ou outras persoas, alonxamento... **Civís:** atribución do uso e disfrute da vivenda, garda e custodia de fillos, suspensión do exercicio da patria potestade, suspensión do réxime de comunicacións, vistas e estancias co pai, fijación de pensión de alimentos... **Sociais:** pódense adoptar as medidas de asistencia e protección social que se consideren oportunas.*

8. *A orde de Protección en vigor confire unha serie de dereitos: dereitos de contido económico, como axuda específica para mulleres vítimas da violencia de xénero con especiais dificultades para obter un emprego, A Renda Activa de Inserción, axudas para cambio de residencia, prioridade para o acceso a vivendas protexidas e residencias públicas para maiores. Dereitos laborais para as traballadoras e funcionarias, como redución da xornada, reordenación do tempo de traballo, cambio de centro de traballo con reserva do posto de traballo, suspensión da relación laboral con reserva do posto de traballo, extinción do contrato de traballo con dereito á prestación por desemprego.*
9. *Non se incumple o deber de convivencia si se abandona o domicilio familiar e se presenta no prazo de trinta días demanda ou solicitude de separación ou divorcio (art. 105 Código Civil).*
10. *Facilitarase información sobre o contido da Lei 35/1995, de 11 de decembro, de axuda e asistencia ás vítimas dos delitos violentos e contra a liberdade sexual.*
11. *A muller vítima de violencia de xénero, con medidas cautelares e para salvagardar a súa seguridade, pode solicitar o cambio de apelidos.*

8.5.- ANEXO 5: MODELO DE SOLICITUDE DE ORDE DE PROTECCIÓN.

DATA:	HORA:
-------	-------

ORGANISMO RECEPTOR DA SOLICITUDE

Nome do Organismo:
Enderezo:
Teléfono:
Fax:
Correo electrónico:
Localidade:
Persoa que recibe a solicitude (nome ou número de carné profesional):

VÍTIMA

Apelidos:	Nome:
Lugar /Data de Nacemento:	Nacionalidade:
Sexo:	
Nome do pai:	Nome da nai:
Enderezo ¹ :	
Teléfonos contacto ² :	
D.N.I. nº	N.I.E. nº ou Pasaporte nº

¹ No caso de que a vítima manifeste o seu desexo de abandonar o domicilio familiar, non se deberá facer constar o novo domicilio ó que se traslade, debendo indicarse o domicilio actual no que resida. Asimesmo, o domicilio non debe ser necesariamente o propio, senon que pode ser calquera outro que garante que a persoa poida ser citada ante a Policía o perante o Xulgado.

² O teléfono non debe ser necesariamente o propio, senon que poida ser calquera outro que garante que a persoa poida ser citada ante a Policía ou perante o Xulgado.

SOLICITANTE QUE NON SEXA VÍTIMA

Apelidos:		Nome:
Lugar / Data de Nacemento:		Nacionalidade:
Sexo:		
Nome do pai:	Nome da nai:	
Enderezo:		
Teléfonos contacto:		
D.N.I. nº	N.I.E. nº ou Pasaporte nº	
Relación que lle une coa vítima:		

PERSONA DENUNCIADA

Apelidos:		Nome:
Lugar /Data Nacemento:		Nacionalidade:
Sexo:		
Nome do pai:	Nome da nai:	
Domicilio:		
Teléfonos contacto:		
D.N.I. nº	N.I.E. nº ou Pasaporte nº	

RELACIÓN VÍTIMA- PERSOA DENUNCIADA

¿Denunciou con anterioridade á mesma persoa?	Sí ☐ Non ☐
En caso afirmativo, indique o número de denuncias:	
¿Sabe si a devandita persoa ten algún procedemento xudicial aberto por delito ou falta? Sí ☐ Non ☐	

¿Qué relación de parentesco ou outra ten co denunciado?

SITUACIÓN FAMILIAR

PERSOAS QUE CONVIVEN NO DOMICILIO		
Nome e apelidos	Data Nacemento	Relación de parentesco

DESCRIPCIÓN DE FEITOS DENUNCIADOS QUE FUNDAMENTAN A ORDE DE PROTECCIÓN³ (Relación detallada e circunstanciada dos Feitos)

¿Qué último feito lle impulsou a formular a presente solicitude?

¿Qué actos violentos ocorreron con anterioridade, fosen ou non denunciados?

³ No caso de que a solicitude de orde de protección se presente ante la Policía, este apartado poderá substituírse pola toma de declaración da persoa denunciante no seno do atestado.

¿En qué localidade ocorreron os feitos?

ATENCIÓN MÉDICA

Caso de ser lesionada, ¿foi asistida nalgún Centro Médico? Sí ☐ Non ☐

¿Aporta a vítima parte facultativo? Sí ☐ Non ☐

En caso afirmativo, únase unha copia do parte como anexo desta solicitude **X**

ASISTENCIA XURÍDICA

¿Ten vostede un/unha Avogado/a que lle asista? Sí ☐ Non ☐

En caso negativo, ¿Desexa contactar co servizo de asistencia xurídica do Colexio de avogados para recibir asesoramento?

Sí ☐ Non ☐

OUTROS DATOS DE INTERESE PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE PROTECCIÓN

- En caso de convivencia no mesmo domicilio da persoa denunciada ¿quere continuar vivindo no devandito domicilio cos seus fillos, si os houbese? Sí ☐ Non ☐

¿Quere que a persoa denunciada o abandone para garantir a súa seguridade? Sí ☐ Non ☐

- ¿Necesita obter algún tipo de axuda económica ou social? Sí ☐ Non ☐

- ¿Traballa a vítima? Sí ☐ Non ☐

En caso afirmativo, indique a cantidade mensual aproximada si a coñece:

- ¿Traballa a persoa denunciada? Sí ☐ Non ☐

En caso afirmativo, indique a cantidade mensual aproximada si a coñece:

- ¿Existen outros ingresos económicos na familia? Sí ☐ Non ☐

En caso afirmativo, indique a cantidade mensual aproximada si a coñece:

XULGADO Ó QUE SE REMITE A SOLICITUDE:

A RELLENAR POLO ORGANISMO NO QUE SE PRESENTA A SOLICITUDE

(Sinatura solicitante)

INSTRUCCIONES BÁSICAS

1. Non resulta imprescindible contestar todas as preguntas, aunque sí que é importante facelo.
2. Unha vez cumprimentada esta solicitude, debe entregarse unha copia á persoa solicitante, e o orixinal debe remitirse ó Xulgado de Garda da localidade, quedando outra copia no organismo que recibe a solicitude.
3. Si a vítima aporta parte médico, denuncias anteriores ou outros documentos de interese, uniranse como anexos da solicitude.

9.- REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.

9.- REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.

ALBERDI, I. y MATAS, N. (2002). *La violencia doméstica. Informe sobre los malos tratos a mujeres en España*. Colección Estudios Sociales. Madrid. Fundación La Caixa.

ALCALE SÁNCHEZ, M. (2000). *El delito de los malos tratos físicos y psíquicos en el ámbito familiar*. Tirant lo Blanch. Valencia.

ÁLVAREZ, A. (1998). *Guía para mujeres maltratadas*. Consejo de la Mujer de la Comunidad de Madrid. Madrid.

BARRAGÁN, F. y otros (2001). *Violencia de Género y Currículum. Un programa para la mejora de las relaciones interpersonales y la resolución de conflictos*. Aljibe, Archidona (Málaga).

BOLANCÉ, J. y LAIN, C. (Comp) (2002). *Violencia de Género y Coeducación. Grupo de Coeducación Hipatía*. Ayuntamiento de Córdoba. Córdoba.

BONINO, L. (1999). *Violencia de Género y Prevención: el problema de la violencia masculina en actuaciones sociopolíticas contra la violencia de género*. UNAF. Madrid.

COLEXIO OFICIAL DE DIPLOMADOS EN TRABAJO SOCIAL DE GALICIA (2008). *Violencia de Xénero e Servizos Sociais: unha visión integral. Revista Galega de Traballo Social*. Santiago de Compostela. Grafinova, S.A.

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA (2004). *1º Plan de Igualdade de Oportunidades das Mulleres da Limia (2005-2007)*. Ourense. Gráficas Cars.

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA (2007). *II Plan de Igualdade de Oportunidades para Mulleres da Limia (2008-2011)*. Ourense. Gráficas Cars.

CORSI, J. (1995). *Violencia masculina en la pareja. Una aproximación al diagnóstico y a los modelos de intervención*. Paidós. Buenos Aires.

CORSI, J. (Comp) (1997). *Violencia Familiar: una mirada interdisciplinaria sobre un grave problema social*. Buenos Aires. Paidós.

DELGADO MARTÍN, J. (2001). **La violencia doméstica. Tratamiento jurídico: problemas penales y procesales; jurisdicción civil**. Colex. Madrid.

DÍAZ AGUADO, M^a.J. **Guía de Buenas Prácticas para paliar los efectos de la violencia contra las mujeres y conseguir su erradicación**.

DÍAZ AGUADO, M^a J. y MARTÍNEZ ARIAS, R. (2001). **La construcción de la igualdad y la prevención de la violencia contra la mujer desde la educación secundaria**. Madrid. Instituto de la Mujer, colección Estudios, nº 73.

DOMINELLI, L. y MACLEOD, E. (1999). **Trabajo social feminista**. Valencia. Cátedra.

ECHEBURÚA et al. (1997). **Repercusiones psicopatológicas de la violencia doméstica en las mujeres: un estudio descriptivo**. Revista de Psicopatología y Psicología Clínica. Vol. 2.

ECHEBURÚA, E. y DEL CORRAL, P. (1998). **Manual de Violencia Familiar**. Madrid. Siglo XXI.

EDELSON, J. (1997). **Violencia doméstica, la mujer golpeada y la familia**. Gránica. Buenos Aires.

FEDERACIÓN MADRILEÑA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS (2002). **Propuesta práctica de intervención integral en el ámbito local contra la violencia hacia las mujeres**.

GÓMEZ, D.E.; EGIDO, A. e SABURIDO, X.L (1999). **Agresividade na Aula**. Santiago de Compostela. Edicións LEA.

GÓMEZ, D.E. y SABURIDO, X.L. (1997). **Salud y Prevención: alternativas desde la Evaluación Psicológica**. Santiago de Compostela. Edicións Sálvora.

GÓMEZ, D.E. y SABURIDO, X.L. (1997). **Salud y Prevención. Nuevas aportaciones desde la Evaluación Psicológica**. Santiago de Compostela. Universidade de Santiago de Compostela.

GUTIERREZ PASCUAL P. (Coord.) (1999). **Violencia contra las mujeres. Ámbito Social**. Junta de Andalucía. Sevilla.

HERNÁNDEZ MORALES, G. (2003). **Educación para previr la violencia de género. Guía para el profesorado de educación secundaria**. Santiago de Compostela. Servizo Galego de Igualdade. Xunta de Galicia.

LABRADOR, F.J.; RINCÓN, P.; DE LUIS, P. y FERNÁNDEZ-VELASCO, R. (2004). **Mujeres víctimas de violencia doméstica. Programas de Actuación**. Madrid. Pirámide.

LÓPEZ ARMINIO, M.J. (Coord.). (1999). **Tratamiento Penal de la Violencia Doméstica contra la mujer**. Universidad de Cádiz. Jerez de la Frontera.

LÓPEZ BELTRÁN, M.T.; JÍMENEZ TOMÉ, M^a J., Y GIL BENÍTEZ, E.M^a.(Eds.) (2002). **Violencia de Género. Actas del Congreso interdisciplinar sobre violencia y género**, T.II. pp. 177-183. Málaga.

LORENTE ACOSTA, M. (1998). ***Agresión a la mujer: maltrato, violación y acoso***. Granada. Comares.

MARTÍN ESPINO, J. (1999). ***Violencia sobre la mujer en el grupo familiar***. Colex. Madrid.

MARTÍN MARÍA, B.; FERNÁNDEZ DOYAGUE, A. e CHATO FRANCO, M. (2007). ***Defende os teus dereitos: Guía Práctica para mulleres que sofren violencia de xénero***. Madrid. Xunta de Galicia.

MARTÍN E. y MARTÍN, M. (2001). ***Las violencias cotidianas cuando las víctimas son las mujeres***. Instituto de la Mujer. MTAS. Madrid.

MARTÍNEZ NOVO, S. (1999). Aspectos jurídicos de la violencia doméstica en el ámbito civil. En ***Otra Frontera Rota. Aspectos jurídicos de la violencia doméstica. Comisión para la investigación de malos tratos a mujeres***. Enitema. Madrid.

NACIONES UNIDAS (1993). ***Declaración sobre la eliminación de la violencia contra las mujeres***.

NACIONES UNIDAS (1995). ***Declaración de Beijing y Plataforma de Acción***. Madrid. Instituto de la Mujer.

OLIVEIRA MALVAR, M. (Coord.) (2008). ***¿Estás pola solución ?. Proposta de recursos didácticos para a abordaxe da violencia de xénero no ámbito sanitario***. Santiago de Compostela. Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia.

SABURIDO NOVOA, X.L. (1997). ***Análisis y Evaluación de la Ira: un estudio transcultural a través del STAXI (Tesis Doctoral) (CD-ROW)***. Santiago de Compostela. Universidade de Santiago de Compostela

SABURIDO, X.L. e GÓMEZ, D.E. (1991). ***O Comportamento Agresivo na Mocidade***. Santiago de Compostela. Sotelo Blanco.

SOUTO, S. (2007). ***Aprendendo a previr a violencia de xénero***. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.

XUNTA DE GALICIA (2007). ***Guía de Actuación ante a Violencia de Xénero para as/os profesionais dos servizos sociais***. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia. Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade.

10.- ENDEREZOS DE INTERESE.

10.- ENDEREZOS DE INTERESE.

Secretaría Xeral de Igualdade
Edif.. Admtvo. San Lázaro, s/n
15.781 Santiago de Compostela
Tel: 981 545 660
e-mail: igualdade@xunta.es
Pax web: igualdadegalicia.org

Instituto da Muller
Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.
C/ Condesa de Venadito, nº 34
28027 Madrid.
Tel: 91 363 80 80
e-mail: inmujer@inmujer.es
Pax Web: www.inmujer.migualdad.es

Comité para a Eliminación da violencia contra a Muller Wiertz 60
14 Avenue des Nations Unies
1211 Geneve 10
Tel: (41.42) 9179000
Fax: (41-42) 9179016

Servizo de Atención á Muller 24 Horas
Avda. de Glasgow, 10
15008 A Coruña
Tel: 981 282 027 / 981 282 024

Colexio de Avogados de Ourense
C/ Concello nº 22

Unidade para a Eliminación da Violencia contra a Muller
Subdelegación do Goberno
Parque de San Lázaro, 1, 4ª Plant.
Tel: 988 75 91 73
Fax: 988 37 24 42

Delegación Territorial de Traballo e Benestar en Ourense
Camiño Prado Lonia, s/n
32872 Ourense
Tel: 988 38 60 86
Fax: 988 38 60 87

Parlamento Europeo Discriminación
1047 Buxelles
Tel: +32 (0) 22842005
Fax: +32 (0) 22307555
Páxina Web: www.europarl.eu.int/brussels
Paseo de la Castellana, 46
28046 Madrid
Tel: 914 364 747
Fax: 915 771 365
Páxina Web: www.europarl.es

Xulgado de 1ª Instancia do Penal de Xinzo de Limia
C/ Ladeira nº 5

32003 Ourense
Tel: 988 21 00 76 / 988 37 07 46
Fax: 988 37 09 62

32630 Xinzo de Limia
Tel: 988 46 23 63
Fax: 988 46 23 30

CIM de Xinzo de Limia
Casa da Cultura
C/ Curros Enríquez, nº 17
32630 Xinzo de Limia
Ourense

Servizos Sociais de A. Primaria
C/ Curros Enríquez, nº 15
32630 Xinzo de Limia
Ourense

Policía Local de Xinzo
C/ Curros Enríquez, nº 15
Tel: 626 998 060
Tel: 988 51 00 11
Fax: 988 51 00 12

Teléfono contra ó Maltrato
016
Teléfono de Atención á Muller
24 Horas.
900 400 273

Teléfono de Emerxencias
Para a Muller que sofre
Malos tratos.
Comisión de Investigación de
Malos Tratos a Mulleres
Tel: 900 100 009

Dirección General de la Mujer
Gestión de Centros de Acogida
a Mujeres Maltratadas.
Tel: 900 191 010

Habitación Disponible en Casos
de Violencia de Xénero.
Información: Concellería de
Igualdade e Benestar do Concello
de Xinzo de Limia.
C/ Curros Enriquez nº 17
32630. Xinzo de Limia-Ourense
Tel: 988 55 01 11 / 988 55 00 23
Poboación destinataria: Mulleres
víctimas de violencia, que se atopan
nunca situación de máxima urxencia
e en situacións especiais.

EMUME- Especialistas Muller-
Menor da Garda Civil.
C/ A Granxa s/n.
32.005. Ourense
Tel: 988 23 53 53

Mujeres en la Red
www.nodo50.org/mujeresred/
violencia.

Dereitos Humanos. Páxina para
Tratar os dereitos das Mulleres
Maltratadas e as medidas que
se deben tomar para abordar ó
problema.
[www.derechoshumanos.org/](http://www.derechoshumanos.org/Violenciacontralamujer)
[Violenciacontralamujer](http://www.derechoshumanos.org/Violenciacontralamujer)

Ministerio de Trabajo y Asuntos
Sociales
Asociación ANAR Nuestro Hogar
Servizo gratuito de escoita,
orientación e protección a
menores.
Tel: 900 202 010

Dirección General de la Mujer

Asociación de Mulleres Xuristas

Xestión de Centros de Acolloida
e Mulleres Maltratadas.
Tel: 900 191 010

APADEMA

Asociación en Defensa da
Muller Acosada.
Tel: 914 026 930

**Federación Española de
Municipios e Provincias (FEMP)**
Madrid. Comisión da Muller
Tel: 91 364 37 00

“Themis”.

Servizo de Asesoramento Xurídico
Gratuíto
C/ Almagro, 28
28010 Madrid
Tel: 913 084 304

**Asociación de Mulleres Separadas
e Divorciadas.**

C/ Santa Engracia 128, baixo B
28003 Madrid.
Tel: 91 441 85 55
Pax web: separadasydivorciadas.org
Servizo: asesoría xurídica,
Gabinete de Atención Psicolóxica

**E. LEUSIS. La ciudad de las
Mujeres en la red**
Pax. Web: www.e-leusis.net
Espacio con noticias, foro de
Debate, observatorio de saúde
Da muller, documentación,
Asesoría xurídica, asesoría
Sobre o emprego.